

**PROGRAMA ELECTORAL**

**ELECCIÓN MUNICIPAL 2011**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**PSdG-PSOE**

## INTRODUCCIÓN

### OS DEBERES, FEITOS. AS FORTALEZAS DA CIDADE

Durante os anos da expansión, fomos quen de fortalecer o proxecto urbano de Compostela, o que nos permite estar afrontando este período anos de crise en mellores condicións que outras áreas urbanas próximas.

**Primeiro**, Santiago é un proxecto ben planificado, con deseño a longo prazo, que permite evitar os custes da improvisación: están aprobados definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (2008) e o Plan Estratéxico da Cidade (2008); contamos cun Plan Estratéxico do Turismo, actualizado até 2015 e coa Programación Plurianual do Consorcio; cun Plan de Infraestruturas ou cun Documento Estratéxico de Sostibilidade...

**Segundo**, avanzamos decisivamente nas infraestruturas de conexión externa da cidade e na articulación dos espazos próximos, reducindo o lastre da perifericidade: a alta velocidade ferroviaria no eixo atlántico será complementada coa conexión coa meseta, prevista para 2015; o aeroporto de Lavacolla estará dotado neste ano 2011 dunha nova terminal con capacidade para mais de 4 millóns de viaxeiros, desenvolvendo o seu Plan Director; concluíuse ademais a autoestrada A-53, con Ourense. Melloramos as comunicacións terrestres con Lugo (coa construción da Autovía en marcha), a ría de Muros e Noia (Autovía a Brión e corredor, xa abertos) ou o interior da Provincia de Pontevedra (autovía á Ramallosa).

**Terceiro**, reforzamos o atractivo da nosa cidade, actuando sobre os seus equipamentos básicos e sobre a calidade de vida: consolidouse a oferta de solo industrial cos parques empresariais de Costa Vella, Boisaca e a ampliación do Polígono do Tambre, e a próxima abertura dos de Formarís e A Sionlla. Efectuouse unha extensa e fonda intervención nos espazos públicos urbanos, actuando en todos os barrios, e deuselle un pulo decisivo á humanización dun centro comercial e habitacional, o Ensanche; está moi avanzada a execución do saneamento integral da cidade e do entorno rural. A abertura do túnel de Galuresa beneficiará á circulación e á integración urbana da estación do ferrocarril.

**Cuarto**, consolidamos Compostela como destino turístico internacional e conseguimos mellorar nos parámetros de desestacionalización, perfil do viaxeiro ou cobertura xeográfica. Estamos gañando a aposta de facer da cidade histórica un centro vivo, que incorpora novos veciños, grazas a un programa de rehabilitación de edificios que xa ten actuado en máis dun 85% dos mesmos e

a unha coidadosa intervención nos espazos públicos. A actuación no antigo Banco de España permitirá enriquecer a oferta museística (Museo das Peregrinacións e da cidade); a rehabilitación da casa do Cabido mellorar a atención aso visitantes. O Xacobeo 2010 foi a confirmación de que inclusive en situación de fonda crise internacional e cunha administración autonómica pouco eficaz na promoción externa a cidade ten un potencial de atracción enorme e unha presenza no mundo que a visita do Papa non fixo máis que consolidar.

**Quinto,** afondamos na cohesión social da cidade. Coa abertura de novos parques e espazos de lecer; manténdoa como unha cidade segura e amable; cunha oferta cultural de calidade, extensa e asequible; cunha ampliación da oferta de vivenda de protección; coa inauguración de varias escolas infantís en distintos ámbitos da cidade; con programas de atención aos maiores e dependentes...

Polo tanto, completamos con éxito o reto de transformar a cidade, combinando as súas funcións universitarias e administrativas co desenvolvemento turístico e a condición de capital de Galicia; con novas implantacións industriais e a oferta de servizos especializados de alto nivel. Un planificado e coidadoso traballo de sutura interna, cun urbanismo de calidade e a procura do equilibrio social compatible coa construción dunha imaxe de marca internacional, ligada á condición de Patrimonio da Humanidade, de referencia cultural europea, de destino do Camiño Xacobeo, de sede dunha universidade pluricentenario.

## **AFRONTAR A CRISE, DISPORSE PARA A RECUPERACIÓN**

Estamos en tempos de dificultades. O contexto global de crise tamén impacta en Compostela, aínda que considerablemente suavizado en relación coa media galega ou española. Pero padecemos un elevado nivel de desemprego, moi agudizado por baixo dos trinta anos; unha desaparición de negocios ou empresas; ou un aumento das dificultades en moitas unidades familiares para chegar a fin de mes. O negocio turístico é moi sensible aos problemas económicos nos países de emisión de visitantes; as administracións (autonómica, universitaria, sanitaria, local) reducen as súas compras de bens e servizos, baixando a demanda local. As empresas exportadoras ven caer as vendas.

Esta situación, que reduplica o nivel de esixencia aos poderes públicos, prodúcese cando estes teñen menos recursos para atender as necesidades. Como as restantes administracións, tamén a local ten que facer un esforzo de eficiencia, austeridade e transparencia para tirarlle o maior partido posible aos menores recursos de que dispón. E unha acaída escolma de prioridades, para amolecer os efectos da crise, situándose a carón das persoas con dificultades; para tirar partido de toda a potencialidade da cidade para o crecemento

económico e o emprego; para manter as características definitorias da cidade (compacta, sostible, de calidade, cohesionada, segura,...), que reforcen o seu atractivo para a chegada de visitantes e novos veciños ou para a captación de proxectos empresariais.

Non é momento de esbozar proxectos custosos, para os que non existirán condicións ou recursos nos vindeiros anos. Éo para completar os que están avanzados, para dar sentido ao xa construído, para aplicar doses superiores de coñecemento e capacidade de xestión aos equipamentos, sistemas ou medios cos que contamos. É tempo para mellorar o *software* do proxecto urbano, e poñelo ao servizo das persoas que nela viven e os seus proxectos de futuro. Para facer dalgunhas das ameazas da crise unha fonte de oportunidades. Entre todos, e contando con todos, temos a posibilidade de construír un futuro mellor.

A consistencia do proxecto urbano esixe non deixar a ninguén atrás. Esforzarse máis que nunca para tirar partido das posibilidades que ofrece a escola. Preparar aos mozos e mozas para as tarefas que lles depara o futuro, outorgándolle unha nova oportunidade de formación aos que carezan de competencias válidas. Acompañar aos xa formados para que estean mellor preparados para procurarse un emprego ou para iniciar un proxecto. Impulsar as iniciativas que os emprendedores poñen en marcha. Asistir aos nosos maiores, con atención, con presenza próxima, con actividades que lles permitan manterse integrados socialmente e partícipes no devir común. Fomentar as oportunidades para os discapacitados, que merecen unha vida como os demais. Recuperar aos excluídos e marxidados.

Acadamos un alto nivel de calidade urbana e a saída da crise obríganos a manter un similar nivel de esixencia. O perfil da cidade é unha riqueza que debemos coidar, porque ten un valor social e económico, porque facilita a creación de emprego. Unha cidade equilibrada socialmente e polo tanto segura atrae visitantes e novos veciños. Unha cidade verde, sostible e san estimula a vivir nela. Uns espazos públicos de calidade son a máis prezada riqueza para aqueles que carecen doutra –pero tamén facilita a chegada de turistas desexosos de coñecelos-. Uns barrios coidados, amables e ben comunicados. Una oferta cultural variada e de alto nivel. Un patrimonio preservado e aberto. Todos eles son valores que nos definen, que nos fan sentirmonos orgullosos e sobre os que podemos construír un futuro mellor. Introducindo cambios e perfeccionando solucións. Tirando máis partido aos parques; favorecendo o uso das bicis; actuando para revalorizar novos espazos urbanos; impulsando o transporte urbano e metropolitano. Axustando o urbanismo comercial e as normas de mobilidade á necesidade de facer compatibles as funcións diversas da cidade.

Pero, sen dúbida, o elemento central dos próximos anos será a creación de emprego, a consolidación da base económica diversificada da cidade.

Até o de agora, a Compostela sucedíanlle fenómenos que, de xeito afortunado, sustentaban unha dinámica urbana: a masificación universitaria, a centralidade sanitaria, a sede da Xunta de Galicia e a expansión administrativa posterior, a consolidación do fenómeno Xacobeo, acompañado dun boom turístico...O concello de Santiago participou no deseño destes procesos, acompañounos e racionalizounos, conseguindo optimizar os seus efectos, en beneficio da cidade. Hoxe temos unha situación nova, propia de comunidades maduras: dependemos, no esencial, de nós mesmos. Da capacidade proxectiva, emprendedora, dinámica, da nosa sociedade. Tanto para afianzar novas ideas converténdolas en realidade, como para nun sentido colectivo, definir a dotación das infraestruturas e servizos que a cidade precisa, para obrigar ás distintas administracións a contribuír para a súa execución.

Nós dámoslles ao concello un papel central na organización das enerxías sociais que permitan acadar un novo estadio no desenvolvemento urbano. Un papel de liderado que obriga a organizar a participación social ao redor dos retos que a cidade se marca, a propiciar a madurez dos colectivos que compoñen a sociedade compostelá e dos axentes cívicos que os representan. Pero que tamén esixe ao concello a capacidade de concertar obxectivos e políticas coas restantes administracións. E a emerxencia cun orgullo compostelán que, partindo da condición de capital de Galicia e facendo valer os valores da cidade, permita afianzar unha acción política eficaz. Contaremos nos vindeiros anos coas condicións precisas para dar o salto a ese novo estadio. Un solo industrial preparado. Listas as conexións externas por estrada, ferrocarril ou ar. Unha imaxe internacionalmente difundida, asociada aos valores de calidade e saber facer. Unha poboación de alto nivel formativo. Trátase de organizar estes recursos para producir resultados en emprego, en creación de riqueza.

As especializacións funcionais que podemos denominar tradicionais non deben desprezarse. Polo contrario, debemos apoiarnos nelas para construír unha posición competitiva máis sólida. A USC terá que reinventarse, para ser viable e contribuír a converter Compostela nunha verdadeira cidade do coñecemento e a innovación. É ineludible acertar no deseño das titulacións e elevar a calidade da oferta educativa para captar novos alumnos; é imprescindible consolidar unha investigación de excelencia en campos como as ciencias biomédicas, os recursos e o medio ambiente ou a xestión do patrimonio, por citar só algúns, da que nazan empresas innovadoras que transformen a base empresarial da cidade. A USC está nunha encrucillada e debemos apoiála para convertela nunha institución de referencia na que a calidade e a proxección internacional sexan criterios esenciais. Debemos ver á Universidade como un activo estratéxico da cidade. A enorme sobre cualificación da poboación compostelá, a súa abertura ao mundo, o seu posicionamento na economía do coñecemento ten que envorcarse sobre o espazo do emprendemento e o emprego.

Isto inclúe ao mundo sanitario. Entre o Hospital Clínico Universitario, a Facultade de Medicina e o Campus Vida da USC está escondida unha oportunidade de futuro. Non só cumpre manter a calidade do nivel asistencial e docente. Cumpre construír unha trama que se proxecta na investigación e na innovación, que defina un dos vectores de crecemento da nosa cidade.

Transcendendo ao mundo universitario, pero cun pé nel, Compostela configúrase cada vez máis como unha cidade acolledora para a creatividade en diversos campos. Creadores do mundo da comunicación, da produción de contidos televisivos, da confección, das diversas manifestacións artísticas atopan unha atmosfera adecuada, orixinal e cosmopolita, con capacidade de abrirse ao exterior, sobre a que compre tamén edificar o futuro.

A recente especialización turística ten que resistir a dura proba da coincidencia dun longo período sen Xacobeo até 2021 e a continuidade dos efectos dunha crise global. A cidade ten que desprezar todos os seus encantos e acertar na súa estratexia de posicionamento exterior (máis cultural, máis moderna) para superar esta difícil circunstancia. A consolidación da Cidade da Cultura e a súa integración co espazo urbano son tarefas dos tempos que veñen. Novos recursos turísticos deben ser mobilizados, outros mercados interpelados, desenvoltas iniciativas imaxinativas de promoción. A conexión ferroviaria de alta velocidade coa Meseta, prevista para 2015, e a consolidación do aeroporto como referencia en Galicia son pezas esenciais.

O noso programa fai do desenvolvemento e diversificación da base económica, a partir das especializacións actuais, a clave para conseguir afianzar o proxecto urbano.

## 1. UN CONCELLO A CARÓN DAS PERSOAS

A actual conxuntura de crise converte aos programas que atenden as necesidades das persoas en máis necesarios que nunca. E os concellos son, pola súa proximidade, os mellores instrumentos para as políticas activas dirixidas á mellora do benestar social, do progreso económico e da solidariedade.

O noxo obxectivo é mellorar a calidade de vida da cidadanía, impulsando a igualdade, a participación e a convivencia cívica. E facelo nunha cidade concibida para as persoas, onde os espazos públicos sexan accesibles para todos e todas, que propicie o desenvolvemento cultural, social, cívico así como

a igualdade de oportunidades, onde a convivencia entre diferentes xeracións, cultural e de crenzas sirva para o enriquecemento da poboación.

A educación, a sanidade, a integración social, o emprego, o benestar social e a igualdade son os piares básicos da nosa política, destinadas especificamente a aqueles sectores da poboación que maiores problemas presentan: mozos, maiores, inmigrantes, mulleres e persoas con dificultades sociais, é por iso polos que o noso programa contemplamos programas e servizos propios para eles.

## **UNHA CIDADE INCLUSIVA**

As actuacións en materia de benestar social están orientadas polos seguintes principios: universalidade (promovendo a extensión do recoñecemento aos dereitos sociais e a máxima accesibilidade aos servizos que prestamos), a combinación de prevención, atención e integración, cooperación coas outras administracións e coas entidades asociativas para, traballando en rede, maximizar a efectividade das políticas sociais

### **ATENCIÓN Á DEPENDENCIA**

A Lei de Promoción de Autonomía Persoal e Atención á Dependencia constitúe un texto legislativo de gran valor no recoñecemento de novos dereitos e na expansión do Estado do Benestar. Pero tamén ten posto de manifesto a necesidade de buscar fórmulas que garantan a existencia dun funcionamento áxil, que busque a simplificación da burocracia, a axilidade na xestión, a humanización da atención. Cómpre reforzar as redes de colaboración entre administración e atopar un modelo de financiamento local que poida dar respostas ás expectativas que a cidadanía ten depositadas na prestación de servizos públicos.

Neste sentido, comprometémonos a:

1. Impulsar a coordinación dos servizos sociais e o sistema galego de benestar para favorecer un funcionamento áxil que simplifique o proceso burocrático e mellore a atención.
2. Revisar a actual normativa de servizos sociais a fin de dar resposta ao novo papel que asumen as diferentes administracións.
3. Impulsar un Pacto Local polos Servizos Sociais entre Xunta de Galicia, deputacións e concellos.

### **Medidas orientadas á prevención**

1. Programas de difusión: Potenciar un maior coñecemento social dos recursos e servizos ofertados para a atención das súas necesidades, a través da rede Compostela integra e paxina web do concello
2. Potenciar prácticas que favorezan unha vida activa e saudable: Elaborar o programa de Deporte adaptados, continuando coa instalación en parques de plataformas para o exercicio físico, adaptados a maiores e a nenos con diversidade funcional. Continuar co programa de avellentamento activo, impulsándoo no ámbito rural



## **PROMOVER UNHA CIDADE AMIGABLE PARA AS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL**

### **Favorecer a mobilidade, a accesibilidade e o uso da cidade por toda a cidadanía**

1. Elaborar un mapa de accesibilidade, para toda a poboación, en colaboración coas entidades implicadas, así como unha guía de accesibilidade, dispoñible por medios interactivos.
2. Elaborar unha Ordenanza de accesibilidade universal para garantir o uso de edificios, espazos e medios públicos por toda a cidadanía
3. Seguir coa adaptación dos edificios dos centros socioculturais e as restantes dependencias municipais. Entre outras medidas, mellorarase a sinalización visual e dotaranse de servizos sanitarios adaptados para facilitar o seu uso por persoas con diversidade funcional.
4. Impulsar a información adaptada para ás persoas con discapacidade sensorial impresos en Braille
5. Integrar as necesidades das persoas con diversidade funcional á hora de programar actuacións de reurbanización ou de actuacións en edificios municipais
6. Favorecer a progresiva incorporación das necesidades das persoas con diversidade funcional no sistema de transporte público, actuando sobre paradas e vehículos. Comezaremos polas liñas de maior demanda.
7. Completar o parque de taxis accesibles.

### **Mellora das condicións de habitabilidade e accesibilidade nos fogares nos que residen persoas con autonomía persoal reducida e diversidade funcional, para garantir a súa permanencia no seu entorno.**

1. Proseguir co Programa de Eliminación de Barreiras no Fogar, conseguindo axudas doutras administracións.
2. Continuar coa colaboración con entidades para facilitar a construción de vivendas que faciliten a vida independente, tanto por medio da cesión de uso dos pisos municipais para a aprendizaxe como, a través da achega de solo, facilitando a construción de edificios adaptados.

### **Favorecer a integración sociolaboral das persoas con discapacidade**

1. Fomentar o acceso ao emprego público municipal, incluídas as empresas, das persoas con diversidade funcional, cumprindo as cotas

legalmente establecidas, diferenciando entre discapacidade física e intelectual e establecendo probas adaptadas.

2. Valoración do emprego das persoas con discapacidade á hora de avaliar as ofertas presentadas para a concesión de servizos municipais.
3. Ter en conta a diversidade funcional nos programas de integración laboral e formación que promova o concello.
4. Incluír nos polígonos industriais de promoción municipal espazos para apoiar iniciativas sen ánimo de lucro que fomenten a integración laboral de persoas con discapacidade.

### **Outras medidas**

1. Crear unha comisión estable, de carácter transversal, para o tratamento das dificultades de integración das persoas con diversidade funcional, abordando de xeito consecutivo as solucións a problemas singulares con presenza dos responsábeis municipais de cada área.
2. Garantir a accesibilidade electrónica das persoas con diversidade funcional á administración municipal
3. Facilitar o lecer inclusivo, con acceso a programas culturais, deportivos e de ocio

### **PERSOAS MAIORES**

#### **Reforzar a oferta de dispositivos orientados á permanencia das persoas maiores no seu entorno.**

1. Impulsaremos un programa de Talón Restaurante para persoas maiores, en colaboración con aqueles establecementos que desexen adherirse a él, que permita ofertar un servizo de restauración a prezos bonificados para aqueles cidadáns que o necesiten. Este programa funcionará de xeito complementario, en condicións de cofinanciamento, a outras solucións xa en marcha.
2. Programa de acollemento interxeracional.
3. Reforzar el programa de axuda a domicilio, priorizándoo na asignación de fondos.
4. Por en marcha un programa de apoio a asociacións e entidades que prestan servizos de atención a persoas con autonomía persoal limitada e a cuidadores e cuidadoras.
5. Reforzar o Programa de actividades de apoio ao respiro familiar. Constitución de grupos de traballo e autoaxuda que reúnan, periodicamente, a

persoas cuidadoras para o intercambio de experiencias e a difusión de boas prácticas.

6. Aumentar o número de prazas en centros de día no concello con destino á atención de colectivos específicos, cedendo solo para as entidades xestoras e para a Xunta de Galicia. E impulsando novas formas de atención e cuidados nos centros socioculturais.

7. Reforzar nos Centros Socioculturais espazos para maiores como referentes para encontros, convivencia e tempo libre

### **Integración social dos maiores**

As persoas maiores representan case o 23% da poboación de Santiago, na maioría dos casos son persoas plenamente activas, son un potencial social e humano que ningunha comunidade pode permitirse o luxo de desaproveitar, por iso queremos establecer liñas de actuación, dende o concello, para que poidan encontrar alternativas adaptadas ás súas necesidades e que continúen achegando a súa experiencia para o desenvolvemento da nosa comunidade.

Pare iso continuaremos na elaboración de proxectos dirixidos a: mellorar a percepción social dos maiores:

1. Fomentar as relacións interxeneracionais, con especial incidencia nos programas liderados por maiores
2. Fomentar a formación en novas tecnoloxías, programa de formación en no manexo das TIC, da recuperación da memoria fotográfica da súa zona e xornal dixital do barrio
3. Promover a participación social dos maiores, integrándoo nos proxectos e actividades que realiza a concellaría, para a súa elaboración e asesoramento.

### **INCLUSIÓN SOCIAL**

En momentos de crise económica, os servizos sociais son unha ferramenta esencial, para paliar as diferenzas e dar solucións ás situacións de vulnerabilidade social daquelas persoas con menos recursos. Estes colectivos con necesidades específicas, vense especialmente afectados e requiren de política activas para a súa inserción social, axudas e programas para evitar a marxinação social.

Para adaptarnos á nova situación imos adecuar os programas, reestruturar as prestacións, co obxectivo de mellorar a eficacia e a eficiencia do servizo nun momento de axuste orzamentario.

Neste sentido, establécese un marco orientado a:

1. Prevención e atención a situacións de exclusión e apoio á integración normalizada das persoas e colectivos no seu marco sociocomunitario.
2. Integración sociolaboral das persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión social.
3. Atención das situacións de carencia ou exclusión no acceso a un aloxamento normalizado.
4. Integración e convivencia no marco comunitario.
5. Promovendo o traballo en rede entre as entidades que traballan na inclusión con colectivos específicos.

**Reforzar os dispositivos Municipais orientados á integración sociolaboral das persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión social.**

Reorientaremos o programa municipal de inclusión sociolaboral

Reforzaremos os programas de:

1. Alfabetización funcional de adultos
2. Preformación destinadas a aquelas persoas con baixa cualificación, baixas habilidades sociais, falta de motivación...
3. Formación para o emprego, en colaboración con outras concellerías e da oferta formativa doutras entidades e organismos
4. Itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral e de busca activa de emprego
5. Imos seguir estendendo a rede de inserción sociolaboral de Compostela integra, que se demostrou eficaz para rendibilizar os recursos existentes na cidade.

**Programa de acompañamento e realoxo para a inclusión social e comunitaria**

A vivenda é un factor importante nos procesos de inclusión social, pero por si mesma no é suficiente. A erradicación do fenómeno da infravivenda non remata ata que no se acade a integración das familias nas súas novas vivendas e contorno social. Por isto definimos unha metodoloxía de traballo, na que continuaremos afondado, que inclúa a totalidade do proceso de integración, desde a infravivenda a inclusión social

Para elo continuaremos e reforzaremos as medidas desenvolvidas no programa de realoxo:

1. Actuacións en materia de inclusión residencial en réxime de alugueiro, para unidades familiares como alternativa á ocupación dunha infravivenda
2. Inclusión de unidades familiares no programa socioeducativo municipal para a adquisición de pautas organizativo domésticas, traballo de responsabilización, convivencia social, inserción formativa-laboral
3. Seguimento e detección, das actuais infravivendas, para o realoxo dos seus inquilinos e peche o derrube das mesmas
4. Seguimento do coidado o deterioro das vivendas de promoción públicas ocupadas e asignación de medidas educativo familiares para o bo uso do espazo e do contorno
5. Mediación e intervención nos conflitos de veciñanza apercibidos nos diverso polígonos de vivendas, motivados polas diferenzas culturais o pola falta de adaptación de certas familias.

## **PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN FAMILIAR**

Sabemos que o mellor xeito de acadar a integración social e mellorar a vida das persoas é a intervención coas familias, co que se prevén a exclusión dos menores, fortalécese o tecido social e mellórase a convivencia.

A unidade de intervención familiar, creada nesta lexislatura, é unha unidade específica que se amosou eficaz para abordar as relacións intrafamiliares, así como para a atención a menores en conflitos. Comprometémonos a reforzar esta unidade así como programas que desenvolve:

1. Programa de intervención sociocomunitaria con familias
2. Posta en marcha de mesas de participación social para o deseño de estratexias locais de desenvolvemento comunitario
3. Obradoiros para a promoción integral das mulleres vinculados a intereses
4. Programa de Apoio as familias
5. Programa de educación familiar no fogar e intervencións comunitarias.

## **INNOVACIÓN E PRESENCIA SOCIAL**

Posicionar socialmente á Área Municipal de Benestar Social como un instrumento de mellora da calidade de vida dos cidadáns, mellorando as actuacións que promova unha percepción dos servizos sociais como un servizo de vocación integral e universal, impulsando á incorporación das Tecnoloxías da Información e Comunicación como recurso de difusión e comunicación actualizada dos servizos que presta a Área de Benestar Social coa cidadanía.

Para o que propomos:

1. Elaboración, da carta de servizos para as Unidades e Seccións que conforman a Área Municipal de Benestar Social.
2. Divulgación das accións e actividades que realicen as distintas Unidades da Área Municipal de Benestar Social, no espazo web destinado á Área de Benestar.
3. Difusión continuada das cartas de servizo, a través das instalacións da Área, e a través de actos de difusión en instalacións asociativas e outras. Prestarase unha atención especial á difusión no ámbito rural.
4. Estableceremos a historia única na área.

## **PARTICIPACIÓN**

### **Reforzar a estrutura de espazos de participación**

Establecer un marco formal de cooperación que garanta un aproveitamento máis racional daqueles recursos presentes no municipio así como unha corresponsabilidade dos distintos axentes sociais presentes no desempeño de políticas pactadas de Benestar Social:

4. Expandir as Comisiones de barrio
5. Reforzar os grupos de coordinación coas entidades que traballan na mesma área
6. Ampliación dos grupos da rede Compostela Integra.

### **Continuar cos mecanismos de apoio á acción das entidades sociais.**

Continuar e reforzar as políticas de equipamento de proximidade que proporcione os recursos e servizos necesarios para impulsar a participación social, fomentar o asociacionismo e a coordinación interasociativa; co obxecto de promover iniciativas que redunden nun maior nivel de benestar social no municipio.

1. Convenios coas entidades de acción social
2. Apoio ás entidades prestatarias de servizos no desenvolvemento das súas actividades..

### **Desenvolver programas de cooperación coas entidades sociais.**

Promover unha participación cidadá activa, reforzando as actividades de difusión, prevención e inserción desenvolvidas desde as organizacións sociais e o traballo do voluntariado, e buscando unha racionalización óptima dos recursos presentes no municipio nun marco de coordinación

1. Identificación de necesidades e programación de servizos, programas e actividades a desenvolver desde a Casa de Asociacións de Benestar Social, en apoio ás entidades usuarias da mesma.
2. Realización de actividades e programas en coordinación con as asociacións, destinando presuposto para a programación común

## **UNHA CIDADE MÁIS SANA E SAUDABLE**

A política sanitaria local debe fundamentarse nun Santiago habitable, na que se faga un uso axeitado dos recursos naturais: como é a mellora da paisaxe urbana, a calidade das zonas verdes, a calidade do aire, a redución da contaminación acústica, a mobilidade urbana sostible, etc. Neste sentido, consideramos que debemos integrar nas iniciativas de planificación urbana cuestións de saúde, dando prioridade ao desenvolvemento sostible e prestando unha especial atención á poboación en situación de pobreza e aos grupos máis vulnerables.

Creemos que é preciso que se impulse un ámbito urbano como espazo natural adaptado, marcando pautas que habiliten un modo de vida e de utilización do tempo que favoreza o benestar e a saúde. Tamén, debemos realizar actuacións para a detección e solución dos problemas relacionados coa contaminación ambiental, co mantemento dos contaminantes atmosféricos por debaixo dos límites marcados pola Lei, coa redución da contaminación acústica, coa mellora da calidade da auga, coa mellora da recollida selectiva de residuos, coa mellora da educación para a sensibilización ambiental e coa detección e mellora da contaminación por substancias químicas e biolóxicas en alimentos, medio, etc.

O actual goberno autonómico aplica un modelo sanitario que provoca a saturación das instancias sanitarios públicos, centros de saúde, hospitais, urxencias, recursos diagnósticos e terapéuticos. En concreto, nos dous últimos anos empeoraron na área de Compostela os indicadores asistenciais e aumentado as listas de espera cirúrxica e de consulta. A calidade na asistencia sanitaria foi un dos elementos identificadores da nosa cidade; e debe ser un compoñente principal da súa boa calidade de vida. Non debemos permitir retrocesos no nivel asistencial da área de Compostela e do seu buque insignia, o Hospital Clínico Universitario.

## **AS NECESIDADES EN MATERIA DE INFRAESTRUTURA SANITARIA**

Reivindicamos ante a administración sanitaria autonómica as seguintes estruturas e servizos básicos:

1. O reforzo da rede de Atención Primaria do municipio de Santiago de Compostela coa posta en marcha dos centros de saúde previstos en Galeras (Casco Histórico) e Conxo, para os que o concello xa puxo a disposición os terreos.



2. Un hospital de media estanza, para garantir que cando sexa preciso se efectúe unha rehabilitación e un adestramento nas habilidades básicas da vida diaria, despois de deixar o hospital de agudos e antes de retornar ao domicilio.
3. Un Plan de mellora da asistencia especializada para os hospitais da rede pública e vinculados, que permita reducir substancialmente os tempos de consulta e intervención cirúrxica.

## **AS ACCIÓNS EN MATERIA SANITARIA**

No ámbito das competencias especificamente municipais:

1. Priorizaremos o control sanitario do medio ambiente, tanto da contaminación como de actividades e espazos públicos. Instalaremos unha rede de medición da contaminación atmosférica, en liña coa normativa europea.
2. Fomentaremos os Foros ou Plataformas Sociais para concienciar sobre o uso responsable da auga, a eficiencia do gasto enerxético, o fomento da actividade física e a prevención do sedentarismo. Estes foros ou plataformas sociais desenvolverán actividades para crear unha verdadeira cultura de ambiente saudable.
4. Melloraremos a atención ás persoas con discapacidade, actuando nos distintos ámbitos que favorecen a súa integración (transporte, vivenda, inserción laboral, accesibilidade)..
5. Elaboraremos o Plan Municipal de Saúde.
6. Potenciaremos os programas de información e educación sanitaria e a presenza de información preventiva nos medios de comunicación locais para conseguir que os cidadáns se convertan en suxeitos activos de control sobre a súa propia saúde, co fin de motivar cara á consecución de hábitos e estilos de vida saudables.
7. Apostaremos polo fomento de estilos de vida saudables mediante a promoción da actividade física; o fomento do envellecemento saudable; o desenvolvemento de programas para mozos, co fin de diminuír o consumo de substancias tóxicas e a mellora da saúde sexual, fixándonos como obxectivo colaborar na redución dos embarazos non desexados e as condutas de risco de enfermidades de transmisión sexual.
8. Desenvolveremos o Plan de Educación para a Saúde nos centros educativos do municipio e afondaremos na idea de Escolas Promotoras de Saúde, dando participación aos profesionais de saúde da zona e asociacións de enfermos
9. Adoptaremos os Informes de Impacto en Saúde para todo tipo de intervención urbanizadora.

10. Desenvolveremos no ámbito das drogas accións de prevención secundaria destinados á detección precoz do consumo e á atención inmediata das súas consecuencias, destinadas tanto aos colectivos sociais máis desfavorecidos canto a aqueles grupos de risco que realizan un consumo non problemático de drogas. Tales accións, incluídas no Plan Municipal de drogodependencias, requiren unha axeitada coordinación coas áreas de xuventude e saúde.

11. Comprometémonos na prevención do alcoholismo xuvenil e no desenvolvemento de alternativas de ocio fronte ao seu consumo.. Atendendo as súas demandas, de máis pistas deportivas gratuítas, creando e fomentando lugares de encontro asociativos, formando educadores novos na promoción da saúde e en estilos saudables de vida.

12. Desenvolveremos os programas de fomento de hábitos de vida saudable para a xente maior, con programas de práctica deportiva e de actividades físicas para a xente maior; con programas de saúde e prevención de riscos; cos talleres de adestramento da memoria.

13 Desenvolveremos o Programa Thao- Saúde Infantil, para promover hábitos de alimentación saudábeis, educando e familiarizando aos nenos e nenas de xeito lúdico na boa elección dos alimentos así como estimular nos nenos e nenas o hábito da actividade física, non só deportiva, se non tamén os xogos activos e a participación lúdica e social.

## **EDUCAR PARA CRECER PERSOAL E SOCIALMENTE**

A educación é un dereito de cidadanía, exercido ao longo de todas as etapas da vida que resulta fundamental no desenvolvemento humano, cultural e social. E o territorio da cidade é un axente educativo de primeira magnitude que articula e xenera sinerxias entre os diversos ámbitos de socialización (escolas, familias, entidades, institucións, empresas ou medios de comunicación).

Reclamamos e traballamos polo recoñecemento da corresponsabilidade municipal na educación dos cidadáns para construír entre todos unha cidade culta e cohesionada. Compostela declárase cidade educadora e, polo tanto, asume un reto e unha responsabilidade de gran proxección social: estender as políticas educativas máis alá do marco escolar como un eixe transversal dentro do proxecto de cidade no que estamos empeñados desde hai moitos anos.

## **REFORMA E IMPULSO DO CONSELLO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN**

As políticas municipais teñen que permitir un papel máis protagonista dos cidadáns. Un protagonismo que lles axude a implicarse no proxecto de cidade. É intención do noso grupo promover un maior dinamismo do órgano de participación educativo municipal que se concrete nun proxecto que faga real a participación de xeito activo e corresponsable na toma de decisións que afecten á comunidade educativa de Compostela. Para o que debemos:

1. Reforzar a presenza da comunidade educativa compostelá, cunha representación das escolas infantís e a formación permanente de persoas adultas, así como ampliar a presenza doutras instancias educativas da cidade, máis alá da educación regrada: medios de comunicación, escolas de música, centro de formación e recursos, policía local, servizos sociais, asociacións de tempo libre e redes sociais.
2. Potenciar o papel das comisións de traballo, como xeito de dinamización do debate e o labor propositivo deste órgano municipal de participación.
3. Implicar ás instancias culturais e educativas da cidade (museos, bibliotecas, ONG, entre outras) co mundo escolar.

## **CREACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ESCOLARIZACIÓN**

A Rede Municipal de Escolarización é un instrumento de información e de xestión da escolarización en educación infantil, primaria e secundaria, para axudar ás familias no proceso de preinscrición e de matriculación nos distintos centros docentes da cidade públicos e concertados, coa pretensión de favorecer unha distribución equilibrada e coherente do novo alumnado que chega á nosa cidade e con necesidades educativas especiais.

A Rede Municipal de Escolarización:

1. Favorecerá a emerxencia dun marco de colaboración entre administracións
2. Informará sobre toda a oferta educativa de Santiago, con especificación dos niveis educativos impartidos e do correspondente número de prazas totais e vacantes.
3. Realizará un seguimento da realidade da educación en Compostela, co obxectivo de poñer a disposición da comunidade educativa toda a información que permita unha mellor planificación da educación.
4. Informará así mesmo das actividades complementarias e extraescolares e dos servizos escolares que ofrecen os centros e das cotas autorizadas e aprobadas, segundo corresponda, para estas actividades e servizos, así como do seu carácter voluntario.

### **A POSTA EN COMÚN DAS INICIATIVAS PEDAGÓXICAS**

Hai un longo traballo de programación educativa en materia de Patrimonio Histórico e Natural. Agora propoñemos como un necesario salto cualitativo para unha concepción ampla e global do noso patrimonio cultural, a creación dun FORO DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA que xunte ás institucións e ás entidades cidadáns que ofrecen actividades educativas, documentación e todo tipo de recursos para escolares, familias e para a cidadanía no seu conxunto.

Será unha nova oportunidade para procurar un maior encontro de iniciativas públicas e privadas de colaboración coa escola para a súa integración na realidade social de Compostela, favorecendo propostas que compartan recursos entre os diferentes centros de aprendizaxe e de acceso á cultura (centros de ensino dos diferentes niveis educativos, centros socioculturais, museos, clubs e agrupacións deportivas, empresas, asociacións, institucións). E tamén outra ocasión para colaborar na formación do profesorado; e dotar de novas ferramentas ás familias para mellorar a educación dos seus fillos.

1. Entre outras iniciativas, promoveremos un programa de orientación e apoio ao estudo, en colaboración coas ANPAS, que utilice os medios telemáticos.
2. Desenvolveremos unha oferta de programas de formación para as familias. Escolas de nais e de pais.
3. Desenvolveremos campañas respecto da corresponsabilización dos pais na atención e na educación dos fillos e das fillas.
4. Abriremos unha liña de consulta on-line sobre temas de interese que preocupen aos adolescentes, así como para as familias

## O REFORZO DA EDUCACION INFANTIL

Desde o goberno municipal socialista de Santiago unha das prioridades educativas acometidas foi a creación de centros de educación infantil.

1. Comprometémonos a continuar co incremento do número de prazas públicas neste nivel educativo, traballando coa administración autonómica para dotar de escolas infantís as zonas de O Castiñeiriño e Santa Marta.
2. Abrirase aos cidadáns a nova escola 0-3 de Meixonfrío-Salgueiriños, que permitirá aumentar o alumnado das escolas infantís xa en funcionamento (Conxo, As Fontiñas, San Roque, Tambre e Trasparlamento),
3. Darémoslle estabilidade a un Plan Educativo Integral en educación infantil, que rendabilice os recursos e proporcione valor engadido aos centros infantís, en colaboración se é posible co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e con empresas e colectivos, entre outros axentes sociais, para traballar en rede.
4. Poñeremos en marcha unha experiencia piloto de apertura en horario nocturno dunha escola infantil municipal dirixida a familias que, pola súa situación laboral ou especial, necesiten esta axuda (familias monoparentais, traballadores de turnos, gardas...).

## LOITA CONTRA AS EXCLUSIÓNS: EDUCACIÓN, INTERCULTURALIDADE E COHESIÓN SOCIAL

O traballo desenvolvido transversalmente polos servizos municipais ten que ampliarse tamén na loita contra todo tipo de exclusións nunha dupla perspectiva: dándolle ferramentas e elementos ás persoas e a cada grupo social para axudalos a saír da situación na que se atopan, así como o traballo sostido de todos para modificar as actitudes e os comportamentos da sociedade.

O noso compromiso pasa por unha maior transversalidade nas actuacións dos servizos municipais (nomeadamente, Servizos Sociais, Educación e Xuventude) e a coordinación coas asociacións e colectivos que traballan neste ámbito en Santiago e cos que xa temos posto en funcionamento diferentes iniciativas.

Desenvolveremos novas liñas de actuación que teñen que ver con:

1. Un traballo de colaboración entre os diferentes representantes políticos, económicos e sociais, así como dos medios de comunicación para a construción dunha imaxe social positiva e realista do feito migratorio e da diversidade cultural en beneficio da convivencia e a cohesión social

2. Campañas no ámbito da infancia e da xuventude sobre resolución de conflitos; novos xeitos de relación entre sexos e habilidades comunicativas; accións en prol da participación e a convivencia entre iguais.
3. Prevención dos riscos na infancia, as agresións a menores e a súa exclusión social.
4. Apoio a programas de colectivos e asociacións que traballan en Santiago con menores e adolescentes en situación de risco.
5. Apoio efectivo á tarefa educativa das familias en relación coa escolarización e a promoción dos seus fillos e fillas.
6. Reforzo dos Programas de lecer nos fins de semana e nos períodos vacacionais, dando continuidade á activa actuación do concello nesta materia ao longo dos anos .
7. Subscribir acordos de colaboración para un maior aproveitamento de instalacións distribuídas pola cidade (deportivas, bibliotecas, de asociacións de tempo libre, escolas rurais), que axudan á conciliación da vida familiar.
8. Dinamizar as accións dos servizos sociais, educativos e xuvenís para potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, aplicando iniciativas de apoio e prevención que eviten a marxinação e a exclusión e o mantemento de diferentes velocidades no acceso e o uso das TIC entre grupos sociais.
9. En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística e colectivos e empresas do sector, realizaremos programas de formación lingüística para inmigrantes, así como outras accións en prol da súa integración.
10. En colaboración cos servizos sociais reforzaremos os programas de
  - Prevención do absentismo e fracaso escolar. Demandaremos da administración autonómica que facilite unha oferta formativa específica, de capacitación para ao emprego, aos mozos que rematan ESO sen continuar os estudos e sen inserción no mercado laboral. E que poña en marcha programas de segunda oportunidade, para formación para o emprego de mozos e mozas adultas con escasas competencias profesionais.
  - Aulas de Capacitación curricular para persoas xoves con necesidades de retomar o seu itinerario curricular despois do abandono temperá do mesmo.
  - Obradoiros para o ocio educativo vinculado a intereses: espazo musical, elaboración de curtas, adquisición de habilidades nas tic, grupos deportivos.
  - Expandir a mais barrios o programa educación de rúa.

- Impulsar a participación da mocidade.

## FORMACIÓN PROFESIONAL

Compostela conta cunha boa oferta formativa no terreo profesional, bastante diversificada, pero no contexto actual de crise económica e do emprego é necesario mellorar a conexión do sector educativo co sector produtivo de Santiago para favorecer unha axeitada inserción dos mozos no mercado laboral, apostando pola cualificación profesional e a procura de novas oportunidades de ocupación. Os centros de formación profesional regrada, ocupacional, de educación de adultos, de ensinanzas de réxime especial (centros para discapacitados, de artes plásticas e deseño, de música, a Escola Oficial de Idiomas); os centros de formación das organizacións empresariais e sindicais, as academias de idiomas, de informática e de novas tecnoloxías, deben ver incrementados as posibilidades de difusión da súa oferta formativa para que cada vez máis persoas conciban a formación permanente como un elemento esencial para mellorar as súas oportunidades de ocupación.

1. Con esta perspectiva, propoñeremos no seo do Consello Municipal de Educación o establecemento dun instrumento de coordinación de toda a oferta formativa de Santiago que asegure a súa difusión e accesibilidade, creando unha Comisión de Traballo da Formación Profesional no seo do Consello Municipal de Educación.
2. O uso da rede municipal local de Internet será unha das iniciativas que aumente a operatividade e a conexión entre todos os axentes formadores.
3. Impulsaremos, tamén, de acordo coa Administración Educativa e os axentes sociais, a coordinación da oferta formativa profesional da cidade e as oportunidades de colaboración entre o mundo laboral e o sistema educativo, reclamando a implantación de novos ciclos formativos daquelas familias que presenten unha mellor perspectiva laboral, como é o caso do turismo, o mantemento de servizos á produción, a sanidade, o sector agroalimentario, as novas tecnoloxías, as comunicacións, entre outros.
4. Traballaremos, conxuntamente coa administración educativa e os equipos de dirección dos centros, para estender a cando menos dous centros de FP máis o programa de viveiro de empresas, que xa foi posto en marcha nun dos institutos da cidade.
5. Insistiremos diante da Xunta de Galicia sobre a necesidade de dotar de novos espazos, coa calidade requerida, á Escola Oficial de Idiomas, que permita atender a enorme demanda existente. A posta a disposición de

terreos na Avenida de Bilbao, que xa realizou o concello, debería permitir atender esta demanda da sociedade compostelá.

## **PLAN DE MODERNIZACIÓN DOS CENTROS DE ENSINO DE EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA PARA SANTIAGO**

O *Grupo de Traballo sobre Concellos e Educación en Galicia*, integrado polas sete cidades de maior poboación, trasladou de forma reiterada á Xunta de Galicia a necesidade de regular o mantemento, funcionamento e reparacións dos centros escolares públicos do xeito máis preciso e homoxéneo posible, determinando as obrigas de concellos e administración autonómica.

1. Propomos que a FEGAMP acabe por concretar esta negociación deste marco estable.
2. Continuaremos a traballar de forma coordinada coa Consellería de Educación para actualizar e modernizar a rede escolar de Santiago.
3. É indispensable unha planificación da actualización e modernización das infraestruturas educativas, que ten que desenvolver a Consellería de Educación de acordo co concello de Santiago: renovación e mellora dos sistemas de calefacción para unha mellor eficiencia enerxética; mellora do illamento térmico e acústico; comedores escolares; viabilidade dos novos sistemas de ensino baseados nas tecnoloxías da información e a comunicación; dotación e adecuación do equipamento ás novas necesidades educativas, por citar algunhas.
4. Centraremos as nosas demandas nos centros máis antigos (por riba dos 30 anos)

## **OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA A CONCILIACIÓN PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL. PROGRAMAS E SERVIZOS DE APOIO Á ESCOLA.**

1. Seguiremos a apoiar, dentro das competencias municipais, os programas existentes que facilitan a compatibilidade entre actividade laboral de pais e nais e a escola, como Madrugadores ou Comedores Escolares. Demandaremos da Xunta de Galicia a súa implicación para que poidan manterse estes programas, substituíndo cando sexa preciso ás ANPAS no seu labor.
2. Seguiremos desenvolvendo a campaña de animación á lectura, elemento de transformación e de igualdade social. Reforzaremos todo tipo de accións en prol da animación á lectura e a promoción do libro, garantindo a Campaña anual de animación á lectura, o Premio Internacional “Compostela” de álbumes ilustrados, así como outras propostas de colaboración coas bibliotecas escolares.



3. Poremos en marcha a ludoteca das fontañas, facendo viable a xestión do equipamento.
4. O Centro de interpretación do medio rural da Portela será o lugar escollido para a programación de actividades de extensión escolar e contacto coa natureza.
5. Impulsaremos a educación musical reforzando a Escola Municipal de Música, buscando a colaboración co Auditorio de Galicia, a Banda Municipal e a Rede de centros de educación musical con que contamos na cidade.
6. Manteremos os programas educativos de apoio á escola (Educación ambiental, para a paz e a solidariedade, viaria e de autoprotección, afectivo-emocional e sexual, en linguaxes artísticas,...) Realizaremos campañas de fomento de actitudes respectuosas co noso medio. Difundiremos o patrimonio histórico da cidade co reforzo do programa de educación patrimonial “Vivir Santiago de Compostela”, así como con propostas de colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago e outras institucións e colectivos da cidade que traballan neste ámbito.
7. Programa de lecer cultural e social, que ten por obxectivo ofrecer alternativas para o tempo libre, promovendo a sociabilidade das persoas, establecendo espazos e momentos de relación social, axudando á integración das persoas, utilizando a cidade e os seus recursos, no que se inclúen en diferentes épocas do ano propostas xa moi estabilizadas: nadalxogo, ferradura aberta, escola de verán de inglés; outras escolas de verán; campamentos; clubs; actividades culturais de música e de teatro; exposicións.
8. Seguiremos traballando para garantir un acceso seguro aos equipamentos municipais, especialmente aos centros educativos. Un Plan de seguridade viaria que favoreza os desprazamentos dos escolares.
9. Continuaremos creando zonas de xogo infantís seguras, co obxectivo de manter espazos de relación interxeracionais.
10. Colaboraremos coas entidades que traballan no ámbito da cultura popular en Santiago.

## **A CIDADE EN FORMA**

Cada vez máis o deporte é un dos vectores de organización da sociedade. Nunha cidade conflúen os practicantes ocasionais, os habituais por libre, os clubs que estruturan o deporte afeccionado, ás diversas idades, os clubs de elite, e a todos debe prestar atención o concello. Existen proxectos deportivos con diverso grado de fortaleza ou madurez; existen diversas institucións que manteñen infraestruturas ou favorecen a práctica do deporte, sendo a máis importante a USC, a carón do propio concello. Os tempos son de escaseza de

recursos, o que obriga a un esforzo para tirar partido do que xa existe, colaborando entre as administracións e coa sociedade civil. A racionalización das estruturas de xestión existentes, procurando unha maior integración, será unha ineludible esixencia.

Neste sentido, debemos xestionar as infraestruturas municipais para ampliar a práctica do deporte, establecendo asemade un marco de acordo coa USC que facilite a incorporación de feito das súas instalacións como unha oferta aberta aos cidadáns. Temos tamén que levar os deportes aos espazos públicos verdes. É preciso, ben por medio dos programas municipais ou a través da acción dos clubs, reforzar a práctica deportiva amateur, consolidando as estruturas existentes e incorporando a novos segmentos da sociedade. Estas dúas accións son absolutamente prioritarias. Pero a cidade conta con clubs de élite cos que compre colaborar na medida das posibilidades para que sirvan de imaxe exterior de Compostela e actúen de estímulo e soporte para a extensión das prácticas deportivas.

## **INFRAESTRUTURAS**

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Impulsaremos unha instalación deportiva en Santa Marta que complemente a oferta existente en Santa Isabel e Multiusos do Sar, con fórmulas de colaboración público privada. Esta iniciativa está condicionada á captación de recursos procedentes do ámbito privado para a realización do investimento.
2. Impulsaremos a instalación do Centro da Auga na zona de Monte do Gozo-Aríns, como unha oferta novidosa, complementaria da existente. De novo, esta iniciativa está condicionada á captación de recursos procedentes do ámbito privado para a realización do investimento
3. Seguiremos modernizando os Pavillóns polideportivos da nosa Cidade, cun programa a varios anos que priorice os máis antigos ou con maiores deficiencias.
4. Dotaremos de desfibriladores ás instalación de maior aforo e afluencia
5. Promoveremos o uso dos parques como espazos para a práctica do deporte. Dotaremos aos parques que aínda non o teñen dun espazo para a realización de exercicios ximnásticos pola terceira idade.
6. Impulsaremos unha colaboración estable coa USC en materia de deportes, que permita tirar o maior partido posible para os cidadáns de Compostela dos recursos humanos e físicos de que esta dispón, articulando as fórmulas de xestión que garantan a súa sostibilidade. Apoiaremos á USC para obter os terreos en Poza de Bar destinados a instalacións deportivas.
7. Estudaremos coas asociacións representativas a posibilidade de destinar terreos para instalacións deportivas en Polígonos Industriais, para fomentar a práctica do deporte aos traballadores dos mesmos.

8. Promoveremos circuitos seguros para a práctica deportiva da bicicleta:
- Unindo os diferentes parques da cidade por medio de camiños de uso ciclable: Parque da Almáciga- Cidade da Cultura; Salgueiriños- Xardín Botánico
  - Utilizando os tramos dos Camiños de Santiago
9. Promoveremos o uso durante o fin de semana do Monte Pedroso como espazo seguro para a práctica deportiva e de lecer, mellorando o seu acceso peonil e en bicicleta, e aillándoo do tráfico de vehículos de motor.
10. Promoveremos espazos para probas de atletismo de campo a través, de descenso libre en bicicleta e de BMX (Monte do Gozo, Monte Pedroso)

### **PROGRAMAS DEPORTIVOS**

Comprometémonos ás seguintes accións:

11. Fomentaremos a utilización de espazos públicos xa existentes, como os centros socioculturais ou os centros escolares, para programas que combinen deporte e saúde, dirixidos a colectivos específicos (terceira idade, discapacitados,...)
12. Fomentaremos as escolas deportivas de aprendizaxe de deporte minoritarios (artes marciais, ciclismo de descenso, bádminton, tenis de mesa, ....)
13. Fomentaremos especificamente a práctica deportiva en colectivos con dificultades especiais.

### **COLABORACIÓN COS CLUBES**

Comprometémonos ás seguintes accións:

14. Asesoraremos desde o servizo municipal de deportes aos clubs da cidade nas distintas fases de tramitación de petición e xustificación de subvencións ás administracións públicas así como na procura de recursos materiais, humanos e económicos.
15. Estableceremos un marco definido de axudas aos clubs referentes da cidade, que valore a súa aportación ao deporte de base (categorías inferiores, programas deportivos,...)
16. Colaboraremos coas diferentes federacións deportivas para desenvolver cursos que permitan que todos os adestradores e educadores sexan titulados
17. Promoveremos a realización de cursos de primeiros auxilios e de prevención de riscos médicos aos clubs da cidade

### **INFORMACIÓN**

Comprometémonos ás seguintes accións:

18. Fomentaremos a difusión da programación deportiva da cidade a través da páxina web municipal

19. Potenciaremos unha Gala do deporte compostelán, na que serán premiados os mellores clubs e deportistas do ano

20. Potenciaremos a chegada a Compostela de eventos deportivos de primeiro nivel dentro do panorama nacional e internacional

## **A CIDADE A ESCALA HUMANA: A XESTIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE**

Os últimos anos a mobilidade dos nosos cidadáns estase a converter nun dos aspectos fundamentais a atender polos gobernos locais, cos criterios de globalidade, aposta pola sostibilidade, transversalidade e inclusión social. Partimos dunha clara xerarquía da mobilidade onde o peón e a bicicleta supoñan os primeiros nas prioridades do noso concello seguidos de preto polo transporte público tanto urbano como metropolitano. Por todo iso creárase unha estrutura de goberno onde todas as áreas implicadas na materia manterán un nexo común.

O concello elaborou un ambicioso plan de mobilidade, no que a totalidade dos axentes sociais implicados participaron. Hoxe é xa un plan de consenso cun obxectivo claro, que é o de facer da nosa cidade un lugar máis comfortable, saudable e sostíbel.

Durante os catro últimos anos, as novas infraestruturas encamiñáronse claramente cara unha mellora da calidade de vida, as beirarrúas anchas permiten que os modos brandos, principalmente o peón, poidan desenvolverse con tranquilidade e confort na cidade.

No tocante ao transporte público colectivo en autobús, e tras lograr nas últimas lexislaturas unha rede de transporte urbano áxil e adaptada ás novas necesidades da cidade, pecháronse acordos con varias empresas operadoras para poder afianzar servizos que dependían de concesións administrativas autonómicas, e por tanto atopábanse fora do ámbito de control do concello. O concello asinou contratos con todos os operadores implicados para que desta forma os veciños de Aríns, Villestro, A Peregrina e Grixoa poden gozar dun servizo nas mesmas condicións que o urbano. Con todo iso o novo PMUS de Santiago de Compostela, aporta cambios na rede de transporte urbano que aplicaremos en aras dunha mellora substancial da cobertura da nosa rede e do aumento da velocidade comercial.

Tres son os piares fundamentais nos que traballaremos:

1. Información, coa ampliación da actual rede de postes informativos de paso por parada, mellora e concreción da información do transporte urbano por liñas, e outros sistemas
2. Fiabilidade, para o que, utilizando as novas tecnoloxías aplicadas ao novo SAE (Sistema de Axuda á Explotación), marcarase o tempo de paso en cada unha das paradas.
3. Potenciación do uso do transporte urbano. Seguimos a traballar na renovación e modernización tanto da flota de transporte coma das tecnoloxías

que incorpora, como proba o novo sistema de billetaxe e o Sistema de información ao usuario.

## MOBILIDADE URBANA

Baixo estes propósitos propomos as seguintes accións:

1. Potenciación do sistema de transporte individualizado en bicicleta,
  - aumentando a rede de puntos de aluguer,
  - realizando o plan director da bicicleta,
  - ampliando notablemente e sinalizando as zonas 30: as vías de sentido único englobadas no noso casco urbano, pasarán a ser zonas 30, coa intención de favorecer a convivencia de modos motorizados con modos brandos.
  - potenciando as “vías de estar”, como espazo de convivencia para o vehículo particular e a bicicleta, poñendo deste xeito a bicicleta como o segundo chanzo da mobilidade na cidade. As vías de estar, son un paso máis para un maior convivencia entre o vehículo privado e os peóns e bicicletas; nas vías de estar xerarquicamente falando son os peóns e as bicicletas quen teñen un maior peso. Na nosa cidade xa existen estas vías aínda que o peso delas no conxunto viario da cidade é mínimo, polo que ampliaremos considerablemente o seu ámbito.
2. Promoción do uso do coche compartido, en colaboración cos outros concellos da comarca, nos gandes centros atractores de tráfico, incluíndo un instrumento específico na web municipal.
3. Promoción da mobilidade mediante vehículos eléctricos, para o que se procurará a instalación de “electrolíneas” no ámbito urbano, en colaboración con outras administracións.
4. Asegurar a fiabilidade do transporte público informando do paso exacto por cada parada. Un novo SAE (Sistema de Axuda a Explotación) permite un control e coñecemento da realización do servizo moito maior, para saber en distintas situacións e circunstancias a que hora vai a pasar o autobús por cada parada. Progresivamente, contaremos cunha información máis exacta, colocando nas paradas máis representativas da rede os pasos exactos.
5. Incorporación de innovadores sistemas de información ao usuario:
  - Instalación de máis postes informativos de próxima chegada nas principais paradas da rede por número de usuarios. Comprometémonos a colocar cando menos 30 postes informativos ao longo do próximo mandato.

- Instalación a bordo dos autobuses dun sistema de aviso sonoro e visual da próxima parada en cada caso, en 11 unidades.
  - En definitiva a aplicación das novas tecnoloxías aplicadas ao transporte, que se traduce en páxinas web máis accesibles, información dinámica...
6. Revisión viaria en función do Plan de Mobilidade Urbana de Santiago, dos traxectos das principais liñas do transporte urbano (L-1, L-5, L-6 e L-11), nas que se concentran o 61.45% dos viaxeiros, e estudando a súa preferencia en cruces, carrís exclusivos e outras actuacións de mellora, ao ser liñas que prestan servizo ao conxunto da cidade e da rede.
  7. Impulso ao carril bus por onde circulan unha boa parte das liñas urbanas, para mellorar a súa velocidade.
  8. Reordenación do sistema de liñas de transporte urbano para mellorar a coordinación con outros modos e cubrir demanda potencial non servida.
  9. Análise e mellora da sinalización da cidade, con especial atención aos aparcadoiros disuasorios, aparcadoiros soterrados, centros atractores e xeradores de viaxeiros, zonas de “convivencia” e zonas con pacificación do tráfico.
  10. Mellora na accesibilidade aos Persoas de Mobilidade Reducida no tocante ás infraestruturas de transporte.
  11. Completando a rede semaforica con sonido.
  12. Transformación dos principais pasos de peóns en pasos asimétricos, asegurando deste xeito a seguridade dos mesmos.
  13. Posta en marcha de campañas de educación vial na escola, que mellore os comportamentos futuros das nenas e nenos.
  14. Revisión da mobilidade no rural do municipio, estudando a implantación de sistemas de transporte á demanda ou circuitos con autobuses a varias zonas do rural, optimizando os recursos e mellorando o servizo existente.
  15. Mellora nas infraestruturas do transportes con especial interese nas marquesiñas rurais onde por parte da empresa municipal TUSSA, realizarase un seguimento continuado do estado das mesmas, realizando as tarefas de limpeza e mantemento necesarias para mantelas en un bo estado.
  16. Impulsaremos a unificación do esquema tarifario da ORA en toda a cidade. Ampliaremos as prazas reservadas para residentes.
  17. Fomentaremos a participación da empresa municipal TUSSA mediante a súa entrada en UTE ou nunha forma xurídica similar na explotación de novos estacionamentos subterráneos, podendo aliñar mellor a estratexia municipal sobre este tipo de explotacións. E seguir deste xeito coa política de aparcamentos de residentes. Avaliaremos ao longo do mandato a posibilidade

de iniciar a construción dun aparcamento no ámbito do Campus Sur máis próximo ao centro da cidade.

18. Potenciación dos aparcamentos de borde da cidade, mellorando a súa conexión por medio do transporte urbano, revisando a política de tarifas para facelo competitivo e procurando as ubicacións máis útiles.

19. Potenciación dos aparcamentos de borde da cidade, mellorando **a frecuencia e inmediatez da** súa conexión por medio do transporte urbano **co centro da cidade**, revisando a política de tarifas para facelo competitivo e procurando as ubicacións máis útiles.

20. Faremos desde TUSSA unha proposta para a reordenación da xestión do aparcamento do CHUS, que facilite o cumprimento da súa función de servizo aos usuarios e traballadores do hospital e permita mellorar o tráfico da zona.

21. Conversión do Ensanche nunha zona de estar, con prioridade para residentes e comerciantes nas vías de menor capacidade.

## MOBILIDADE METROPOLITANA

Santiago de Compostela en calidade de cidade cabeceira da súa área metropolitana, debe ter en conta esta circunstancia á hora de planificar a súa mobilidade, é por iso que propomos as accións seguintes:

1. Unha vez máis presentación á Xunta de Galicia do proxecto de creación dun Consorcio de Transportes na Área Metropolitana de Santiago de Compostela, que mellore o servizo coas seguintes funcións:

- Coordinación en materia de paradas, servizos e información de todos os servizos de transporte urbano e comarcal.
- Estudio e desenvolvemento das infraestruturas de transporte necesarias para unha óptima mobilidade.
- Integración destes servizos dentro do Sistema de Axuda á Explotación vía satélite existente na rede urbana, podendo así aparecer nos paneis de “próximas chegadas” e outras vantaxes tecnolóxicas para a calidade do servizo.

2. Nesta liña, traballaremos para a conformación dunha liña integrada de transporte urbano e interurbano entre Os Anxeles (Brión) e o Polígono do Tambre, que dea servizo a Bertamiráns, Aldea Nova, Roxos, Hospital Clínico, Campus Sur Universitario, Virxe da Cerca, Estación de Autobuses, San Caetano, Salgueiriños e Polígono do Tambre,

3. Proposta de creación de superficies de estacionamento disuasorio en orixe, é dicir, nos Concellos de orixe dos servizos metropolitanos, fomentando así o uso do transporte público cun custo razoábel do conxunto (incluso



estacionamento gratuíto mediante a presentación do título de viaxe validado ese mesmo día, o cal pode facerse dun xeito automático ao retirar o vehículo).

4. Proporemos ao organismo autonómico a necesidade de coordinar de maneira eficiente os servizos de transporte nas zonas rurais, máis alá dos actuais dereitos concesionais das empresas, e crear un novo marco que ben podería estar integrado no Consorcio que proporá o Concello de Santiago, acadando así a posibilidade de dotar dun maior número de servizos ao noso rural.

5. Traballaremos para optimizar a conexión con autobús desde o centro da cidade, singularmente as estacións de ferrocarril e autobuses, co aeroporto de Lavacolla, reducindo o número de paradas intermedias e aumentando a frecuencia, na liña de conseguir liñas de punto a cola. Teñamos en conta que será o medio de transporte público fundamental mentres non comece a funcionar o metro lixeiro previsto.

## A CIDADE SEGURA

### SEGURIDADE CIDADÁ

O papel do Goberno Local é esencial como garante da seguridade e o libre exercicio dos dereitos cidadáns. As políticas de seguridade teñen que ser entendidas como parte das políticas do Estado de Benestar. Na nosa perspectiva, son so elementos clave a atención prioritaria ás políticas de prevención, e a resposta integral e coordinada.

Pero non se trata só de diagnosticar problemas, o noso compromiso pasa por aportar solucións:

1. Traballar no fomento da mediación e da xustiza de proximidade nas súas diferentes vertentes: comunitaria, penal e familiar.
2. Fortalecer a coordinación coas Forzas de Seguridade, facilitando o intercambio de información, co obxecto de prever a delincuencia e mellorar a seguridade cidadá.
3. Potenciar a autoridade e asegurar os recursos a disposición dos axentes públicos.
4. Facilitar o achegamento dos Servizos de Seguridade Local á cidadanía, garantindo un canle directo de comunicación entre os cidadáns e a Policía Local, poñendo as novas tecnoloxías ó servizo dos cidadáns.
5. Potenciar o papel da Policía Local en materia de mediación social, en colaboración cos Servizos Sociais. Incorporación de expertos da Policía Local ó Servizo de Mediación Municipal.
6. Impulsar a renovación tecnolóxica dos Servizos da Policía Local, co obxectivo de facer unha xestión máis eficaz dos recursos, continuando co proceso iniciado nesta lexislatura. Os programas de xestión integral do servizo da Policía Local serán unha prioridade na próxima lexislatura, así como a evolución no sistema de videovixilancia e a modernización da central receptora de alarmas.
- 7.- Por en marcha políticas específicas dirixidas a loitar contra a pequena delincuencia, reforzando as competencias da Policía Local nas funcións de Policía Xudicial.
- 8.- Continuar coas políticas de control do ocio nocturno, para minimizar as consecuencias sobre os veciños/as da nosa cidade: control dos locais, control dos espazos públicos, atención os veciños.

## SEGURIDADE VIAL E TRÁFICO

A mellora da seguridade vial, o tráfico e a mobilidade son un obxectivo prioritario na nosa acción de goberno e un compromiso cívico, ético e político. As cidades seguirán crescendo, e con elas, a necesidade de desprazarse. A solución os problemas de mobilidade se transformaron nun dos grades desafíos ó que debe de enfrontarse as Administracións Públicas. O obxectivo é conseguir unhas cidades máis humanas, máis sostibles e máis seguras.

1. Continuar co desenvolvemento da Ordenanza de Residentes, para priorizar o uso do espazo de aparcamento en superficie polos residentes dos barrios.
2. Fortalecer a coordinación coas Forzas de Seguridade, co obxecto de prever a accidentalidade no tráfico, a través de controles conxuntos co C.N.P. e ca Garda Civil, reforzando a eficacia na prevención de accidentes
3. Desenvolver o programa “Zona 30”, co obxectivo de reducir a velocidade excesiva nas vías da cidade, para conseguir unha circulación máis segura, e reducir a accidentalidade “in itinere”. Aplicar este programa, que facilita a circulación en bicicleta e a utilización de transporte público alternativo, ao conxunto da zona urbana (rede local), interna ás vías de gran capacidade.
4. Potenciar a colaboración cos Centros Escolares, garantindo unha atención próxima a comunidade escolar, especialmente en materia de mobilidade e educación vial.
5. Substitución nos semáforos do tradicional sistema de bombillas, polo sistema LED. Deste xeito podemos chegar a aforrar o 80% do consumo eléctrico, incrementando ademais a seguridade no tráfico.
6. Poñer as novas tecnoloxías ó servizo dos cidadáns:
  - substituíndo o tradicional sistema de denuncias por “blackberry”
  - transmitindo a información de tráfico en tempo real a través das pantallas dixitais que a DXT instalou na cidade
  - instalando o sistema de foto roxo en cruces, evitando o colapso dos mesmos
  - mellorando o acceso ó Casco Histórico, a través do sistema de control de accesos
  - desenvolvendo o programa de xestión de atestados, que nos permite identificar os “puntos negros” de sinistralidade, e actuar na mellora da seguridade vial

## CONVIVENCIA CIDADÁ

En momentos de especial dificultade debemos reafirmar a nosa aposta por un espazo público de calidade, que garanta o equilibrio social e a cohesión

territorial. A convivencia cidadá é un eixe esencial a afrontar nunha cidade viva como Compostela, o que obriga a:

1. Aprobar unha Ordenanza de Convivencia Cidadá, que estableza os dereitos e deberes veciñais, e o uso dos espazos públicos, facilitando a compatibilidade dos diversos usos da cidade.
2. Traballar de xeito transversal entre as diferentes Concellarías; Urbanismo, Casco Histórico, Parques e Xardíns, Servizos Sociais, Umad, Participación Cidadá, con reunións transversais e periódicas.
3. Impulsar a colaboración cos axentes sociais implicados: asociacións empresariais, culturais, de comerciantes, a través dos Consellos Municipais e das Mesas sectoriais.

### **EMERXENCIAS: BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL**

Impulsar os servizos locais de emerxencia é prioritario nunha cidade como Compostela. Unha cidade viva, dinámica, que aposta polo desenvolvemento de solo empresarial, que crece día a día, demanda políticas preventivas de emerxencia. O obxectivo é conseguir unha cidade mellor preparada ante as emerxencias. As funcións dos bombeiros non debe de estar vinculada exclusivamente a apagar incendios. A prevención é un dos eixes fundamentais do seu traballo, e que é preciso potenciar.

1. Potenciar a colaboración cos Centros Escolares, garantindo unha atención próxima a comunidade escolar, como acción preventiva e educativa.
2. Impulsar a formación específica do Corpo de Bombeiros na protección do patrimonio histórico nos conxuntos monumentais, potenciando os exercicios e simulacros no Casco Histórico.
3. Fortalecer e complementar o Plan de Emerxencias Municipal cos Plans de Evacuación dos edificios e equipamentos municipais.
4. Colaborar co resto das Institucións e empresas da cidade en simulacros de incendios e implantación de Plans de Autoprotección.
5. Promover a elaboración de protocolos e plans de actuación dos Servizos de Emerxencias do Concello, afondando na coordinación de accións ante a situacións de emerxencia.

### **ACTIVANDO Á XUVENTUDE**

A xente nova está nunha situación paradoxal. Con mais capacidades que nunca pero limitada na consecución das súas aspiracións polas dificultades de atopar un emprego, xa non digamos estable, e polas barreiras para acceder a unha vivenda que permita concretar a emancipación. Ademais, conta con demandas específicas dirixidas ao ámbito municipal, para desenvolver a súa

creatividade ou para obter información no eido afectivo/sexual, entre outros exemplos.

O concello construíu equipamentos específicos e puxo en marcha programas e redes de intervención xuvenil para fortalecer as formas de expresión, comunicación e creación protagonizadas por mozos e mozas. Pero hai moitos outros ámbitos de carácter transversal (emprendemento, políticas activas de emprego, vivenda, etc.) nos que a mocidade debe ser necesariamente un suxeito principal, aínda que non único, da acción municipal.

Este apartado do programa recolle así algunhas accións específicas, que resaltamos, e remite ao tempo aos apartados temáticos nos que se desenvolven outros proxectos.

1. En primeiro lugar, un compromiso de manter e, na medida dos recursos, mellorar os programas de acción xuvenil que xa funcionan en Compostela: a oficina municipal de información xuvenil, os programas de fomento do voluntariado, as accións para a promoción e difusión dos grupos de música, os programas de prevención de drogodependencias e educación afectivo-sexual, os cursos e talleres en diversos ámbitos, o apoio ao asociacionismo xuvenil, o ocio alternativo (música, cine, skate e cultura urbana,...).
2. Reactivación do Centro de Información Xuvenil. O Centro nacerá coa vocación de converterse no espazo físico de referencia para a xuventude onde pode atopar reunida toda a información relevante que poidan necesitar. Formación, ocio, bolsas, traballo, vivenda, información psicosocial ou voluntariado europeo son algúns dos temas nos que os mozos e mozas demandan máis activamente, poden atoparse co problema de non saber a onde acudir. Esta cuestión resólvese coa agregación nun so punto de toda a información, relevante, veraz e actualizada das distintas administracións..
3. Apoio á Educación afectivo/sexual, que inclúa Talleres de sexualidade saudable para adolescentes. Ademais, levaranse a cabo accións, xunto coas asociacións de LGTB, en centros educativos para concienciar da diversidade afectivo-sexual, ca finalidade de erradicar as fobias a estes colectivos. O mesmo tipo de campañas levarémolas acabo en relación con temas de drogodependencia, alcohol, tabaco, sexualidade, educación viaria, violencia de xénero...
4. Asimesmo, comprometémonos a manter os espazos de uso dos mozos e mozas (centro xuvenil municipal de O Ensanche, o Local 10 para o ensaio de grupos musicais).
5. Ampliaremos estas infraestruturas co CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL. Este centro nace coa vocación de converterse nun referente da creación artística e cultural de Compostela. Conxugar nun só espazo a músicos, pintores, actores, fotógrafos, poetas,

deseñadores e xente que goza das artes en xeral é o xeito máis práctico de facilitar a creación de vangardas culturais a través da mestizaxe das súas inqedanzas creativas.

No Centro poderán recibir formación gratuíta, practicar ou expoñer as súas creacións nun entorno deseñado especificamente para eles con escenario apto para música ou teatro, con salas de gravación audiovisual e salas de ensaio nos que o ambiente diario é a creatividade. As novas tendencias educativas parten dunha aprendizaxe colaborativa nun ambiente relaxado onde cada persoa explora os seus intereses arroupado polo entorno e os compañeiros. A creatividade é o motor da innovación e a competitividade, e o centro pretende afondar e expandir os formatos de expresión artística para que a riqueza cultural de Santiago de Compostela se converta nun referente de dinamismo e multiculturalidade a nivel europeo do que os nosos mozos e mozas sexan os auténticos creadores. Será un espazo para a produción de creacións artísticas, no que a xuventude poida facer realidade os seus proxectos.

6. Asimesmo, fomentaremos que existan Espazos para actividades xuvenís nos Centros Socio-culturais de referencia (Fontiñas, Conxo, Vite)
7. Tamén existen programas de emprendemento cunha orientación específica para mozos (Crear V, programas de cooperación, cursos FIP) ou servizos xerais (de apoio a empresas, rede de cooperación local, etc.). Dentro da limitación de recursos existentes, comprometémonos a desenvolver programas adicionais, que permitirán mellorar as posibilidades de inserción laboral:
  - Un programa experimental de práctica en empresas para persoas en período de formación, que constitúa un primeiro contacto co mercado laboral. Fomentaremos ese tipo de experiencias nas empresas e departamentos municipais.
  - Nos meses de verán organizaremos escolas e campamentos vacacionais, ofertando actividades formativas e lúdicas que garantan a conciliación da vida familiar e laboral dos pais que traballan en períodos vacacionais e a continuidade dos hábitos de estudo dos alumnos. Así evitaremos que as vacacións se convertan nunha carga para as familias, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral e impulsando a formación e o emprego mozo. Nestes campamentos impartiranse clases de apoio para aqueles alumnos que o necesites, así coma cursos de idiomas, informática, lingua de signos... combinándoas con actividades deportivas e de ocio.
8. Ao tempo, demandaremos da administración autonómica unha atención especial a:

- Os programas de educación para adultos, dirixidos aos mozos menores de 35 anos sen estudos básicos vinculados á obtención do título de ESO
- Un programa de orientación laboral e educativa para os alumnos de segundo ciclo de Educación Secundaria. Dita orientación promoverá que os alumnos opten polas ramas educativas adecuadas as súas expectativas de futuro.
- Unha atención especial aos alumnos que rematan a ESO sen continuar os estudos e sen insertarse no mercado laboral, procurando a existencia de oferta de formación específica, práctica.

#### 9. En relación coa difícil cuestión do acceso da xuventude á vivenda propia

- Fomentaremos as vivendas en aluguer con acceso preferente para os moz@s e as persoas maiores sen recursos. Vivendas con superficie reducida e servizos comúns, con contratos a duración determinada.
- Poñeremos en marcha un portal mozo de aluguer, onde se anuncien vivendas que estean en aluguer, intentando fomentar a ocupación das vivendas desocupadas. Este portal, servirá así mesmo para poñer en contacto a moz@s que busquen compartir piso.
- Fomentaremos a existencia dunha bolsa de aloxamento alternativo, onde os moz@s poidan compartir vivenda con anciáns ou persoas discapacitadas.

#### 10. Outras accións:

- Poremos en marcha desde o concello e en colaboración cos centros educativos programas para a creación de hortas escolares ecolóxicas.
- Colaboraremos con outras administración na potenciación do transporte nocturno, os xoves, venres e sábados, para reducir o risco de accidentes.
- Estudaremos de novo as posibilidades do ocio alternativo ao consumo de alcohol, con fomento doutro tipo de actividades para os mozos e mozas.

### APOSTA POLA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

En Santiago de Compostela apostamos pola participación activa da cidadanía porque consideramos que é un factor indispensable para favorecer a identidade, a cohesión e a diversidade dos cidadáns/ás tomando parte activa nun progreso social e transformador de cidade.

Este proceso de transformación cidadá supón necesariamente adoptar ferramentas de traballo que leven a mellorar o benestar e a calidade de vida de todos/as. A mellor forma de facelo é a través de un tecido asociativo activo e participativo, que ten a cidade como referente e os intereses dos colectivos que representan como obxectivos claros para o traballo e a mellora social. Para lograr a participación queremos facilitar e implicar os cidadáns/ás en novas dinámicas de acción social, en procesos de debate e opinión activos para a

toma de decisións importantes para a cidade e é por este motivo polo que creamos a Concellaría de Participación Cidadá e a Casa das Asociacións na antiga estación de ferrocarril de Cornes.

## **ESTRATEGIAS E PROCESOS DE ACCIÓN**

Os socialistas composteláns conscientes da existencia de cambios cuantitativos e cualitativos na oferta pública local, tanto no que se refire ás temáticas abordadas, como á poboación destinataria propoñémonos abarcar amplos eixes temáticos, á súa vez transversais, traballando cara ao aumento da utilización das novas tecnoloxías, promoción da saúde, ocio, medio ambiente, igualdade, creación, etc., para ofrecer unha programación incluínte e atractiva para todos os sectores sociais e todas as idades e contribuír ao desenvolvemento dunha imaxe de cidade activa, pacífica, innovadora e saudable. Para isto trabállanse procesos e estratexias como a identidade, a diversidade e a cooperación

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Espazo dixital asociativo, proxecto que ten como misión a promoción entre as asociacións do coñecemento e uso das novas tecnoloxías (TIC) co fin de que aprendan a deseñar, desenvolver e xestionar redes sociais para alcanzar os seus obxectivos.
2. Continuaremos coa tarefa de ampliación do portal dixital de asociacións. Este portal será un instrumento inigualable que lle permitirá a todo o entramado asociativo manter visibles e actualizadas as súas propostas.
3. Propoñémonos aumentar o nivel de alfabetización dixital con talleres e cursos sobre a utilización e manexo das ferramentas informáticas e as novas tecnoloxías .
4. Fomentaremos o novo tecido asociativo, facilitando instrumentos, guías para a creación de novas asociacións e espazos de encontro cidadán e de encontro asociativo
5. Compostela, cidade mediadora. A través do programa de mediación de conflitos cidadáns Compostela, cidade mediadora queremos contribuír á construción dunha cidade máis harmónica, nun mundo de convivencia pacífica. O Centro de Mediación da Casa das Asociacións de Cornes debe consolidarse como un verdadeiro espazo para a resolución pacífica de conflitos cidadáns.
6. Traballaremos por un concello máis cercano aos cidadáns, activando políticas que permitan o achegamento e visibilidade do labor das distintas concellarías e accións do goberno municipal
7. Activaremos a participación, apoiando o desenvolvemento a difusión e a participación activa da cidadanía nos distintos plans municipais como o de



Igualdade ou o de Mobilidade, os consellos municipais, as comisións cidadás, as axendas locais e outros..

8. Facilitaremos a conciliación laboral e familiar, apoiando e propoñendo accións e programas que faciliten a conciliación laboral e familiar así como o Banco do Tempo.
9. Traballaremos por mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas, promovendo actividades lúdicas, rutas de sendeirismo, bailes de maiores, talleres de cociña saudable, debates e encontros cidadáns e de colectivos con expertos en saúde, etc.
10. Promocionaremos a acción multicultural, favorecendo unha relación dialóxica coas asociacións de inmigrantes, difundindo a súa cultura e colaborando en encontros, mostras, etc.
11. Activaremos e manteremos vivas as nosas tradicións, apoiando as festas dos distintos barrios composteláns e a celebración do San Xoán, Magosto, Entroido, etc.
12. Aumentaremos o Fondo de Recursos e facilitaremos a xestión das subvencións destinadas ás asociacións veciñais
13. Recoñecemento á participación. Continuaremos co labor de recoñecemento público a asociacións e persoas que traballaron polo asociacionismo compostelán.
14. Propiciaremos a participación activa da cidadanía nas actividades culturais da cidade, con novos programas de ocio e tempo libre propiciados desde a propia concellaría de participación cidadá..
15. Fomentaremos a acción voluntaria organizada, apoiando a creación das asociacións e entidades que traballen en campos moi concretos e desenvolvendo distintas labores. Prestarase unha atención especial á acción voluntaria que emerxe nos estratos sociais moi localizados (xuventude, maiores.....).
16. Implicarase aos empresarios da nosa cidade no apoio destes movementos sociais que contribuen a un mellor desenvolvemento social do municipio. E tamén aos medios de comunicación locais na acción solidaria, para que se fagan maior eco da inxente tarefa que se está a desenvolver por parte das entidades do voluntariado da nosa cidade, e adicar parte das suas programacións a difundir a tarefa que realizan estas entidades e que tan importante é para o desenvolvemento comunitario

## **CONSOLIDACIÓN DA CASA DAS ASOCIACIÓNS COMO ESPAZO DE ENCONTRO E RELACIÓN**

Sede dunha concellaría de recente creación, o edificio, presente na memoria dos composteláns, rememora a primeira liña de ferrocarril de Galicia; o uso común das súas instalacións axuda a identificala como un territorio propio.

O edificio acolle non soamente os colectivos asociados da cidade, o rexistro de asociacións ou a aula informática, senón tamén os veciños/as que demandan información, necesitan un espazo de reunión ou acoden ao Centro de Mediación.

Este espazo é unha aposta máis do compromiso dos socialistas coa participación e queremos que se consolide como un lugar común de encontro e relación veciñal.

## COMPROMISO COA IGUALDADE

1. Promoveremos cambios de estereotipos sociais con cursos e talleres nas asociacións veciñais, nos centros socioculturais ,etc, para homes e mulleres nos que se evidencie que a influencie de estereotipos sociais e aínda unha realidade. Seguiremos potenciando os cursos de cociña para homes e de realización de tarefas domésticas de xeito que estes desenvolvan habilidades non habituais que axuden a conciliación.
2. Continuaremos coa tarefa e o debate sobre o reparto do tempo, e os horarios da cidade a través das entidades empresariais, asociacións e colectivos de todo tipo para que cada vez se impliquen mais co uso do tempo e este vaia mais de acorde coa corresponsabilidade e a conciliación familiar, laboral e persoal.
3. A través do Centro de Información a muller (CIM) elaboraremos e difundiremos unha guía de recursos para mellorar a situación da muller en Compostela que permita un achegamento das políticas de formación e emprego existentes, así como as de detección de situacións iniciais de violencia de xénero creando itinerarios de derivación e intervención.
4. Continuaremos potenciando servizos como o de canguros, o respiro de mulleres que coidan a dependentes posibilitando o coidado por outras persoas ou axuda a domicilio, así como as actividades para nenos/as en tempos de vacacións como os campamentos de inmersión lingüística en granxas escola , Nadal xogo ou o de custodia de nenos/as en horario non escolar para que as mulleres poidan dispor de tempo.
5. Daremos visibilidade as mulleres con actuacións que permitan dar a coñece a traxectoria persoal e profesional de moitas mulleres que son exemplos de superación con actos formais de recoñecemento público, exposicións itinerantes do seu arte, encontros con mulleres de relevancia pública e política e sobre todo de cara a aquelas que estean mais illadas como as mulleres do rural ou as inmigrantes, facilitando encontros, dando a coñecer a súa cultura ....
6. A saúde psíquica e física das mulleres debe ser potenciada tamén desde a administración local , promoveremos en este sentido campañas sobre alimentación equilibrada, fomento do deporte e o sendeirismo , prevención do tabaquismo ou alcohol, elaboraremos guías que desmitifiquen situacións “normais “ de saúde das mulleres como a menopausia, dismenorrea ou a fibromialxia .
7. Colaboraremos coas asociacións e colectivos que traballan na mellora das condicións das mulleres que poidan sufrir unha dupla discriminación como as

mulleres de etnia xitana, inmigrantes, vítimas de malos tratos, en situacións de exclusión social, ou en situacións de anorexia, etc facilitándolles espazos de traballo na casas das asociacións de Cornes ou na de servizos sociais, apoiando as súas accións e divulgando o seu traballo.

8. Facilitar o acceso das mulleres as novas tecnoloxías con cursos específicos utilizando a rede de aulas informáticas dos centros socioculturais e das casas das asociacións.

9. Difundir entre o empresariado os beneficios que supón a contratación de mulleres novas e maiores de 45 anos , así como da normativa das mulleres que traballan no servizo doméstico.

## UNHA CIDADE COOPERADORA

Compostela, que é unha cidade aberta ao mundo, non pode ser allea ás situacións de pobreza extrema ou de máxima precariedade en comunidades e países enteiros. O tristemente famoso exemplo do terremoto en Haití que arrasou por completo un país que carecía da fortaleza institucional e pública suficiente para canalizar as axudas e para desenvolver a reconstrución, pon o énfase na necesidade de fortalecer as estruturas sociais, comunitarias, institucionais e produtivas coas que contan estes países para permitirlles incorporarse a un desenvolvemento racional, equilibrado e sostible.

1. Comprometémonos a seguir impulsando proxectos de Cooperación e de sensibilización da cidadanía, para conseguir unha sociedade non só solidaria senón consciente da responsabilidade global compartida á hora de procurar un futuro de progreso e benestar para todos e todas.
2. É preciso facer conscientes aos nosos cidadáns desde o principio, polo que fomentaremos que se inclúan contidos sobre Cooperación Internacional de desenvolvemento global nas actividades extraescolares deseñadas en colaboración coa comunidade educativa, para promover unha educación solidaria entre os mozos e mozas.
3. Por último, todas as iniciativas, como as de Comercio Xusto, que favorecen a entrada de fluxos de renda estábeis nos países máis necesitados son merecentes do noso apoio.

## 2. ORGANIZAR AS POTENCIALIDADES DE COMPOSTELA PARA O CRECEMENTO ECONÓMICO E O EMPREGO

### **IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

Como establece o Plan estratéxico do Concello de Santiago, o futuro do desenvolvemento económico da cidade basease no binomio innovación-competitividade. A súa consecución depende do efecto conxunto dunhas políticas empresariais activas respecto da innovación, da cualificación dos recursos humanos, da dotación de recursos físicos e de coñecemento e da transferencia efectiva deste, nunha contorna cultural creativa, emprendedora e innovadora. Na súa primeira liña establece como eixo a diversificación da base económica e o estímulo do emprego de calidade, mediante a consolidación do tecido empresarial e a atracción de nova inversión.

### **MELLORA DA OFERTA DE SOLO EMPRESARIAL**

O avance neste eixo estratéxico pasa pola dispoñibilidade de recursos físicos entre os que os empresarios destacan, pola súa endémica insuficiencia, o solo empresarial. No que respecta a este recurso, Compostela é na actualidade a primeira cidade de Galicia en canto a dispoñibilidade de solo industrial e comercial. Porén, esta dotación debe ser complementada coa oferta de naves e locais en réxime de aluguer.

No apartado referido ao desenvolvemento urbanístico facemos unha formulación máis ampla das propostas en materia de solo industrial: Agora tan só lembramos as accións relevantes, de xeito sintético:

1. Impulsaremos a posta en marcha do parque empresarial da Sionlla, responsabilidade do IGVS. Esta infraestrutura inclúe a Cidade do Transporte e está servido pola estación ferroviaria de mercadorías de A Miñata.
2. Impulsaremos o desenvolvemento do parque Científico-Tecnolóxico e das Telecomunicacións Cidade da Imaxe.
3. Promoveremos a oferta de naves e locais en réxime de aluguer.
4. Fomentaremos a creación de reservas de uso de solo especificamente industrial nos parques empresariais vinculadas a unha política de prezos de fomento da implantación industrial (Concello, IGVS).

## ELEVAR O NIVEL DOS RECURSOS HUMANOS

Asemade da dotación de recursos físicos, a dispoñibilidade de recursos humanos cualificados é crucial. Do axuste entre a oferta formativa e as necesidades de cualificación do tecido produtivo da cidade depende, en boa medida, a posibilidade de crecer e competir. O Concello ten que estar ao tanto das necesidades específicas do tecido económico local, mais cando se ten en conta que os datos por sectores do Estudo do Sector Industrial do Concello de Santiago de Compostela confirman carencias de capacitación concretas entre o persoal empregado e observan algunhas dificultades para lograr novas contratacións.

### **Adecuación da oferta formativa ás demandas do tecido económico local**

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Utilizaremos a oficina de Promoción Económica
  - Como observatorio da economía e do emprego para o seguimento das demandas de formación nas actividades industriais e de servizos cara á súa translación ás institucións que a proporcionan nos eidos da formación formal, continua e ocupacional.
  - Para elaborar un Plan de Formación para o Emprego que nutra de persoal cualificado ao tecido empresarial de Compostela. O plan ofrecerá unha formación de calidade acorde coa demanda das empresas, que permita conseguir a inserción profesional dos demandantes de emprego e a recualificación e actualización dos ocupados.
2. No ámbito da educación superior:
  - Apoiaremos as decisións da USC para construír a súa oferta de titulacións de acordo coa demanda social e a especialización que hoxe manifesta, especialmente en sectores estratéxicos como as TICs ou o turismo.
  - Daremos o noso apoio ás ofertas formativas específicas cun alto grao de especialización (posgrao, ou mestrado) nos ámbitos sinalados polas empresas: sector audiovisual, xestión de empresas e turismo.
  - Traballaremos diante da Xunta de Galicia para darlle dunha solución á consideración como oficial da formación proporcionada polo Centro Superior de Hostelería de Galicia no Marco do Espazo Europeo de Educación Superior.
  - Colaboraremos coa USC na oferta de aprendizaxe ao longo da vida.
3. A través do Consello de Formación Profesional e Ocupacional:

- Impulsaremos a coordinación das accións formativas no ámbito comarcal, condición necesaria para que sexan efectivas.
- Promoveremos a actualización da información relativa tanto ao currículo académico como aos recursos técnicos dos que dispón a formación implantada na comarca, para propiciar unha axeitada cobertura que responda aos cambios nas necesidades de formación e actualización solicitadas polas empresas.
- Abogaremos pola Formación en Centros de Traballo para adecuar a formación ás necesidades das empresas e as prácticas profesionais en todos os niveis formativos.
- Transmitiremos a necesidade de oferta formativa de ciclo superior exposta polas empresas pertencentes a sectores cun importante asentamento no concello, como é o caso das artes gráficas, madeira, metal-mecánico, construcións metálicas, automoción e comercial.
- Buscaremos a cobertura das necesidades de desenvolvemento profesional dos pequenos empresarios e traballadores autónomos.
- Apoiaremos a formación en novas tecnoloxías, especialmente nos eidos das enerxías renovables, TICs e servizos a terceiros.
- Defenderemos a formación en competencias transversais como a capacidade de liderado, o traballo en equipo, ou a orientación ao mercado, e nas orientadas cara a tarefas relacionadas coa organización do propio posto de traballo en canto a calidade, prevención de riscos, seguridade, e protección do ambiente.

## **PROMOCIÓN DA INNOVACIÓN E O DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL**

### **Promoción da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia ao sector empresarial**

De novo no eido dos recursos avanzados, xa na estratexia de Lisboa establécese a necesidade de evolucionar cara a unha economía baseada no coñecemento, sobre todo nos sectores con mais capacidade para crear emprego e os que xeran maiores valores engadidos. Por elo, as iniciativas baseadas na innovación e desenvolvemento tecnolóxico teñen que verse favorecidas desde a contorna mais próxima, mais se temos en conta que só algo menos do 25% das empresas do Concello realizan algún tipo de actividade de I+D+i. Dado que Santiago produce, fundamentalmente na Universidade e os seus centros e institutos de investigación, un gran volume de recursos tecnolóxicos e científicos para soste iniciativas innovadoras é preciso establecer unha alianza estratéxica entre o Concello de Santiago, en



representación das enerxías cidadás, e a Universidade de Santiago. Esta simbiose denominouse, no proxecto Campus Vida, **UNIVERCIDADE**, e quere expresar a unificación de obxectivos e instrumentos entre universidade e cidade, a través dunha relación institucionalizada e permanente.

Comprometémonos ás seguintes accións::

1. Estableceremos unha alianza estratéxica entre o Concello e a Universidade de Santiago cara á unificación de obxectivos e instrumentos a través dunha relación institucionalizada e permanente.
2. Instrumentaremos un apoio explícito ao CAMPUS VIDA, proxecto de excelencia internacional na investigación en ciencias e tecnoloxías da vida. Con esta denominación referímonos tamén a un espazo físico entre o Campus Sur e o CHUS. O concello colaborará na urbanización e humanización dos espazos e facilitará a construción dos edificios previstos no Campus Vida, entre eles a Facultade de Medicina.
3. Promoveremos a constitución do Clúster de coñecemento biosanitario, que integre as actividades de equipos e grupos de investigación universitarios, dos hospitais e dos centros de investigación biosanitarios, para, mais alá da investigación e a innovación, favorecer a creación de empresas de base tecnolóxica que exploten comercialmente os resultados da investigación.
  - O Cluster de coñecemento biosanitario apoiarase en empresas do sector sanitario así como as vinculadas á química, a cosmética e outras. A participación empresarial debe garantir que o principio do autofinanciamento estea presente na conformación do Clúster.
  - Aproveitaremos as capacidades das áreas de tecnoloxía ambiental e das asociadas ás enerxías alternativas para o desenvolvemento de actividades que faciliten ás empresas a sostibilidade dos procesos e que xeren iniciativas empresariais vinculadas a políticas de desenvolvemento sostible, enerxías renovables e xestión ambiental.
4. Disporemos das capacidades científicas da USC para desenvolver actividades económicas innovadoras nos sectores audiovisual, telecomunicacións, TIC, electrónica, tecnoloxía e seguridade alimentaria e tecnoloxías de recuperación e xestión do patrimonio cultural.
5. Optimizaremos a contribución municipal para a consolidación do viveiro de empresas xa en funcionamento (UNINOVA), que facilite as spins off.
6. Impulsaremos, coa Rede de Cooperación Local, as actividades de coñecemento mutuo universidade-empresa, favorecendo o fluxo de información sobre actividades, capacidades e proxectos dos centros de investigación universitaria e a relación estable entre axentes científicos e empresariais.
7. Garantiremos a existencia de espazos para a implantación de empresas de base científica e transferencia de tecnoloxía, ben a través do PCT de San

Marcos ben a través doutras solucións no solo industrial que promove EMUVISSA.

8. Traballaremos coa Xunta de Galicia para que Galicia conte, en Santiago de Compostela, cun centro que faga da creatividade na cociña e da innovación na hostelería a súa razón de ser, en diversos ámbitos (formación, investigación, difusión,...). A partir do Centro Superior de Hostelería, sito na Barcia, coa colaboración da USC e conseguindo a implicación dos mellores restauradores de Galicia.

### **Acompañamento a empresas establecidas**

A consolidación das unidades empresariais en funcionamento e, al menos, tan importante como a creación de novas empresas. Aínda que as taxas de abandono da actividade empresarial das Pemes son tradicionalmente altas, a súa supervivencia nos mercados facilítase coa xeración de capacidades exclusivas resultado da combinación de recursos avanzados ligados, como xa sinalábamos, ao coñecemento. O *output* resultante -produtos e servizos diferenciados- ten mais garantías de ser valorado tanto no ámbito nacional como no internacional, onde a probabilidade de atopar amplas demandas é maior. Con todo, na actual contorna de crise financeira, a estabilidade das empresas establecidas precisa da dinamización e facilitación do acceso ao crédito.

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Crearemos o Punto Único Empresarial cara a centralizar a información ás empresas e facilitarlles o acceso a:
  - Diferentes programas de I+D+i e de calidade que posibiliten o incremento dos seus niveis de competitividade e rendibilidade empresarial.
  - Estímulos á internacionalización das empresas compostelás coordinando as accións locais do IGAPE o ICEX e a Cámara de Comercio.
  - Posibilidades de cooperación empresarial como vía para compartir recursos, reducir gastos e riscos e obter mais presenza nos mercados.
  - Plans de apoio específicos para as Pemes, os autónomos, as microempresas e ás empresas da economía social.
2. Impulsaremos os novos instrumentos de financiamento, estudando as posibilidades que ofrece a banca alternativa na súa versión de banca ética cooperativa.
3. Contribuiremos á promoción das empresas da cidade e servirémoslles como interlocutor nas redes nacionais e internacionais.

### **Atracción de investimentos**

Asemade dos recursos produtivos necesarios para o desenvolvemento da actividade empresarial, a captación de investimento require de programas de promoción específicos que dean a coñecer a oferta de recursos, titoricen ao potencial inversor no proceso de obtención de información e toma de decisións para a posta en marcha da súa actividade, e establezan programas de incentivos ás novas implantacións que se teñan demostrado efectivos como catalizadores do investimento empresarial

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Asumiremos a promoción económica da cidade no exterior a través dunha Guía de Servizos 2.0 que transmita unha imaxe da cidade ligada ao coñecemento e á innovación, así como a súa posición na Eurorrexión.
2. Coordinaremos a captación de investimentos empresariais en colaboración co IGAPE e outros organismos e asociacións (Cámara de Comercio, FEDEGAEX,...).
3. Estableceremos, en colaboración co IGAPE, servizos de apoio a novos proxectos que supoñan a primeira implantación da empresa no Concello de Santiago.
4. Divulgaremos a alta accesibilidade da cidade: grao de interconexión coas vilas e cidades galegas e da Eurorrexión, co resto dos territorios do estado, asemade das súas comunicacións internacionais a través do aeroporto de Lavacolla.
5. Poremos en valor a dispoñibilidade de importantes servizos administrativos e institucionais que teñen presenza en Santiago debido á súa condición de capital de Galicia.
6. Faremos visible o papel estratéxico que a Universidade de Santiago e os seus centros e institutos de investigación teñen na xeración de coñecemento e a súa transferencia ao tecido empresarial.

## **FAVORECER O EMPRENDIMIENTO**

Un dos principais facilitadores da innovación, o cambio tecnolóxico, a creación de emprego, o incremento da produtividade, o crecemento económico e a cohesión social é a actividade emprendedora. Con esta convicción, o informe da Comisión Europea Estratexia Europa 2020 (de marzo de 2010) propón traballar cara a estimular cooperación de coñecemento e reforzar os vencellos entre a educación, a empresa, a investigación e a innovación, e promover o espírito emprendedor apoiando ás novas empresas. Na aposta por esta liña estratéxica teñen xurdido diferentes iniciativas en todos os ámbitos da administración e da sociedade civil. En consecuencia, o reto do Concello hoxe está no deseño de accións combinadas de formación e apoio que atendan ás necesidades específicas dos distintos actores da contorna local.

## **DIFUSIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA**

É sabido que o emprendemento é unha característica cultural das sociedades. As sociedades máis individualistas e con maior orientación ao logro mostran unha actitude mais emprendedora. Como todos os factores culturais, a actitude para o emprendemento cambia moi lentamente. Aínda así, está demostrado que a educación e a formación contribúen ao nacemento da cultura emprendedora, sobre todo cando se inician entre os mais novos, cultivando a súa creatividade, iniciativa, responsabilidade, capacidade para afrontar riscos e autonomía persoal: todas elas capacidades asociadas ao espírito emprendedor.

Comprometemos as seguintes accións:

1. Coordinaremos a oferta formativa en emprendemento nos distintos niveis educativos: primaria, secundaria obrigatoria, formación profesional, bacharelato, universitaria e ocupacional; en colaboración con Eduemprende, Cámara de Comercio, Uniemprende, BIC Galicia, sindicatos, colexios profesionais e IGAPE, entre outras. Promoveremos a extensión do viveiro de empresas do centro de FP de Lamas de Abade a cando menos outros dous centros.
2. Transmitiremos a importancia para a sociedade da función emprendedora.
3. Trasladaremos a experiencia dos empresarios xa consolidados coa súa presenza habitual nas accións formativas.

## **APOIO A EMPRENDEDORES**

Como consecuencia do recoñecemento da súa importancia, moitas institucións públicas prestan hoxe servizos de apoio ao emprendemento,

fundamentalmente no marco dos fondos estruturais europeos FEDER e FSE. Nesta situación é imprescindible a coordinación dos servizos ás empresas e emprendedores proporcionados polas diversas institucións de ámbito local, autonómico e nacional e internacional: Cámara de Comercio, Universidade de Santiago, Xunta de Galicia (programas propios e de BIC Galicia), Asociacións Empresariais e Unión Europea (fundamentalmente, Programa Marco para a Innovación e a Competitividade) para evitar a confusión xerada pola multiplicidade de fontes de apoio e maximizar o seu efecto.

Comprometemos as seguintes accións:

1. Difundiremos unha guía 2.0 do Emprendedor Compostelán que conteña enlaces coas páxinas doutras institucións en materia de elaboración de plans de empresa, trámites necesarios para a súa posta en marcha, formas xurídicas para constituíla, e recursos e axudas coas que contan as persoas emprendedoras.
2. Recopilaremos e publicaremos microguías de oportunidades de negocio que conteñan estudos sobre proxectos empresariais con demanda en Santiago e faciliten aos emprendedores información específica a partir da cal poden concretar aspectos fundamentais da empresa a crear (datos sobre o mercado, o produto, a clientela, as particularidades da actividade a emprender, e análise económico financeira da mesma).
3. Titorizaremos aos emprendedores nas diferentes etapas polas que pasa unha empresa desde que aínda é unha idea ata que xa está consolidada, a través dos servizos da Cámara de Comercio de Santiago.
4. Coordinaremos as accións dos viveiros de empresas Costa Vella –en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago- e Uninova, en colaboración coa USC.
5. Favoreceremos o desenvolvemento de iniciativas produtivas no sector primario, con especial atención ás que o integran na economía ecolóxica e á economía do terceiro sector, aproveitando os recursos territoriais do municipio para o desenvolvemento de unha economía moderna, sostible e rendible.
6. Reforzaremos a iniciativa emprendedora das mulleres cara a mellorar a súa situación no mercado local de emprego e na actividade emprendedora, actuando no marco do URBACT II e en colaboración coa USC e o seu programa WomanEmprende.
7. Crearemos un Foro da iniciativa emprendedora como espazo de posta en común de intereses e experiencias dos axentes económicos.
8. Traballaremos para crear unha sociedade de capital risco, en colaboración con outras entidades e institucións, para facilitar o acceso dos emprendedores e as pequenas empresas locais aos créditos



## **FACER DO EMPREGO UNHA PRIORIDADE**

### **INSERCIÓN SOCIOLABORAL**

A creación de emprego de calidade é unha responsabilidade compartida por todas as administracións públicas. Malia que os recursos e competencias dos concellos son moi limitadas, as políticas activas de emprego pactadas cos axentes sociais máis representativos na cidade: organizacións sindicais e empresariais, e as entidades vinculadas ao mercado laboral contribúen a reforzar e potenciar un modelo de crecemento endóxico. Todas as accións propostas cara ao desenvolvemento económico e o emprendemento procuran a inserción sociolaboral dos composteláns e compostelás, pero acadala precisa de accións específicas.

Comprometemos as seguintes accións:

1. Favoreceremos a inserción sociolaboral das persoas desempregadas, priorizando os colectivos con especiais dificultades de inserción: mulleres, persoas desempregadas de longa duración, mocidade, maiores de corenta e cinco anos, persoas discapacitadas, etc., a través da incorporación de cláusulas que a estimulen nos pregos de condicións dos contratos do Concello.
2. A través da Oficina de Promoción Económica:
  - Colaboraremos directamente coas áreas de información para o emprego, orientación e oferta de recursos para o autoemprego.
  - Apoiaremos o desenvolvemento de novos xacementos de emprego, fundamentalmente no Terceiro Sector.
  - Fortaleceremos o servizo de intermediación laboral, en colaboración co Servizo Galego de Colocación, para ofrecer as persoas en situación de desemprego ou que queren un cambio de traballo, a posibilidade de acceder a ofertas de emprego directamente realizadas polas empresas.

### **IMPULSO ÁS INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILE)**

Merecen especial atención aquelas iniciativas empresariais que teñan por obxecto a creación de postos de traballo para parados, mozos en procura do seu primeiro emprego ou traballadores en activo que estean en risco de paro. As iniciativas locais de emprego teñen unha especial relevancia na sociedade actual, preocupada por reconciliar solidariedade, creatividade e rendibilidade económica. O Plan Estratéxico de Santiago, elaborado polo Consello Económico e Social servirá de referencia para guiar as actuacións e optimizar os recursos destinados a potenciar as ILE

A través da Oficina de Promoción Económica:

1. Seremos proactivos na promoción do emprego, estimulando a activación dos proxectos latentes nas empresas, a organización de proxectos iniciados polos parados e a prospección de segmentos ou “nichos” de mercado con necesidades non satisfeitas.
2. Facilitaremos aquelas iniciativas que procuren un incremento da calidade de vida -e a mellora do benestar da poboación-; e a creación de capacidades competitivas para a cidade, a partir dunha adecuada xestión dos seus activos e recursos.
3. Valoraremos as tendencias e os cambios que se manifestan na contorna da cidade e que condicionan os diversos ámbitos: sociedade, economía, tecnoloxía, demografía, territorio, cultura, medio ambiente, política, educación, sanidade, etc. para que as forzas que promoven o cambio se convertan nunha oportunidade, e actuar así sobre sectores estratéxicos con potencial de desenvolvemento e de creación de emprego en Compostela, como son:
  - O turismo, o patrimonio cultural, o desenvolvemento cultural local e o deporte
  - Os servizos a domicilio, a atención a dependentes, o coidado de nenos e a axuda aos mozos con dificultades de inserción
  - O control da enerxía e a xestión da auga e os residuos, e a protección e mantemento do hábitat natural, a loita contra a contaminación e a mellora do transporte colectivo
  - O sector audiovisual e das TICs
  - A mellora da vivenda, a seguridade e a revalorización dos espazos públicos urbanos.e da oferta comercial de proximidade.



## AMPLIAR O ATRACTIVO TURÍSTICO DE COMPOSTELA

Como actividade económica mais importante da cidade, o turismo constituirá unha das nosas prioridades. O noso reto, conforme ao establecido no Plan Estratéxico de Turismo de Santiago 2015, é lograr o reposicionamento global de Santiago de Compostela como destino turístico de primeira orde internacional mediante o desenvolvemento de produtos e servizos atractivos a mercados segmentados, a súa promoción, e o fomento da excelencia en toda a oferta turística da cidade. O obxectivo último é a mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns e cidadás a través dos recursos xerados por unha actividade de carácter sostible. Para elo é fundamental incrementar o valor engadido do turismo e os ingresos por turista -o que só pode lograrse construíndo unha oferta turística de calidade- e conseguir un maior equilibrio dos fluxos turísticos tanto mediante a desestacionalización da demanda como a través da descentralización do turismo da zona monumental da cidade.

## REFORZAR A IMAXE CULTURAL E MODERNA DE COMPOSTELA

Cara á consecución dun reposicionamento do destino débese desenvolver unha política comercial que reforce a idea de cidade “europea”, “acolledora”, “cultural” e “máxica” que pretendemos vincular a Compostela. É preciso diferenciar Santiago, do Camiño de Santiago, sen disocialos. No eixo da política comercial atópase a formulación dunha nova combinación de produtos/mercados que contribúa non só a atraer novos turistas senón tamén a fidelizar aos actuais. A comunicación desta oferta de alto valor engadido require dunha perspectiva integral que respecte a coherencia entre as ferramentas utilizadas e encamiñe ao destino aa posición buscado.

### **Reposicionamento do destino turístico “Santiago de Compostela” como cidade “europea”, “acolledora”, “cultural” e “máxica”**

Comprometemos as seguintes accións:

1. Deseñaremos unha oferta turística innovadora e variada, baseada en auténticos produtos turísticos cunha importante compoñente “experencial” por enriba das meras combinacións de recursos turísticos. Esta oferta ten que ser atractiva non só para os turistas e os visitantes, senón tamén para as cidadás e os cidadáns de Compostela; e ten que atender aos obxectivos de descentralización e desestacionalización da demanda turística da cidade.
2. Afondaremos na aposta pola calidade, xeneralizando a novos sectores a implantación de sistemas de calidade en destino.

3. Renovaremos a identidade da marca turística “Santiago de Compostela” de xeito que o cambio de imaxe resultante contribúa a acadar a posición buscado. Para ilo, elaboraremos o manual de identidade corporativa turística da cidade.
4. Coordinaremos a nosa política de comunicación turística coa desenvolvida por Turespaña e Turgalicia para acadar sinerxías en actividades nas que, nalgúns casos, están a producirse disfuncións.
5. Realizaremos actividades de comunicación conxunta coas redes das que Santiago forma parte para lograr á vez un reforzo da imaxe e un aforro de custos. Neste sentido, traballaremos coas restantes cidades de Galicia con monumentos Patrimonio da Humanidade para que a Xunta de Galicia recoñeza a súa relevancia e apoie campañas que difundan este feito.
6. Racionalizaremos e perfeccionaremos os sistemas de acollida turística no relativo a información, reservas, atención, etc., nas súas dimensións persoal e virtual.
7. Traballaremos coas asociacións do sector para mellorar a sinalización da oferta hostaleira.
8. Centraremos as nosas actividades de RRPP nos mercados nacionais e internacionais de maior potencial, poñendo especial énfase na presenza en feiras, e na realización de *famtrips* e *presscripts*, fundamentalmente nas cidades con conexións aéreas.
9. Familiarizaremos ao persoal de contacto dos establecementos de hostalería e restauración coa oferta turística da cidade.
10. Aproveitaremos as oportunidades que ofrecen as redes sociais como vehículos de comunicación 2.0, partindo das experiencias paradigmáticas de organismos de promoción internacionais.
11. Reforzaremos a presenza en buscadores Web a través da ferramenta GoogleAds e a información aportada por GoogleAnalytics.
12. Desenvolveremos unha política de comunicación comercial baseada na sostibilidade e o respecto polo medio ambiente.

### **AMPLIAR OS RECURSOS TURÍSTICOS DA CIDADE**

De cara á lograr a sostibilidade da actividade turística e a mellora da calidade de vida dos composteláns e compostelás, combinaremos accións encamiñadas a ampliar o espazo de atracción para os visitantes da cidade, de xeito que se estenda o influxo do turismo a outras áreas urbanas e se diminúa a presión sobre o núcleo da cidade histórica

## **Diminución da presión sobre a cidade histórica e ampliación do espazo de atracción para os visitantes**

Comprometemos as seguintes accións:

1. Estableceremos a conexión entre o espazo urbano e a Cidade da Cultura, por medio de:

- A construción dun teleférico, responsabilidade da Xunta de Galicia, que permita salvar o val do Sar e conectar os dous elementos centrais de atracción turística (Casco Histórico, Cidade da Cultura), de xeito cómodo e fluído. O teleférico debe constituír en si mesmo un recurso turístico adicional.
- A integración da Cidade da Cultura na rede de transporte urbano de Compostela
- establecemento dun itinerario peonil que desde a cidade histórica, os Ensanches do Sur, Fontiñas e Pontepedriña permita, a través do futuro parque das Brañas do Sar, acceder ao monte Gaiás.

2. Estableceremos unha estratexia para a dinamización turística dos xardíns e espazos verdes:

- Colaborando no impulso ao proxecto do Xardín Botánico, nas ribeiras do Sarela, como espazo de lecer cualificado, á vez que centro de investigación. e cabeceira do sistema de parques de Compostela.
- Contribuíndo á reurbanización do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela
- Facendo das Brañas do Sar o gran parque urbano de Compostela.
- Programando itinerarios no marco dun programa de turismo activo e de natureza en colaboración cos municipios da Mancomunidade.
- Facendo fincapé na comunicación da oferta de zonas verdes da cidade e os recursos naturais e paisaxísticos da contorna.
- Fomentando o uso da bicicleta para o desprazamento entre parques.

## **SANTIAGO DE COMPOSTELA, DESTINO DE TURISMO URBANO**

O turismo urbano tense consolidado na última década como modalidade en auxe, cun forte incremento da demanda internacional. Tradicionalmente, baseábase nos atractivos patrimonial, cultural e gastronómico das cidades, mentres que na actualidade, o *shopping*; as feiras, convencións e congresos; os *short breaks*; os eventos artísticos e culturais; os parques lúdicos e temáticos; e a investigación, a ciencia e a educación completan a oferta neste ámbito do turismo. Dado que Compostela posúe recursos turísticos únicos e valiosos en todos os elementos que constitúen unha oferta turística urbana actual, é un dos

nosos principios obxectivos, o logro dun posicionamento de Compostela como destino urbano europeo de primeira orde a través dunha acción exterior de cidade integrada na que participen todos os axentes locais con proxección exterior.

### **Santiago de Compostela, destino urbano europeo de primeiro orde**

Comprometemos as seguintes accións:

1. Relanzaremos a cidade como destino de congresos, reunións e incentivos a través do reforzamento do Santiago Convention Bureau, a coordinación coa USC e Turgalicia, e o diálogo co recentemente creado Foro de Directores de Hotel.

2. Consolidaremos o turismo gastronómico sobre a base da posición tradicional de Galicia e a súa combinación coa emerxencia dunha nova cociña. Para elo:

- Procuraremos a consolidación dos programas existentes (Forum Gastronómico, Concurso de Tapas, Cociñas Atlánticas,...) e planificaremos outros novos.
- Apoiaremos a construción dun espazo na Praza de Abastos que complemente cunha oferta gastronómica de calidade as súas funcións comerciais actuais.
- Potenciaremos o desenvolvemento e a comunicación da oferta de produtos de agricultura ecolóxica no espazo do Mercado de Abastos.
- Prepararemos, en colaboración coa Asociación de Hostalería, ofertas gastronómicas temáticas ao longo do ano, en función dos produtos estacionais.
- En colaboración con Turespaña, promoveremos internacionalmente o turismo enogastronómico.
- Traballaremos coa Asociación de Hostalería para apoiar a progresiva mellora da calidade nos establecementos que o precisen.
- Fomentaremos o asociacionismo no sector hostaleiro como xeito de promover a realización de actividades conxuntas, de compartir recursos, e de intercambiar experiencias e boas prácticas.

3. Consolidaremos a posición da cidade como plató cinematográfico e da creatividade audiovisual a través da Santiago de Compostela Film Commission e do Festival de Curtametraxes Curtocircuito.

4. Apoiaremos os Encontros Internacionais de Literatura de Viaxes, LITVI, para converter a Santiago de Compostela no centro internacional deste xénero literario tan intimamente ligado ó turismo e a cultura.

5. Traballaremos na visualización da investigación, a ciencia, a educación e o deporte nos ámbitos nacional e internacional:

- Apoiaremos as accións exteriores da USC e a súa presenza en redes educativas de docencia e de investigación.
- Estableceremos un programa estable de colaboración coa USC na organización de congresos, cursos internacionais e eventos científicos.
- Impulsaremos o turismo idiomático establecendo un programa estable, en colaboración coa Universidade de Santiago, por medio da Oficina de Cursos Internacionais.
- Lideraremos un proxecto de atracción de estudantes estranxeiros dos programas Erasmus, ISEP, Intercambios Bilaterais e de estudantes españois do programa Sicue-Séneca.
- Contribuiremos a intensificar as accións de promoción e divulgación da ciencia, como o Programa ConCiencia ou os campamentos científicos para mozos e mozas.
- Incentivaremos e colaboraremos coas actividades deportivas con repercusión exterior.

6. Implantaremos unha política de grandes eventos (800 anos da Catedral, Fundación da Cidade) de carácter histórico, relixioso, cultural ou deportivo na busca da estabilidade da demanda turística en épocas de baixa demanda.

7. Incorporaremos a visión do turista no deseño de actividades culturais, desenvolvendo unha programación que teña en conta a existencia dun turismo masivo.

8. Estableceremos itinerarios turísticos que valoricen a presenza en Compostela de destacadas figuras das letras, comezando polos de Rosalía de Castro e Valle Inclán.

9. Programaremos diariamente espectáculos diúrnos e nocturnos dirixidos aos visitantes, especialmente ao mercado turístico de calidade.

En liña con este obxectivo, buscaremos a variedade e complementariedade na oferta de contedores culturais, garantindo que as diversas actividades integradas no que se entende por turismo urbano contan coas infraestruturas adecuadas.

### **Ampliación e coordinación da oferta de edificios de interese turístico**

Comprometemos as seguintes accións::

1. Concertaremos con outras administracións (Universidade) e entidades (Arcebispado) a maior accesibilidade do patrimonio, facilitando as visitas por medio dunha programación estable e coordinada.
2. Valorizaremos o patrimonio arquitectónico de Compostela:
  - Establecendo e comunicando itinerarios que permitan un percorrido por distintas fases da historia da arquitectura, civil e relixiosa, dirixidas a públicos xenerais e especializados.
  - Poñendo en valor edificios de alto interese (Colexiata de Sar, Santa María de Conxo, San Martiño Pinario,...)
  - Negociando con outras entidades para facilitar a abertura con fins turísticos de edificios con valor patrimonial e arquitectónico
3. Ampliaremos a oferta museística da cidade e estableceremos unha estratexia integrada que permita valorizar e coordinar a oferta existente, así como establecer estratexias conxuntas de *marketing* e atracción de visitantes, en colaboración coas administracións responsables (Xunta de Galicia, Universidade de Santiago).
  - Abriremos o Museo das Peregrinacións e da Cidade na súa nova situación en Praterías ao longo dese mandato. O Museo da Cidade debe permitir dar a coñecer aos visitantes a nosa historia así como valorizar o patrimonio oculto, fomentando a prolongación das estadias.
  - Incorporaremos o Museo Luis Iglesias á oferta museística cidadá.
  - Aproveitaremos o 800 Aniversario da Catedral para impulsar o centro de interpretación da Catedral de Santiago de Compostela.
4. Integraremos a Cidade da Cultura como motor cultural e referencia internacional da cidade:
  - Reclamando da Xunta de Galicia un calendario realista para o remate da Cidade da Cultura que teña en conta a actual situación financeira pero cun horizonte certo e un compromiso periodificado.
  - Colaborando coa Xunta de Galicia para pechar a definición conceptual do proxecto, o seu rol e a súa relación coa Cidade Histórica.
  - Colaborando coa Xunta de Galicia na elaboración dunha estratexia que aglutine os seus diversos elementos a través dun fío condutor único, e garanta a definición clara da súa posición e, consecuentemente, a capacidade de atracción internacional de visitantes.
5. Poremos en marcha o Parque arqueolóxico do Castriño de Conxo e o Castelo da Rocha.

6. Reformaremos o recinto de Amio para que poida servir de complemento ás actividades do Palacio de Congresos e cumprir funcións suplementarias no ámbito da programación cultural e musical, no ocio de fin de semana ou outros,

## **LAVACOLLA, AEROPORTO DE GALICIA**

É un feito que a política aeroportuaria da Xunta de Galicia está a minar a competitividade dos aeroportos galegos na contorna da Eurorrexión, poñendo en práctica unha distribución de incentivos e subvencións non neutral cando se atende ao número de pasaxeiros que resultan dela. Evidentemente, o aeroporto de Lavacolla é –pola súa situación xeográfica, polas infraestruturas que posúe e pola súa importancia relativa no tráfico de pasaxeiros,- o primeiro aeroporto do Noroeste da Península. A tarefa do Concello será defender a racionalización das políticas aeroportuarias, potenciar as vantaxes de Lavacolla como aeroporto central e estimular ao mercado.

### **Consolidación de Lavacolla como aeroporto central do Noroeste da Península**

Comprometemos as seguintes accións::

1. Negociaremos coa Xunta de Galicia para potenciar a Lavacolla como o aeroporto central de Galicia, instándoa a que poña en práctica unha política de incentivos por pasaxeiro neutral, que non distorsione a competencia entre terminais.
2. Consolidaremos conexións e frecuencias coas principais compañías áreas de países emisores de visitantes, tanto en España como en Europa (Alemaña, Italia, Gran Bretaña, Francia, Polonia).
3. Traballaremos para constituír en Lavacolla unha base dalgunha compañía de baixo custo, que asegure a cobertura do continente europeo por medio de enlaces directos.
4. Colaboraremos coa Xunta de Galicia para por en marcha enlaces de alta frecuencia por medio do transporte público entre o aeroporto de Lavacolla e as principais cidades do Eixo Atlántico.
5. Promoveremos a construción por parte da Xunta de Galicia dun metro lixeiro que una a Estación do AVE co Aeroporto de Lavacolla, con alta frecuencia.
6. Fomentaremos o uso da terminal vella do aeroporto de Lavacolla para complementar as ofertas existentes en Compostela, configurándoo como un elemento de atracción de persoas de fora da comarca que permita reforzar a rendabilidade aeroportuaria, tendo en conta o valor da súa localización.

## O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago ten un indiscutible valor como recurso turístico non só no eido do turismo relixioso senón tamén no campo mais amplo do turismo “experiencial”. A cidade de Santiago é, con moito, a que presenta asociacións mais fortes co Camiño, tanto desde o punto de vista do contido –polo feito de ser a cidade de destino- como desde unha perspectiva formal –dado que no nome da ruta faise referencia explícita ao nome da cidade. Esta posición preeminente ten que ser adecuadamente xestionada logrando a diferenciación entre a identidade de Santiago e a identidade do Camiño -sen que se produza unha disociación- e liderando a construción dunha imaxe de conxunto a través de accións comúns.

### Fortalecemento da presenza da cidade no Camiño de Santiago

Comprometemos as seguintes accións:

1. Constituirase unha Rede de cidades dos Camiños de Santiago, liderada por Compostela, que poida actuar como *lobby* diante das diversas administracións para manter a calidade e a promoción dese recurso turístico de primeiro nivel e darse a coñecer como grupo ante os residentes nalgunha das cidades do Camiño, os visitantes e turistas nalgunha delas e os visitantes e turistas potenciais. Para ilo, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Deseño e implantación dos instrumentos básicos de comunicación dentro da rede.
- Establecemento de acordos de distribución recíproca de materiais promocionais.
- Establecemento de acordos de contratación recíproca de publicidade exterior: valos, autobuses e taxis, mobiliario urbano, carriños de aeroportos, reverso dos tickets de espectáculos, etc.
- Elaboración dunha páxina Web, que funcione como unha oficina virtual de turismo, e á que poda accederse por medio de vínculos en todas as páxinas das cidades integradas.
- Reparto da presenza en feiras de turismo
- Logro de acordos de reciprocidade nas actividades de *publicity*: busca de presenza nos medios de información sobre as outras cidades a través de eventos.
- Establecemento de tendas do camiño: Produtos de calidade típicos das cidades integrantes en tendas situadas nas distintas cidades do camiño.



2. Rehabilitarase o Camiño Francés no termo municipal, potenciando o espazo de recepción do Monte do Gozo e contornas e impulsando o Centro de Interpretación do Camiño e das peregrinacións.
3. Melloraranse, acondicionaranse e poranse en valor os camiños de Santiago no termo municipal e na comarca: Camiño Inglés, Camiño de Fisterra, Camiño Portugués, Vía da Prata, Camiño de Oviedo e Camiño do norte.

## **EFICIENCIA E PARTICIPACIÓN NA FÓRMULA ORGANIZATIVA**

Os cambios económicos no escenario nacional e internacional provocan flutuacións moi rápidas no mercado turístico que, sen que ilo supoña perder de vista os obxectivos estratéxicos, precisan de decisións firmes na adaptación das políticas ás condicións da contorna. A forma xurídica e a estrutura organizativa da propia entidade encargada da promoción deben contribuír a dotala de certa flexibilidade ao tempo que a integrar ás distintas entidades públicas e privadas con intereses no sector.

### **Coordinación entre as diferentes entidades públicas e privadas na comercialización da cidade baixo criterios de orientación ao mercado**

Comprometemos as seguintes accións::

1. Revisaremos a forma xurídica de Turismo de Santiago para dotalo de flexibilidade e convertelo en instrumento de consenso e participación na promoción turística da cidade e inclusive na xestión de algunha infraestrutura turística.
2. Elaboraremos un plan de negocio que conteña obxectivos empresariais ambiciosos e que basee en criterios profesionais a configuración da oferta turística e das ferramentas para comunicala.
3. En colaboración con outros organismos públicos e privados, estableceremos a Rede de Oficinas de Turismo de Santiago de Compostela co obxecto de mellorar e ampliar os servizos de información turística da cidade.
4. En liña coa acción anterior, e cara a mellorar a atención ao visitante en destino, centralizaremos os servizos ofrecidos, ao tempo que descentralizamos os puntos de atención ao visitante.
5. Estableceremos unha relación estable e permanente cos representantes do sector para colaborar no deseño das estratexias pertinentes para o mesmo pero tamén para axilizar a resolución dos problemas e dificultades que o afectan.



## COMPOSTELA, CIDADE DE COMPRAS

A importancia do sector comercial da cidade debe considerarse desde un triplo punto de vista: constitúe un dos piares do seu desenvolvemento económico; é un fundamental elemento de vertebración dos espazos urbanos; e representa unha das expresións da identidade da cidade á que serve de escaparate da innovación, a variedade e a calidade.

## CONVERTER COMPOSTELA NA CAPITAL DE COMPRAS DA EURORREXIÓN

Pola súa posición xeográfica, Compostela pode ser afirmada claramente como cabeceira de servizos da comarca. Se a ilo unimos a súa condición de capital de Galicia, a súa privilexiada situación no eixo atlántico e o feito de seren o primeiro destino turístico da Comunidade Autónoma, pódese ser mais ambicioso e pensar en Compostela como a futura capital comercial da Eurorrexión

Comprometemos as seguintes accións:

1. Desenvolveremos programas estables de promoción da oferta comercial, de ocio e servizos da cidade no hínterland compostelán formado polo sur da provincia da Coruña e o norte da de Pontevedra, especialmente dirixido á rede urbana de cidades e vilas (Vilagarcía, Padrón, Ribeira, Pobra, Boiro, Rianxo, Noia, Muros, Negreira, Ordes, Arzúa, Silleda, Lalín, A Estrada).
2. En colaboración coa Cámara de Comercio, Turismo de Santiago e as Asociacións de comerciantes elaboraremos e implantaremos unha estratexia comercial cara aos visitantes e turistas nacionais e estranxeiros.
3. Realizaremos campañas de dinamización comercial vinculadas aos grandes eventos culturais e artísticos da cidade que aporten visibilidade nacional e internacional ao comercio compostelán.
4. Reforzaremos a atractividade comercial do centro da cidade, con políticas urbanísticas e de mobilidade que contemplan a vocación comercial dalgunhas zonas. É preciso facilitar a negociación entre os concesionarios dos estacionamentos e as asociacións de comerciantes, con apoio municipal, para facilitar o acceso dos clientes ás distintas zonas comerciais da cidade.
5. Aproveitaremos a alta accesibilidade da cidade -grao de interconexión coas vilas e cidades galegas e da Eurorrexión- para facer dela un centro de servizos comerciais.
6. Favoreceremos, en colaboración coas asociacións de comerciantes, o deseño dunha oferta comercial integrada cara aos servizos administrativos e institucionais que teñen presenza en Santiago debido á súa condición de capital de Galicia, dirixida tanto aos seus traballadores como aos seus usuarios.

7. Recolleremos a oferta actualizada na guía de compras de Santiago de Compostela.
8. En colaboración coa Deputación de A Coruña, procuraremos a continuidade do financiamento do Plan Estratéxico do Comercio Compostelán.
9. Fomentaremos o recoñecemento de Área Central como grande superficie comercial e apoiaremos a súa vinculación co novo centro comercial de As Cancelas, para que se produzan sinerxias entre ambos que reforcen a súa atractividade.

## **APOIAREMOS A DIVERSIFICACIÓN DA OFERTA E A MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS**

Todo o anterior pode facerse posible só completando e enriquecendo a cidade con novos formatos e implantacións, e garantindo uns altos niveis de calidade, tanto nestes como nos xa establecidos. Nestas tarefas é prioritario dar especial apoio ao pequenos comercios, nos que a vantaxe competitiva está baseada na diferenciación -fundamentalmente a través de atributos de calidade, proximidade e trato personalizado.

1. A través do Punto Único Empresarial:
  - Facilitaremos apoio técnico para a introdución de calidade homologada para o pequeno comercio, dentro do Plan de Calidade de Destinos Turísticos, xa en marcha, en colaboración coas asociacións de Comerciantes e a Cámara de Comercio de Santiago.
  - Melloraremos a guía de recursos para o sector comercial de Compostela, facilitando o acceso á información sobre competencias, lexislación, calidade, axudas e recursos formativos.
  - Impulsaremos a introdución de novas TICs en comercios e en áreas comerciais específicas para mellorar a competitividade do pequeno comercio.
  - Asesoraremos aos pequenos comercios na busca da variedade na súa oferta comercial.
  - Proporcionaremos asesoramento de balde sobre como mellorar a imaxe interior e exterior dun negocio.
  - Apoiaremos as necesidades específicas das persoas emprendedoras dos comercios de Santiago.
2. Estableceremos accións concretas para á extensión dos segmentos de clientes das tendas tradicionais a estratos socioeconómicos mais elevados e a segmentos demográficos de menor idade.

3. Poremos en marcha, en colaboración coa sociedade xestora do Mercado, programas concretos para a extensión dos segmentos de clientes do Mercado de Abastos a persoas máis novas, reforzaremos a súa capacidade de atracción e integraremos na planificación da oferta turística. Colaboraremos co Ministerio de Fomento para rematar a reforma xa iniciada da Praza de Abastos no tempo previsto, minimizando os inconvenientes para os comerciantes que despregan alí a súa actividade.

4. En colaboración coa Fundación Centro Galego para a Artesanía e o Deseño, poremos en valor a oferta de produtos de artesanía da comarca de Santiago, que serven de mostra da evolución creativa da nosa contorna máis próxima.

5. Aproveitaremos a xestión dos fluxos de visitantes e turistas para contribuír a un maior equilibrio e a unha maior diversificación da demanda en cada unha das zonas que constitúen o mapa comercial da cidade.

6. Colaboraremos nas accións de vixilancia para garantir unhas condicións de competencia plena no pequeno comercio que evite situacións ao marxe da legalidade.

7. Estudaremos en colaboración coas asociacións do sector a situación que a reforma do mercado de aluguer ocasionará sobre a oferta comercial da cidade. A partir dun diagnóstico, proporemos medidas como o apoio público á mediación entre arrendadores e arrendatarios ou o establecemento de programas específicos no ámbito do Casco Histórico que faciliten a permanencia da oferta comercial.

## **MELLORA DA FORMACIÓN NA BUSCA DUNHA MAIOR ORIENTACIÓN AO MERCADO**

A diversificación da oferta e a calidade comercial poden ser promovidas desde o Concello a través de axuda e asesoramento en materia de calidade, TICs, xestión comercial ou lexislación. Aínda que moitas das tarefas asociadas con estas capacidades poden ser externalizadas, o logro de vantaxes competitivas sustentables no comercio pasa pola súa internalización, polo menos parcial. A construción dunha proposta comercial única e difícil de imitar require da consecución dunha combinación de habilidades valoradas polos clientes. É necesario, por iso, o nacemento dunha cultura de orientación ao mercado baseada no coñecemento dos clientes e das estratexias e técnicas susceptibles de ser utilizadas para proporcionarlles o mellor servizo.

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Promoveremos entre os comerciantes de Compostela a evolución dunha cultura de orientación ao servizo, cuxo primeiro expoñente é o coñecemento e a valoración das necesidades e desexos dos seus segmentos de clientes.
2. Informaremos aos comerciantes das características dos seus segmentos de clientes, a súas valoracións da oferta comercial da cidade, o grao de satisfacción co servizo e as carencias ou limitacións observadas.
3. En colaboración coas asociacións de comerciantes e a Cámara de Comercio, estableceremos accións formativas nos ámbitos da calidade do servizo, a xestión comercial e as novas tecnoloxías.
4. Promoveremos accións formativas específicas para os distintos tipos de establecementos que configuran o noso mapa comercial.

### **FOMENTO DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL**

O tecido comercial compostelán está constituído basicamente por pequenos comercios, que non dispoñen de recursos suficientes para desenvolver individualmente análises ou actuacións comerciais de calado. Tanto a dimensión de análise dos mercados como o deseño e implantación de estratexias adecuadas vense facilitados no seno das asociacións empresariais.

Comprometemos as seguintes accións:

1. Estableceremos convenios ou programas de colaboración coas distintas institucións e asociacións comerciais para o cumprimento e execución de obxectivos comerciais no marco da promoción, a formación, a sinalización e o urbanismo comercial.
2. Apoiaremos a posta en marcha dunha central de compras para o pequeno comercio como ferramenta de mellora da estrutura de custos das pequenas empresas en comparación coas grandes superficies.
3. Impulsaremos os centros comerciais abertos e ás iniciativas asociativas do comercio e servizos.
4. Serviremos de canle de comunicación entre as distintas asociacións comerciais da cidade.
5. A través da Mesa Local de Comercio participaremos na coordinación, cooperación e colaboración entre as distintas administracións públicas e os axentes implicados co comercio na cidade.
6. Estableceremos vencellos estreitos co Observatorio do Comercio de Galicia, a través do Consello Galego de Comercio, para obter información e formación adecuadas ás necesidades do tecido comercial Compostelán.

### 3. EXTENDER E INTENSIFICAR A CALIDADE DO PROXECTO URBANO

As cidades son realidades en permanente transformación, acompañando os cambios vividos polas sociedades que as habitan.

Este tempo que nos tocou vivir está marcado pola aceleración destes procesos de transformación das cidades, ao paso dos grandes cambios económicos, tecnolóxicos, sociais e culturais. Unhas transformacións que poden ou non derivar en melloras nas oportunidades das cidades e nas condicións de vida dos cidadáns.

Sabémolo en Compostela, onde os socialistas tivemos a honra e a responsabilidade de dirixir durante vinte e catro anos –grazas á confianza depositada polos nosos cidadáns- unha extraordinaria transformación recoñecida dentro e fóra como excepcional e singular no conxunto das cidades de Galicia, e que nestes momentos está permitindo soportar mellor que noutras cidades as dificultades e –sobre todo- permite afrontar a loita pola construción dun futuro mellor en condicións de vantaxe.

O urbanismo é o instrumento de goberno do presente e de planificación e construción do futuro da cidade. Nós entendémolo e practicámolo sempre así. Nun contorno de insensibilidade –cando non menosprezo- respecto das cuestións urbanísticas, resumidas en moitos casos en oportunismo especulativo, a posición esixente do noso Concello segue apostando pola defensa dos intereses públicos e do cumprimento das obrigas da actividade inmobiliaria de contribuír á construción das infraestruturas, servizos, equipamentos e dotacións necesarios para o uso de toda a poboación.

A experiencia compartida cos nosos cidadáns nos últimos 24 anos levounos a afirmarnos na idea de que lle corresponde ao concello democrático, como eixe central da súa actividade, a función de dirección das transformacións urbanísticas a través do planeamento que oriente e anticipe un proxecto para a cidade ao servizo da mellora das oportunidades e das condicións de traballo e de vida de todos os cidadáns, e moi especialmente dos que teñen menos recursos e precisan máis dos servizos públicos que a cidade ofrece: os cidadáns con baixos e medios niveis de rendas, os nenos e mozos, os maiores, os inmigrantes e os que acaban de chegar á cidade.

O pasado cuatrienio estivo marcado pola brusca caída –a partir de 2008- dun ciclo expansivo desmedido da construción inmobiliaria, acompañando a unha crise financeira que expande os seus efectos a toda a actividade económica. Pois ben, esta crise atopou á nosa cidade ocupada no impulso dunha política urbanística alternativa: centrada na promoción pública de solo para vivendas de protección dirixidas aos sectores de rendas medias e baixas; na aprobación

definitiva dun Plan Xeral de Ordenación Municipal revisado para afrontar o futuro ata máis alá do 2021 (novo Ano Santo) perfilado nos seus aspectos económicos e sociais nun Plan Estratéxico da Cidade; activa no impulso á urbanización de novos parques empresariais en contacto coa cidade para atraer novas empresas e novos empregos; esforzada na xestión dos investimentos de todas as administracións nas infraestruturas (viarias, ferroviarias e aeroportuarias) que farán de Compostela o centro das comunicacións de Galicia; e nos grandes equipamentos e nas grandes operacións ambientais que reforzarán o seu atractivo para os habitantes actuais e futuros e para os visitantes cada vez máis numerosos.

Foi así como, cando outras cidades e o conxunto de Galicia sufrían da brusca parálise da súa actividade urbanística, Compostela mantivo e mantén un ritmo da actividade destacado, baseado nun sector san e solvente representado maioritariamente na produción de vivenda protexida e de promoción social ou cooperativa, que responde a unha necesidade social e que terá alento mentres non llo negue a crise do creto das entidades financeiras e o efecto directo do desemprego.

Ralentizadas algunhas das novas iniciativas que requiren para o seu impulso de recursos financeiros hoxe moi limitados, a cidade conseguiu manter o investimento público nas infraestruturas e o investimento privado nas iniciativas de vivenda en curso.

Así, os cidadáns vivimos estes anos 'sufrindo' e 'beneficiándonos' dunha cidade 'en obras' que, precisamente nestes momentos de dificultades, afronta actuacións moi importantes de remate e adaptación da cidade ás transformacións habidas e ás novas transformacións por chegar, como son:

- A reforma dos accesos á cidade en san Lázaro, Avda Castelao, Vista Alegre-Galeras, Santa Marta-Choupana, ou da principal vía de distribución urbana (o vial periférico no contorno da estación de ferrocarril) co túnel da Galuresa ou coa Avda Clara Campoamor.
- Os grandes investimentos do Eixo Atlántico ferroviario da alta velocidade, da chegada do AVE ou da construción da nova terminal de Lavacolla.
- As obras de reurbanización en distintos ámbitos da cidade (Meixonfrío, Cancelas, Valle Inclán-San Domingos, Sar-Olvido, Gómez Ulla-Curros Enríquez-Santiago de Guayaquil, San Clemente-Trindade-Raxoi, Cruceiro do Gaio-Pombal, Fontiñas, Ensanche,...)

Pola súa parte, a consistencia do proceso de urbanización que acompañou o crecemento ordenado dunha cidade que encabeza a área urbana con maiores taxas de crecemento entre as cidades galegas, permitiu que no pasado cuatrienio concluíra a urbanización dos novos barrios de Cornes, Santa Marta,



Castro de Abaixo, As Cancelas-Mallou; e están en avanzado estado de execución os novos barrios de Lamas de Abade, Pontepedriña, A Muíña, Tras Paxonal, Castiñeiriño, carreteira da Estrada; e todos eles en proceso de edificación. Igual que se desenvolveu a urbanización do Sector de Servizos do Camiño Francés e comezou a urbanización do gran Parque Empresarial de A Sionlla que coas súas 138 hectáreas, constituirá unha importante infraestrutura de apoio á reactivación da actividade económica e á recuperación do emprego na cidade nos próximos anos.

A renovación do proxecto urbanístico da cidade que representa o Plan Xeral revisado, vixente desde 2009 , implica unha vantaxosa posición de estabilidade e seguridade xurídica respecto da nosa situación urbanística (somos unha das dúas cidades de Galicia que teñen actualizado o seu planeamento urbanístico); pero sobre todo representa unha sólida posición na definición das prioridades e na construción das oportunidades de desenvolvemento da cidade coa vista posta no ano 2020, sobre a base duns obxectivos e principios alternativos aos que sustentaron os modelos especulativos que entraron en crise noutras cidades e no conxunto do país.

As propostas de actuación para os próximos anos que presentamos a seguir, fanse coa vista posta nese horizonte no que a cidade está encamiñada a un futuro urbanístico baseado nos seguintes obxectivos:

## **UNHA ACCIÓN PÚBLICA CONTINUADA DIRIXIDA A FACILITAR A PROVISIÓN DE VIVENDA ASEQUIBLE**

### **PREPARANDO O SOLO NECESARIO.**

En primeiro lugar, por medio da preparación do solo destinado á protección pública necesaria, para responder ás necesidades da poboación residente, dos novos fogares e da nova poboación que a nosa cidade sexa capaz de atraer. A empresa municipal EMUVISSA constitúe o principal instrumento para esta acción que haberá de convocar aos outro axentes públicos con responsabilidades na política de vivenda e aos axentes privados empresariais e sociais, relacionados con ela.

### **FOMENTANDO O ALUGUER COMO FORMA DE ACCESO Á VIVENDA E FACILITANDO A MELLORA NAS CONDICIÓNS DAS VIVENDAS.**

Aínda no actual escenario de dificultades, as proxeccións demográficas da Xunta de Galicia para o ano 2015 prevén para a área de Santiago o maior dos crecementos de poboación entre o conxunto de áreas urbanas de Galicia, superando en incremento de habitantes as previsións para a área de A Coruña e máis que duplicando as previsións para a área de Vigo –cando unha e outra das grandes áreas urbanas de Galicia duplican amplamente o tamaño da nosa área urbana-. Haberemos de dar resposta dentro da cidade ás necesidades de aloxamento desta poboación que acode en busca das oportunidades de emprego e da calidade de vida que ofrece a nosa cidade; igual que o imos facer para os nosos mozos que necesitan acceder á súa independencia e para os veciños que aspiran a mellorar as súas condicións de vida. Neste contexto, trataremos de situar á nosa cidade en condicións de incorporarse inmediatamente aos novos marcos das políticas de vivenda orientadas á expansión en réxime de aluguer.

### **IMPULSANDO A VIVENDA DE PROTECCIÓN.**

O grande esforzo realizado nos pasados anos na urbanización de iniciativa pública de novos barrios dentro da cidade, dotados de servizos, equipamentos e espazos libres públicos, que permitiu poñer no mercado 2.800 vivendas de protección xa rematadas, permite hoxe manter a actividade de construción de 1.000 vivendas por ano nos últimos 3 anos (unhas 670 de protección) que serán ocupadas nos próximos anos e dispoñer dunha reserva de solo urbanizado para a construción doutras 1.064 novas vivendas de protección para poder executar inmediatamente. A isto sumarase no próximo cuatrienio a xestión do solo destinado a vivendas de protección de A Pulleira, co seu Plan Parcial recentemente aprobado con capacidade para 2.200 vivendas. E a

tramitación dos Plans Parciais no Ensanche Norte, hoxe xa redactados, que garantirán unha posterior secuencia continuada de incorporación de nova oferta de solo para vivenda protexida e de prezo taxado para responder ás necesidades que marque o ritmo da recuperación económica, cunha oferta capaz para 2.620 vivendas de protección nun primeiro cuadrienio en Mallou, e apra 2.590 vivendas de protección nun segundo cuadrienio en Cancelas, A Muíña e o norte de Amio.

### **POTENCIANDO A EMUVISSA PARA ACTIVAR OS PROCESOS DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PREPARACIÓN DO SOLO.**

Non estamos dispostos a que se repita a experiencia vivida pola cidade na crise inmobiliaria dos anos 90, cando –rematado Fontiñas- a administración de vivenda non tivo reservas de solo para manter unha política continuada de vivenda económica na cidade e produciu a transferencia de poboación aos municipios limítrofes en canto chegou a recuperación. Dentro das posibilidades do goberno local, coa experiencia acumulada na década dos dous mil a través da empresa municipal EMUVISSA, activaremos os procesos de planeamento, xestión urbanística e preparación do solo para poder responder coa maior rapidez ás demanda de vivenda protexida que xurdan coa recuperación económica, mediante unha oferta situada no Ensanche Norte inmediato e ben relacionado coa cidade continua e cos centros de emprego das áreas empresariais existentes e previstas para o próximo futuro.

### **PARTICIPANDO ACTIVAMENTE NAS POLÍTICAS DE REHABILITACIÓN.**

- A. Por outra parte, a longa e frutífera experiencia que temos acumulada en materia de rehabilitación da cidade histórica –que permitiu mellorar nunha década o estado de habitabilidade dunhas 1.700 vivendas-, é un sólido punto de partida para que Compostela se incorpore en primeira liña ás novas políticas dirixidas á rehabilitación de todo o parque residencial, incluído o construído a mediados do século pasado (como vimos anticipando na cidade cos proxectos de rehabilitación dos grupos de Vista Alegre e Pontepedriña). A Lei de Economía Sostible confía no grande potencial que ten a rehabilitación para valorizar o parque edificado, mellorar as condicións de habitabilidade e a eficiencia enerxética das vivendas, rendibilizar o patrimonio inmobiliario, facilitar a reconversión sostible do sector da construción e xerar emprego cualificado. Un conxunto de valores e prácticas nos que a nosa cidade foi recoñecida repetidamente como pioneira e adiantada e que, agora, réndenos unha vantaxe de posición cara á saída da crise. Demandaremos a creación de Áreas de Rehabilitación Integral para Vite- Almáciga, Avenida de Salamanca e Casas de Ramírez.

## **SOLO EMPRESARIAL COMUNICADO E DE CALIDADE**

A provisión de solo empresarial ben relacionado coa cidade e moi ben conectado co sistema de comunicacións comarcal, nacional e internacional, que sume á condición de capital de Galicia, o prestixio, a proxección internacional e a calidade urbanística que ten a nosa cidade para facilitar a consolidación das nosas empresas e atraer as iniciativas empresariais de novo tipo que xurdan da recuperación da economía.

O crecemento demográfico e económico da área urbana de Santiago, destacado sobre o das outras áreas urbanas de Galicia durante as dúas últimas décadas, está directamente relacionado coa capacidade da cidade para xerar actividades e crear emprego. A nova fase que se abra coa recuperación económica ten que encontrar á cidade preparada para atraer a localización de novas actividades empresariais vinculadas aos sectores produtivos emerxentes e de futuro, innovadores, xeradores de valor e competitivos.

## **CONCLUÍR OS PARQUES EMPRESARIAIS EN MARCHA**

1.No plano urbanístico, isto significa centrar os esforzos inmediatos en garantir a conclusión da urbanización do Parque Empresarial de A Sionlla actualmente en execución polo IGVS para ter en oferta 780.000 m<sup>2</sup> en 200 parcelas para uso empresarial dentro dun sector urbanizado de 1.383.000 m<sup>2</sup> que inclúe unha reserva de 70.000 m<sup>2</sup> para a nova Estación de Mercadorías de A Miñata.

2. En paralelo, o Concello impulsará o proceso de urbanización dos solos empresariais do segundo sector de Costa Vella e de Formarís, actualmente en licitación despois de aprobarse a planificación e a xestión urbanística impulsadas por EMUVISSA, que incorporarán 447.000 m<sup>2</sup> de novos espazos para a implantación dunhas 140 parcelas de uso empresarial.

Un conxunto de iniciativas con capacidade para acoller uns 10.000 empregos, que equivalen ao emprego total creado no conxunto da cidade e cada unha das dúas décadas pasadas.

## **PREPARAR NOVOS ESPAZOS**

Complementariamente, no próximo cuadrinio tramitarase o planeamento xa redactado na Área de Servizos prevista no sur de Amio no nodo de Ponte San Lázaro da AP-9 e do vial periférico, nun ámbito de 87.000 m<sup>2</sup> para usos terciarios exclusivos a localizar nunha posición privilexiada de acceso á cidade, que virá a reforzar o emprego urbano no acceso á cidade por San Lázaro

sumándose á actuación comercial en curso no Camiño Francés e ás grandes implantacións administrativas da zona.

## **SOLO DE CALIDADE PARA A ECONOMÍA DO COÑECEMENTO**

Facilitar a reserva do solo necesario para a expansión da Universidade de Santiago de Compostela, que constitúe un factor estratéxico para o desenvolvemento da cidade tanto pola súa función na formación de recursos humanos como pola súa dimensión científica e investigadora soporte do desenvolvemento da economía do coñecemento, decisiva para conformar o modelo económico para a recuperación.

1. A estes efectos, impulsarase o Parque Científico Tecnolóxico, ben situado no nordeste da cidade.
2. Ademais, desenvolverase a xestión urbanística necesaria para que a USC dispoña dos terreos comprendidos entre o campus Sur e o Río Sarela e o Hospital Clínico Universitario, previstos no Plan Xeral para acoller o Campus de Ciencias da Saúde, peza clave do Campus Vida cualificado como Campus de Excelencia Internacional.
3. Por unha parte, en 2010 produciuse a aprobación definitiva da Revisión e adaptación ao novo Plan Xeral do Plan Especial do campus Universitario, que ordena detalladamente e permite a execución dos 64.000 m<sup>2</sup> que se suman aos usos docentes e de investigación. En paralelo, está redactado para a súa tramitación o Plan Parcial do Sector de Mallou que ven obrigado a financiar 30.000m<sup>2</sup> que hai que adquirir para es ampliación e dos que o Concello xestionou xa por convenio cos propietarios 11.300 m<sup>2</sup> para a súa cesión anticipada transferida xa á USC.
4. Por outra banda, desenvolverase a xestión urbanística dirixida a realizar a reforma urbana necesaria para rematar o Campus de Ciencias da Saúde en contacto co nodo de acceso ao Hospital Clínico, dispoñendo 7.500m<sup>2</sup> e resolvendo o realoxo das vivendas existentes.
5. En cuarto lugar, está prevista unha reserva de 7.600 m<sup>2</sup> para usos sanitario-universitarios, inmediata ao Hospital Clínico na Cantaleta, que será cedida polo desenvolvemento da urbanización do contorno do Castriño de Conxo entre a Volta do Castro e os Chouchiños, e cuxa xestión urbanística será planificada e iniciada nos próximos anos.
6. Por último, desenvolverase a construción do Instituto de Ciencias do Patrimonio, centro estatal de referencia do Consello Superior de Investigacións Científicas, en 5.250 m<sup>2</sup> reservados para o efecto no recentemente aprobado Plan Especial das Brañas de Sar, nas proximidades do Multiusos do Sar.

## **UN URBANISMO INTEGRAL E DE CALIDADE**

Pretendemos tamén avanzar na planificación dun desenvolvemento baseado na integración urbana, na diversidade social e de actividades, na mobilidade sostible, integrador das periferias e difusor da calidade de vida. Acomodándose aos ritmos marcados pola situación económica, desde a entrada en vigor do Plan Xeral, activáronse distintas iniciativas privadas e públicas que serán acompañadas para a súa correcta inserción nos criterios que orientan o modelo de cidade continua prevista no Plan. Resulta así que maioría das previsións do Plan Xeral de 2008 foron seguidas en a penas dous anos por iniciativas de planeamento de desenvolvemento de iniciativa pública (no Ensanche do norte) e privada (en distintos emprazamentos dos previstos no Plan). A dirección pública do proceso de desenvolvemento urbanístico levará a manter as prioridades marcadas, acomodadas ao programa de infraestruturas que acompañan as distintas actuacións e atendendo á secuencia funcional requerida para garantir o bo funcionamento das actuacións.

En todo caso, cómpre subliñar o avance na normalización do proceso de planificación urbanística continua. No plan Xeral de 1990 tiveron que pasar sete anos para ter aprobados o 60% dos plans parciais previstos para os dous cuatrienios. No Plan Xeral de 2009, aos dous anos foron presentados a trámite os plans parciais de máis do 90% da capacidade residencial prevista para os dous cuatrienios.

## **FAVORECER A TRANSFORMACIÓN DOS ESPAZOS CON PLANS PARCIAIS APROBADOS OU EN TRÁMITE**

Nos dous anos transcorridos de vixencia do Plan Xeral, das nove actuacións urbanizadoras previstas para o primeiro cuatrienio –malia o contexto desfavorecedor- foron aprobados definitivamente os plans parciais de A Pulleira, de Vite de arriba, de Formarís e de A Sionlla, e están presentados a trámite os plans parciais de Mallou, Torrente e Muíño de Vidán. Sete actuacións que representan 6.200 vivendas (o 90% das previsións no Plan Xeral para o cuatrienio) e a totalidade do solo empresarial, que iniciaron xa o seu proceso de desenvolvemento e que se sitúan na grella de saída para executalos no momento en que a recuperación o demande.

## **IMPULSAR OS PLANS PARCIAIS PENDENTES DE URBANIZACIÓN PRIORITARIA**

Adicionalmente, están presentados a trámite anticipadamente os plans parciais dos solos previstos para o segundo cuatrienio na Agra dos Campos e Monte do Gozo, igual que os de Cancelas-A Muíña, Amio Norte e Sur, e xa en

tramitación o do Monte do Seixo. Seis das once actuacións previstas de urbanización prioritaria para o segundo cuatrienio.

## **ENRIQUECER A CIDADE CON NOVOS ESPAZOS PÚBLICOS**

Na liña de avanzar todo o posible na tramitación e xestión urbanísticas das accións de completamento da urbanización da cidade, nos barrios e no contorno dos novos ensanches, impulsárase o desenvolvemento dos pequenos polígonos distribuídos pola cidade que permitirán executar novos espazos públicos, zonas verdes e prazas e rúas que enriquezan os servizos de proximidade.

**Continuar actuando na cidade histórica, singularmente na periferia.** Na medida das disponibilidades orzamentarias, haberá de continuar a reurbanización da cidade histórica, especialmente na súa periferia:

1. Seguindo coa mellora das vellas travesías Pastoriza-San Roque, Virxe da cerca, San Clemente-Pombal (unha vez executadas As Rodas-Valle Inclán-San Domingos e Galeras-Salvadas-Vista Alegre), así como os eixos Carretas-Entrerriós e Patio de Madres-Castrón Douro- Pitelos e a Praza da Universidade.
2. Executando pequenas actuacións como as da Toxeira de San Lourenzo desde a Carballeira, ou o remate da alameda no Cruceiro do Gaio (unha vez executadas as aperturas da Costa de San Francisco a Galeras ou de Castrón Douro ao Parque de Belvís e ao Olvido).
3. Facilitaremos a reurbanización da peza do borde do Casco Histórico que ten a Universidade en Galeras, para contribuír ao embelecemento urbano e posibilitar a construción da Facultade de Medicina. Seremos respectuosos co volume determinado pola norma actual.
4. Impulsaremos a reforma da Praza do Matadoiro, facilitando un acceso directo ao Parque de Belvís, eliminando a actual Casa de Xuventude, ocupada actualmente por dependencias da Xunta de Galicia.

## **Proseguir programas de reurbanización e dotación de servizos no resto da cidade.**

Igualmente proseguirán os programas de reurbanización e dotación de servizos de abastecemento de auga e alcantarillado nos núcleos rurais e nos solos urbanos dos corredores exteriores, impulsando a redacción de plans especiais de ordenación e de mellora dos núcleos rurais de maior tamaño que teñen sufrido un proceso máis vivo de crecemento.

### **Mellorar o sistema de articulación interna da cidade**

1. Conclusión da reurbanización do vello eixo interior da travesía da cidade histórica: San Caetano – Basquiños – San Roque, Virxe da Cerca – Praza de Galicia – Senra – Xoan carlos I – Rosalía de Castro ata Romero Donallo.
2. Conclusión do Acceso desde o enlace da Avda. de Asturias no Vial Periférico ao novo Parque Empresarial de A Sionlla.
3. Execución progresiva a través dos plans parciais de Mallou e A Pulleira do novo eixo urbano: Rúa de Lisboa – Monte dos Postes – Cancelas – Avda. de Asturias - Boisaca.
4. Execución progresiva a través dos plans parciais de Amio e da Pulleira do novo eixo urbano: Cidade da Cultura (AP-9) – Glorieta Alta de Fontiñas no Periférico - Rúa de Roma – San Lázaro – Avda. de Asturias
5. Execución do corredor Combarro – Lamas do Abade – Cruceiro de Sar, parcialmente a través dos plans parciais de Lamas do Abade e da estrada da Estrada
6. Execución da Vía Parque : Rúa Camilo Otero - Ponte Pedriña – Sar – Cidade da Cultura.

### **Completando o programa de reurbanización do Ensanche.**

1. Actuando sobre as rúas que faltan por reurbanizar, cun nivel de calidade similar ao das últimas actuacións e extremando a atención ás necesidades de residentes e comerciantes da zona.
2. Remodelando a Praza de Galicia de acordo coas previsións do Plan de Mobilidade
3. Impulsando a Estación do AVE, que está chamada a converterse nunha peza destacada no borde do Ensanche, permitindo a integración da infraestrutura ferroviaria coa cidade e facilitando a conexión peonil con Pontepedriña

### **Mellorando a calidade urbana dos barrios**

Co obxectivo de mellorar os servizos públicos, reducir o consumo enerxético, eliminar barreiras arquitectónicas e manter as prazas de estacionamento existentes na actualidade propomos as seguintes actuacións prioritarias:

1. Castiñeiriño: Urbanización do núcleo de Lamas de Abade
2. Conxo: Urbanización da rúa do Penedo e de Pai da Cana
3. San Lázaro: Urbanización da rúa do Cubelo
4. Choupana – Santa Marta: Urbanización da rúa da Espiñeira



5. Vite: Urbanización da rúa Carlos Maside e Blanco Amor
6. Vista Alegre: Urbanización da rúa Parque de San Xoán
7. Meixonfrío: Urbanización da rúa da Cañoteira e da rúa das Mulas
8. Almáciga: Urbanización da rúa de Enfesta e instalación dun ascensor que comunique a rúa do Pino coa Estación de Autobuses
9. San Pedro: Urbanización da rúa Batalla de Clavijo e Puente La Reina
10. Sar: Urbanización da rúa da Travesa de Ponte de Sar
11. Cancelas: Urbanización da rúa 25 de xullo
12. Fontiñas: Continuar coa mellora das rúas e das vías públicas

### **Impulsando un Plan de Actuación Municipal para o espazo rural**

1. Creando unha Concellería de Medio Rural, que teña como obxectivo mellorar o nivel de benestar, a dotación de servizos públicos, a valorización das actividades e a protección do medio natural dos máis de 200 kilómetros cadrados de Compostela.
2. Esta Concellería debe formular e xestionar un Plan de Actuación Municipal integral e plurianual, con actuacións en auga e saneamento, vías públicas e camiños, recuperación patrimonial, dotación de elementos de mobiliario urbano, etc. Este Plan debe ser formulado contando coas opinións e a participación dos veciños, e singularmente FERUSA.
3. Debemos incorporar nas accións de promoción económica, emprego e turismo as actividades e os espazos rurais, procurando fórmulas de financiamento con fondos comunitarios.

## **COMPOSTELA, CIDADE VERDE**

### **MELLORANDO E AMPLIANDO OS ESPAZOS VERDES**

Continuando o camiño que está facendo dos espazos naturais urbanos e periurbanos de Compostela un sinal de identidade diferenciador que acompaña á cualidade da cidade Patrimonio Mundial, centrarémonos na mellora dos usos dos parques e a recuperación de novos espazos para o lecer de composteláns e visitantes:

1. Continuando coa recuperación ambiental e o acondicionamento da Selva Negra, adquirida nos anos pasados polo Consorcio, para completar co Parque da Granxa do Xesto o grande parque público periurbano no corazón do Monte Pedroso, que ofrecerá 77,5 hectáreas para o disfrute na natureza ao pé da cidade histórica.
2. Avanzando na xestión para a adquisición e posterior execución das 15 hectáreas dos parques urbanos que acompañarán ás actuacións futuras de urbanización prioritaria: Parques urbanos de Penamaría e Outeiro das Cancelas no ensanche norte, parques de Volta do castro, Torrente e Castro de Conxo no borde do ensanche sur.
3. Contribuíndo á re-urbanización do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela, por medio dunha actuación que permita actuar sobre viais, parques e zonas deportivas. Deberá facilitar os usos brandos de transporte, facilitando o uso peonil e de bicicleta. Procuraremos a colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago nesta actuación, que deberá elevar o seu valor como zona verde, como espazo de ocio e encontro, como soporte da actividade universitaria..
4. Facendo das Brañas do Sar o gran parque urbano de Compostela, comprometéndonos nesta lexislatura a adquirir o conxunto dos terreos para preservalos e comezar o seu acondicionamento como parque natural (37,5 hectáreas), por parte do Consorcio.
5. Facendo as actuacións preparatorias para estender a protección nas ribeiras do Sar, tanto cara as súas fontes (Parque das Fontes do Sar) como a continuación do Restollal, no camiño de efectuar unha protección integral do Sar no conxunto do territorio municipal
6. Actuando nos parques existentes para mellorar as súas funcións, dotándoos de novos servizos, desde cafeterías a espazos biosaludables, e xeito que poidan ser máis utilizados polos composteláns e visitantes.
7. Crearemos no parque de Belvís un espazo adaptado para o paseo de cans, que facilite o confort animal, a seguridade e a limpeza. Terá unha superficie

mínima de 5.000 m2. Estudaremos a posibilidade de establecer espazos similares noutros parques da cidade.

8. Traballando con ADIF para transformar en Senda Verde o antigo trazado ferroviario desde a estación de A Sionlla até o remate do termo municipal, Esta iniciativa debería ser complementada até a estación de Uxes, próxima a A Coruña.

## **MELLORANDO AS INFRAESTRUTURAS E A XESTIÓN HIDRAÚLICAS**

### **Racionalización do consumo de auga**

Nos últimos anos fixéronse esforzos na racionalización do consumo, cara ao fomento dun consumo responsable.

O volume de auga non facturada (rega e perdas na rede) descendeu do 25,76% no ano 2005 ata o 21,19% no ano 2008. O ratio de consumo por habitante descendeu nun 4,13% no mesmo período.

#### Liñas de Acción

1. Manter os ratios de consumo por habitante en torno aos 270-280 l hab/día - reducidos segundo os estándares de consumo estimados polo Ministerio de Industria para este tipo de poboación-.
2. Reducir o volume de auga non facturada en dúas liñas:
  - Melloras no mantemento da rede para minimizar ás perdas de auga.
  - Incentivar o reciclaxe de auga na rede de rega (reciclaxe das augas de choiva, aproveitando as redes separativas executadas nos últimos anos nas actuacións de urbanización e reurbanización) e utilizar os mananciais e regos superficiais que atravesan os grandes parques.
3. Mellorar a relación entre os consumidores e os prestatarios do servizo, que deberá acometer novas unidades de información e unha resolución máis áxil das reclamacións.

### **Modernización da rede de abastecemento**

Abordadas as principais actuacións nas grandes conducións de abastecemento (Cinturón Xeral de abastecemento), e das Redes Principais de Distribución (asociadas aos polígonos do sur: Conxo, Cornes, Santa Marta, e ás actuacións de reurbanización das Travesías da Cidade: Avda Castelao, Galeras, Salvadas, Rosalía de Castro, San Lázaro), compe acometer as seguintes

#### Liñas de acción

1. Acometer as accións de mellora do servizo no funcionamento da rede principal: Implantación de válvulas reguladoras de presión, chaves de redución e conexión coa rede miúda, que melloren o mallado da rede de abastecemento.
2. Incentivar o mantemento da rede menor, asociado ás accións de reurbanización menor, substituíndo os condutos de menor sección, contribuíndo á mellor funcionamento do conxunto da rede e a reducir as perdas de auga.

3. Plan de alerta de inundacións, con sistemas de notificación automática por medio de informes e / ou paineis das posibles inundacións en áreas específicas, causando problemas para a circulación de autobuses, a habitabilidade da vivenda, ou simplemente cambios na planificación das actividades ao aire libre. O sistema debe combinar previsión a curto prazo con base en radares meteorolóxicos, con información en tempo real sobre os pluviómetro e o fluxo da auga, todo desde un modelo matemático da conca modelada. Isto permite cumprir a directiva europea sobre Flood Risk Management (2007/60/CE).
4. Plan de mellora de abastecemento dos depósitos de auga, para aumentar a oferta nos futuros desenvolvementos de parques urbanos do norte, regulando o fluxo ideal para garantir o subministro eficiente, aproveitando as grandes infraestruturas existentes.
5. Plan de telesupervisión do ciclo integral da auga, para a mellora da calidade do abastecemento de auga e o seu retorno para o ambiente a través do control en tempo real dos puntos da rede de auga e saneamento, permitindo a detección precoz de anomalías e acción rápida, aumentando a súa eficiencia

### **Renovación da REDE DE SANEAMENTO**

Nos últimos anos foron executadas importantes actuacións de implantación de novas redes principais de saneamento (Colector Interceptor do Río Sar e Rede de Colectores e nova EDAR da cunca de Santa Lucía) , polo que foi incrementada e mellorada notablemente a extensión da rede do servizo de saneamento de auga ata acadar os 621 km, fronte os 454 km existentes no ano 2005.

#### Liñas de acción

1. Acentuar as liñas de cooperación interadministrativas co Ministerio de Medio Ambiente, coa Xunta de Galicia e coa Deputación Provincial, para completar as grandes actuacións previstas (Adecuación da EDAR de Silvouta, renovación dos colectores interceptores, completamento do saneamento dos núcleos rurais). A EDAR de Silvouta debe ser obxecto de licitación inmediata, cos máis elevados estándares técnicos.
2. Realizar un Plan director de saneamento, para a planificación estratéxica do sistema de drenaxe da cidade, cunha focaxe non só na saúde, se non como parte integrante da xestión ambiental, mediante a aplicación de novas técnicas de manexo de augas pluviais locais que permitan optimizar o investimento para o desenvolvemento sostible do PXOM. Tamén permite un diagnóstico preciso das redes soterradas identificando os actuais e futuros puntos quentes xerados en tempo chuvioso.
3. Racionalizar a utilización da rede de colectores separativa coa reutilización da auga canalizada pola rede de augas pluviais.

4. Completar o saneamento integral das parroquias do rural e, neste sentido, impulsar o Convenio asinado coa Consellería de Medioambiente da Xunta de Galicia, co obxectivo de levar o saneamento a diversas parroquias do norte da cidade.
5. Incentivar a implantación de sistemas de depuración local nos núcleos rurais nos que o Concello de Santiago é pioneiro en Galicia (Sistemas de Depuradoras Compactas para pequenas poboacións adaptados á Directiva 91/271/CEE).

### **Outras accións**

1. Seguiremos avanzando no programa de compostaxe caseira, que supón na actualidade a bonificación do 50% da taxa de lixo os veciños que participan.
2. Continuar coa política de educación ambiental, coordinada coas asociacións ecoloxistas. Accións como a redución de xeración de residuos serán obxectivos prioritarios
3. Instalación dunha pequena Planta de Compostaxe dos residuos dos nosos parques, que se reutilizará como abono – compost nos mesmos.
4. Manteremos e impulsaremos iniciativas como as charlas nos Colexios e nos Centros Socioculturais, mantendo como Centro de referencia o Centro de Interpretación Ambiental de Belvís.

#### 4. COMPOSTELA: 2011-2021. PATRIMONIO E CULTURA.

No programa electoral presentado polos socialistas no ano 2007 facíase unha reflexión que mantén a súa vixencia e que guía tamén a nosa proposta en materia de cultura.

A realidade económica da contemporaneidade pode definirse por dous trazos: a internacionalización e a cuaternarización. De xeito paralelo ao desenvolvemento dos medios de transporte e comunicación, que facilita as relacións rápidas, frecuentes e de baixo custo, en diñeiro e tempo, que está detrás da crecente internacionalización da economía, prodúcese tamén a extensión da cultura, a información, as modas e os valores como factor de desenvolvemento, ligada ao crecemento, como feito económico, do tempo de lecer das persoas así como das necesidades xerais de acceso á cultura e á información.

Dende o punto de vista cualitativo, ese proceso de economización da cultura (e tamén da ciencia) pode ser considerado con reservas, por supoñer un risco de redución da riqueza, en profundidade e variedade, do impulso humano na procura do coñecemento ou da beleza, nunha viaxe que se podería cualificar como a que vai da “cultura” ao “entertainment”, ou da ansia de “coñecer” á de “producir”, pero é evidente que tal proceso é unha característica esencial da modernidade.

Como se deduce de xeito doado, para acadar esa visión a cultura, na súa ampla dimensión, é unha peza esencial. Para iso, o periodo que media ata o seguinte ano Santo, a celebrar en 2021, debe supoñer un gran salto cualitativo para a cidade e para Galicia: 10 anos nos que desenvolverse arredor destes tres conceptos: PATRIMONIO, CULTURA E COÑECEMENTO.

## **PATRIMONIO: O SISTEMA INTEGRADO DE CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA CIDADE HISTÓRICA**

Para o mandato comprendido entre o ano 2007 e 2011 os socialistas considerabamos que Compostela estaba en óptimas condicións para acadar a conformación dun sistema integrado de conservación e posta en valor da cidade histórica que pivotara sobre un sistema de conservación do patrimonio construído, un plan de dinamización de usos, un programa de actualización das dotacións de servizos urbanísticos da Cidade Histórica e un programa de conservación e mellora dos espazos públicos.

En boa medida, tales obxectivos seguen a ter vixencia, malia os pasos que se conseguiron nos últimos catro anos. Compostela acreditou a súa capacidade para abordar unha revitalización do seu patrimonio histórico por medio de programas de protección urbanística e de actuación sobre edificios privativos, monumentais e espazo público. Moito do feito é modelo útil para o futuro, desenvolvendo as accións xa comprobadas e usadas.

Así, para o novo mandato, as nosas propostas a este respecto concréntanse en recuperar a cidade histórica por medio da renovación das súas infraestruturas urbanísticas, na inclusión nas políticas patrimoniais das accións medioambientais e na acumulación de novo patrimonio a través das grandes actuacións derivadas das infraestruturas de transporte e comunicación a acometer na década, e, en especial, a Estación do AVE e intermodal e os grandes centros de investigación proxectados na cidade (como vemos noutros apartados do programa).

## **PERFECCIONAR O SISTEMA DE CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO**

A Cidade Histórica ten que marcarse como primeiro obxectivo ser unha realidade viva, mantendo poboación suficiente e rexuvenecendo a súa idade media. Para iso é preciso en primeiro lugar producir condicións de habitabilidade adecuada e a un custe asumible, conservando o patrimonio construído para as xeracións futuras e para o goce no presente. Por iso impulsaremos as seguintes accións:

**1.** Mellorar o asesoramento dos técnicos en relación cos edificios, converténdoo nun dereito accesible para todos. Ese asesoramento –asegurado en termos universais- terá unha extensión temporal indefinida e artellarase en tres compoñentes de cara ao beneficiario:

- Diagnose do estado do edificio e proxecto técnico das intervencións a acometer nel segundo a lóxica dun ciclo de rehabilitación, renovación e mantemento da edificación.



- Información e asesoramento continuo das axudas dispoñibles para as intervencións máis aconsellables en cada momento.
- Apoio aos particulares para a posta en uso do edificio con retornos de rendemento.

De cara á administración, esa actuación terá por obxecto coñecer e supervisar tecnicamente o estado de conservación da e uso da cidade histórica, fornecer de información para a elaboración de programas específicos de axudas e orientar as axudas na dirección máis aconsellable para o obxectivo xeral de conservación e uso da cidade histórica.

**2.** Seguiremos impulsando as axudas aos titulares dos inmobles, diferenciadas en tres grandes bloques:

- Axudas dirixidas á rehabilitación e renovación, que serán financiadas con recursos dos correspondentes plans de vivenda.
- Axudas para o mantemento das edificacións, por medio dunha mellora do programa TER é MANTER, con recursos financiados polo Consorcio de Santiago.

Axudas específicas para a actuación sobre elementos singulares das edificacións, e a integración das mesmas no sistema de dotación e renovación de infraestruturas urbanísticas e enerxéticas en coerenza cos requerimentos do Plan Director de Infraestruturas. Estas axudas serán financiadas con recursos específicos do Consorcio ou cos derivados do propio Plan Director de Infraestruturas

3.Traballaremos, na medida das posibilidades económicas, para impulsar a implantación do programa de edificios tutelados –no que os particulares beneficiáanse dunha rehabilitación integral financiada pola administración a cambio da cesión en usufruto a esta dos edificios para a súa inclusión nun mercado público de aluguer-.

4. Desenvolveranse iniciativas de bolsas de aluguer que incentiven as axudas á rehabilitación de vivendas (e non só de edificios), en colaboración con EMUVISSA..

### **IMPULSAREMOS UN PLAN DE DINAMIZACIÓN DE USOS.**

É preciso tamén orientar a oferta comercial, para conseguir implantacións que atendan ás necesidades da poboación residente e produzan valor engadido. Para iso,

1. Impulsaremos unha ordenanza de usos. No que atinxe a locais en planta baixa, as axudas públicas á rehabilitación cada vez máis terán que ligarse co uso. Para iso, cómpre, xa que logo, dispoñer dun instrumento xurídico que alicerce o sistema de axudas. Ese instrumento debe ser unha ordenanza de usos a fomentar en baixos da cidade histórica, de conformidade cun mapa de usos

preferentes. A construción dese mapa basearíase nun modelo conceptual e cultural de preservación funcional da cidade histórica.

Só os usos incluídos na ordenanza serían obxecto de axuda, con independencia de que a normativa urbanística posibilite autorizar outros non preferentes (que xa non serían fomentados).

2. Para estes programas, é indispensable a cooperación no sistema de conservación da cidade histórica de operadores de uso (tipo *EMUVISSA*, ou Sociedades públicas de Aluguer).

3. Impulsarase a negociación cos titulares de edificios dotacionais (especialmente eclesiásticos) que teñan índices de desocupación que fagan perigar a súa conservación, de plans de usos compatibles cos actuais e coa súa natureza específica.

### **INCORPORAREMOS SERVICIOS, SEGUINDO UN PLAN DIRECTOR DE INFRAESTRUTURAS.**

Este programa, derivado dos traballos preparatorios realizados nos últimos catro anos, deberá estar establecido antes de que remate o ano 2013 e contar coa participación de todos os servizos municipais afectados así como das empresas subministradoras de servizos por el afectadas. O Plan procurará a incorporación paulatina de servizos aínda non dispoñibles, e a reposición e actualización dos xa consolidados, de xeito compatible coa política de conservación xeral da cidade histórica.

Para facer viable o programa, daráselle corpo institucional á mesa técnica de operadores de servizos urbanísticos na cidade histórica recentemente aprobada polo Concello e confiada á acción coordinadora do Consorcio.

No cadro do Plan desenvolverase a política de renovación dos recursos enerxéticos da cidade histórica.

### **UN PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS.**

Proseguirase na actuación de conservación e mellora de espazos públicos no centro histórico, en estreita colaboración entre o Concello e o Consorcio da Cidade de Santiago. No contexto do mesmo, é esencial incorporar os espazos de valor ambiental, os parques e as zonas de contacto da cidade histórica co seu contorno natural, en especial as ribeiras dos ríos Sar e Sarela, de xeito que os aspectos ambientais se inclúan como parte da política patrimonial.

## A DOTACIÓN DE NOVOS EQUIPAMENTOS

A ubicación próxima de dotacións, en igualdade de condicións con outras áreas, é un elemento moi relevante para os cidadáns da cidade histórica. Manter poboación significa tamén facer unha adecuada oferta de equipamentos e servizos. Nesta liña, propomos para os seguintes catro anos:

1. Demandaremos á Xunta de Galicia a licitación inmediata do Centro de Saúde previsto en Galeras.
2. Xestionaremos unha ubicación máis ampla e adecuada para o centro sociocultural da cidade histórica, que permita ofrecer servizos e actividades ao conxunto da poboación.
3. Efectuaremos unha oferta adecuada de aparcamentos para residentes en horario nocturno, desenvolvendo a Ordenanza, na contorna da cidade histórica, procurando reducir a presenza de vehículos nos espazos sensibles pero tamén dar solución a residentes e comerciantes.
4. Realizaremos pequenas intervencións para incorporar ao uso público espazos verdes singulares, algunha zona deportiva ou espazos de lecer.
5. Iniciaremos as actuacións previas nas Hortas, co obxecto de convertelas nun espazo de esparcemento para a cidade histórica.
6. Actuaremos sobre a praza do matadoiro, facilitando a conexión entre a Porta do camiño e o parque de Belvís.

## **PROSEGUIREMOS A APOSTA POLA CULTURA E A CREACIÓN**

Que a cidadanía poida gozar dunha oferta cultural diversa e de calidade é primordial para os composteláns. Por unha parte a oferta cultural confórmase como unha das mellores posibilidades de goce do tempo libre das que podemos atopar en sociedade. Permite que os artistas expresen as novas ideas que configuran a vangarda social a través de canles construtivas e aporta un gran valor engadido á comunidade. Do outro lado os veciños poden gozar e aprender con esas novas fórmulas.

A cultura é a ferramenta perfecta que complementa a formación académica e a educación familiar, afondando no crecemento persoal e humanístico a través de valores coma o traballo en equipo, o respecto das opinións diversas, a igualdade ou mesmo a oratoria, a dialéctica ou o desempeño de diversos roles, todos eles ferramentas útiles para o cidadán na sociedade actual na que convivimos. É unha expresión de creatividade que ten unha dimensión económica relevante, unha oportunidade de vivir unha vida plena, ao tempo que se crea riqueza e emprego.

Os Composteláns, como Galegos, temos a sorte de poder ofrecer unha idiosincrasia cultural ben definida ao mesmo tempo que somos un nexo de unión co resto das realidades culturais europeas. Anualmente recibimos a visita de milleiros de persoas que conflúen coas súas diferenzas na nosa cidade, e iso convértenos nun punto de encontro realmente privilexiado con unha potencialidade riquísima e marabillosa. Así, COMPOSTELA xogou nos últimos vinte anos as súas bazas nese contexto de xeito exitoso.

En efecto, Santiago converteuse nunha das cidades españolas nas que a pegada da cultura foi ata tal punto capaz de mesturase co seu perfil urbano que, unha e outra, a cidade e a cultura, mostráronse aos ollos dos cidadáns e dos visitantes dende unha definitoria e indisoluble liña de continuidade. Así, unha cidade pequena en termos demográficos convertíase, por mor das súas infraestruturas e da súa actividade cultural, nunha das Capitais Europeas da Cultura e nun dos referentes culturais de España. Igualmente, o seu selo cultural permitía acrecer o peso doutras funcións representativas dadas institucionalmente, como a Capitalidade da Comunidade Autónoma de Galicia, ou o seu tradicional relevante rol no plano universitario, dando de paso pé a fixar unha posición moi marcada para o establecemento ou pertenza a redes de carácter internacional. A creación cultural e os espectáculos cumpren así unha función de enriquecer o conxunto urbano con actividades e propostas que dotan dun valor adicional outras, e singularmente á turística e representativa.

Ese proceso fíxose posible dende unha posición de liderado municipal e dende unha planificación coherente entre os distintos recursos e a acción política.

No novo mandato, marcado por un contexto de dificultade económica e de ausencia de eventos singulares, como o Xacobeo, que permitan dispoñer de recursos extraordinarios, hai variadas cuestións básicas a considerar

### **OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS EXISTENTES**

1. Reaproveitar as infraestruturas e optimizar o seu uso, dinamizando a base existente, e ampliándoa para integrar nela todas as enerxías dos sectores culturais, á marxe da súa orientación.
2. Propomos a creación dun Foro de coordinación dos operadores culturais de Compostela, para potenciar ao máximo o uso dos recursos e infraestruturas.

### **A COOPERACIÓN DO PÚBLICO E DO PRIVADO.**

1. Compostela aproveitou ben os últimos anos para tecer un cadro institucional público que permitiu levar adiante todos estes procesos culturais mediante acaídas accións de financiamento e de consenso político. O Real Padroado da Cidade, e o Consorcio creado para facer executivas as súas decisións, é a mostra máis relevante. Propomos que o Consorcio siga a xogar un papel sobranceiro na dinamización cultural da Cidade Histórica, que eleve o nivel da oferta da cidade.
2. Tamén a nova condición de capitalidade da comunidade autónoma permite novos enfoques que axuden a estruturar un anovado sistema de participación que consolide e estableza relacións axeitadas entre os diferentes poderes e entre tódolos axentes, coa idea de aproveitar os momentos e as oportunidades de celebracións que son xa periódicas, pero tamén coa capacidade de imaxinar outras, creando cultura a través de dinámicas que dean continuidade a ese estilo de facer institucionalmente cidade.
3. Non obstante, o reto pendente é o artellamento da colaboración entre o público e o privado. Ata o momento, a presenza do privado no desenvolvemento cultural da cidade non pasou de se limitar ao campo dun mecenado financeiro de carácter local, ao recente asentamento de sés de Fundacións de Caixas de Aforro e ás iniciativas de creadores e emprendedores locais, necesitadas de apoio público. O gran patrocinio privado estivo ligado a políticas públicas de exencións fiscais en eventos como Anos Xubilares, a Cidade Europea da Cultura ou a conmemoración este ano 2011 do 800 aniversario da consagración da catedral. A penetración das accións de promoción privada en gran escala foi inexistente. Por iso, propoñemos a elaboración dun plan municipal de cooperación privada no

desenvolvemento cultural da cidade, que poida, no seu momento, servir para dar base a unha acción de financiamento da acción cultural da intensidade que vai requirir a estrutura dupla: Cidade de Santiago, “Cidade da Cultura”.

### **IMPULSAR A CREACIÓN E AS INDUSTRIAS CULTURAIS**

Compostela é o centro da eclosión da creatividade cultural en Galicia en múltiples planos nos vindeiros anos. Hai unha oportunidade singular para, suscitando as sinerxias entre entidades empresariais, singularmente a CRTVG, institucións, pequenas e medianas empresas ou creadores para artellar unha industria cultural máis potente, con proxección externa e orientación ao mercado, na produción audiovisual, na música ou noutros campos das artes. Nesta liña propomos

1. Que o concello faga un labor de catalizador das enerxías existentes, pondo os recursos materiais e inmateriais de que dispón ao servizo desta estratexia, sendo sensible ás necesidades dos creadores e empresas.
2. Sensibilidade no deseño dos espazos de radicación das actividades de produción ás necesidades da creación cultural, habilitando solucións específicas.
3. O establecemento de circuitos estables de difusión cultural que permitan o contacto co público de creadores (música, representación, arte, videoprodución, ...), en colaboración cos espazos e asociacións existentes.
4. Dar cabida na programación propia do concello a estes creadores e actividades.
5. O establecemento de estratexias de colaboración en actividades formativas que permitan a continuidade e modernización de actividades de creación artística orientadas ao mercado (orfebrería, acibeche e outras)
6. O apoio a feiras urbanas con base na creación artística, en colaboración coas asociacións do sector.
7. O vínculo entre a produción propia e a oferta turística que efectúa eo concello.

### **INTEGRAR A CIDADE E A CIDADE DA CULTURA**

O desenvolvemento en Compostela do espazo para a cultura e o coñecemento nos vindeiros anos vai depender, esencialmente, da relación que se estableza entre a cidade propiamente dita e a “Cidade da Cultura”. Esta, en calquera caso, altera de xeito moi salientable os equilibrios sobre os que se fundou unha exitosa política urbá e unha eficaz acción cultural, polo cal unha e outra teñen que mudar.

Por iso, malia a “Cidade da Cultura” ser un proxecto responsabilidade da Xunta, o Concello debe analizar e reaxir sobre os efectos do mesmo na súa acción e política cultural.

Estes trazos básicos afectan a varios aspectos esenciais da acción e a política cultural, como son o Rango (é dicir, o espazo no que se quere proxectar esa acción), as infraestruturas e a produción e oferta cultural.

No caso de Compostela o rol cultural sempre debeu sobordar o plano local para desenvolverse nun rango territorial rexional ou suprarrexional. En parte, tal vocación de superación territorial está ligada á propia natureza da cidade. Así, a súa función tradicional de destino e razón de ser do Camiño Xacobeo, que a sitúa no imaxinario europeo desde a Idade Media; a proxección internacional da súa riqueza patrimonial e o recoñecemento mundial aos esforzos de conservación e rehabilitación do patrimonio, que a converteron nunha referencia; tamén, a realidade actual do turismo, que depende en última *ratio* da proxección da imaxe da cidade e a súa entrada no arquivo dos soños dos cidadáns occidentais, e contribúe a difundir os activos da cidade. Máis recentemente, a condición outorgada de capital de Galicia, que obriga a cumprir funcións de porta de relación entre Galicia e o mundo, e a localización central no sistema de cidades ao que de xeito crecente está tendendo Galicia, sendo a porta de entrada e saída aérea internacional e axiña tamén ferroviaria.

Con estes factores, os últimos anos puxeron de relevo a capacidade de Compostela para, aproveitando unha política cultural, dimensionada para unha cidade de tamaño medio e facendo unha aposta radical pola calidade e a modernidade, ampliar o seu espazo de proxección ata límites xeográfico-referenciais rexionais e suprarrexionais, fundamentalmente no plano referencial, e, estacionalmente, para unha ampla comunidade de visitantes internacionais, convertidos, agora sí, en usuarios directos da cultura da cidade.

Pois ben, a “Cidade da Cultura” vai esixir un cambio de escala nese plano de captación de usuarios directos, tanto dende o punto de vista da intensidade no plano interno da comunidade autónoma, como no da extensividade territorial. Para iso, propoñemos que a acción cultural e de fomento do coñecemento da cidade nos vindeiros anos vaia dirixíndose a un incremento da significación supralocal e rexional dos programas, co obxecto de ir consolidando a atractividade de Compostela de cara ao futuro.

No que atinxe ás infraestruturas e equipamentos nos anos pasados, dunha excepcional riqueza a este respecto, só se produciu unha carencia aínda non resolvida, relativa ás infraestruturas de produción (polos de desenvolvemento artístico, tecnolóxico e industrial, como factorías culturais).

A “Cidade da Cultura”, dende este punto de vista, debería contribuír á solución desas carencias, pero formula o reto da reconfiguración de toda a infraestrutura preexistente sobre a cal produce duplicidades (infraestrutura teatral, musical, bibliotecaria e museística), e tamén o da integración no cadro urbano dese proxecto, evitando o risco da conversión de Compostela no espazo en que se produce a loita entre dous polos temáticos, a “Cidade da Cultura” e “a catedral”, é dicir, no baleiramento cultural da cidade.

1. Para iso, propoñemos unha progresiva acción de redefinición dos espazos e infraestruturas culturais da cidade para procurar, no momento de posta en funcionamento pleno da “Cidade da Cultura” unha actuación coordinada e eficiente de complementariedade. Neste sentido, é moi importante analizar as posibilidades de relación das infraestruturas da cidade e a Cidade da Cultura, para o desenvolvemento futuro de proxectos conxuntos ou coordinados.

2. En concreto,

- Relacionar e trabar a acción cultural da cidade histórica coa da Cidade da Cultura, de xeito que ambas as dúas sexan un polo de desenvolvemento e acción cultural, e non dúas realidades a competir entre elas. Este é un traballo que esixe fiar a acción cultural das institucións locais (Museo do Pobo Galego, Museo das Peregrinacións e de Santiago, Museo de Terra Santa, Fundación Eugenio Granell, Fundación Gonzalo Torrente Ballester, CGAC, Centro Dramático Galego, Auditorio de Galicia, Real Filharmonía de Galicia/Escola de Altos Estudos Musicais, Conservatorio Profesional de Música, Biblioteca Anxel Casal, USC, Museo Luis Iglesias de Historia Natural) coas distintas unidades da Cidade da Cultura e artellar un proxecto unitario que xogue coas complementariedades e as sinerxias.
- Solventar a conexión física peonil entre a Cidade Histórica e a Cidade da Cultura, por medio de infraestruturas non agresivas, viables e rendibles en termos económicos, como o telecabina xa proposto dende o Consorcio.

3. A acción cultural de Compostela debe, ademais, procurar tres orientacións coherentes coa centralidade que, en relación con Galícia, vai aportarlle á Cidade a existencia da Cidade da Cultura:

- A proxección e relevancia cualitativa dos proxectos a impulsar, que deben acadar unha orientación sostible e de alta calidade (como exemplo, están as políticas de consolidación de Festivais de diversa índole ou o nivel de excelencia e rendibilidade social de proxectos e institucións xa consolidadas, como a Real Filharmonía de Galícia e a Escola de Altos Estudos Musicais, coa súa reorientación recente).
- A integración na acción cultural urbana dos discursos e proxectos participativos, o cal remite á relación entre a acción cultural de base e a especializada e profesional.



- A busca de accións cooperativas cos proxectos culturais do resto das cidades e vilas de Galicia.

Pero, ao mesmo tempo, a cultura, e as infraestruturas sócio-culturais creadas en barrios e parroquias, debe ser unha ferramenta para dinamizar a vida cotiá dos composteláns, axudando a acrecentar a súa calidade de vida.

## **PRIORIZAREMOS A CULTURA DO PATRIMONIO HISTÓRICO**

O Patrimonio e o medio ambiente non son só cuestións infraestruturais ou urbanísticas. Son, esencialmente, un elemento constitutivo da cultura. Así, o desenvolvemento das políticas de planificación urbana e rehabilitación do centro histórico tiveron un eco fundamental na posición de Compostela no mundo internacional da cultura. Sen embargo hai varias accións, moitas delas xa colocadas en axenda política, que deberán desenvolverse para consolidar esa posición.

1. Así, o Museo de Santiago e das Peregrinacións debe configurarse como o grande proxecto cultural dos vindeiros anos. Como actividades a integrar no desenvolvemento do citado Museo, Compostela debe sistematizar o seu valor como laboratorio de coñecemento da práctica patrimonial e ambiental, por medio de masters e cursos, en relación coa rehabilitación e outros elementos asociados; impulsar o concurso internacional iberoamericano de intervencións sobre o Patrimonio Histórico, previsto na programación plurianual do Consorcio para o período 2007-2010 e mantido na do período 2011-2014, en colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional e a Cooperación Galega, e, por fin, co desenvolvemento do INCIPIT, Centro de Referencia Estatal en materia de Patrimonio Histórico, a construír polo CSIC na área de Brañas de Sar.
2. Igualmente, neste campo é esencial aproveitar o traballo que se vai derivar da execución do Plan Director da Catedral e da reconfiguración da xestión do templo con vistas á súa valorización cultural e patrimonial.

## **A PRODUCCIÓN DE EVENTOS DE RELEVANCIA INTERNACIONAL**

No outro plano, COMPOSTELA ten unha grande oportunidade para reforzar o seu papel no contorno cultural ibérico e internacional por medio dunha secuencia regular de festivais, aproveitando iniciativas existentes, incipientes ou que existiron, e que son peza fundamental para o desenvolvemento e sostibilidade turística.

O encaixe destas iniciativas entre a infraestrutura cultural urbana e a propia “Cidade da cultura” vai ser, ademais, fundamental para resolver o problema da súa complementariedade.

1. A estes efectos, cómpre continuar potenciando as experiencias de “Cineuropa”, do festival internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”, do “Festival de Músicas Contemplativas ou o Compostela Organum Festival” así como o recentemente programado Festival de Música Medieval “ITINERE”.
2. Propomos a creación dun “Festival Internacional de Teatro”, centrado no campo iberoamericano e na figura de Valle Inclán;
3. Defendemos a potenciación de “Música en Compostela”, cursos internacionais de fonda raizame en Compostela; a consolidación de festivais nados de iniciativas de salas alternativas locais, como o Festival de Danza de Rúa (En pé de pedra), o Festival Alternativa, o Festiclown o o Festival de Maxia.
4. Promoveremos a existencia dunha Feira en materia de artes plásticas, en colaboración cos Galeristas e co CGAC,
5. Estudaremos a posibilidade de celebrar algún evento de relevancia arredor do mundo da Moda e o deseño.
6. Cómpre, igualmente, reforzar a conexión entre a Real Filharmonía de Galicia e a Escola de Altos Estudos Musicais, e destas coas estruturas de ensino regrado da música, de conformidade coa reformulación a implantar no curso 2011-2012 para que Compostela dispoña dun peso no campo das ensinanzas musicais acorde á relevancia dos seus recursos.

## **A POTENCIACIÓN DA CULTURA DE BASE. OS CENTROS SOCIOCULTURALS**

Os socialistas composteláns impulsamos a creación da Rede de Centros Socioculturais Municipais. Unha aposta decidida pola proximidade aos veciños/as de equipamentos con importantes prestacións sociais, verdadeiros espazos que permiten a interrelación social e xeracional.

Entendemos estes equipamentos como infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da labor social, cultural e participativa dos veciños/as, como soporte da actividades de numerosos colectivos e asociacións, como achega da labor municipal e de descentralización da administración cara os cidadás /nas.

Poucas cidades poden contar con un equipamento tan extenso , máis de 45 centros e locais que foron medrando desde o ano 1992 para achegar as actividades e recoller as propostas dos veciños/as sen ter que desprazarse do seu contorno.

Queremos seguir traballando polos nosos veciños/as, mantendo vivas as dinámicas iniciadas a través dos múltiples programas e actividades que os Centros Socioculturais xeran e seguir mantendo activos os espazos que conforman estes equipamentos: Bibliotecas. Ludotecas, Box musicais. Salóns

para actos, Espazos asociativos, Aulas informáticas, Atención social, Espazos expositivos, Rexistro municipal (Centro do Ensanche e Fontiñas), Información cidadá ...etc

As nosas accións organízanse en tres eixos principais:

**a)** Consolidar e manter o xa existente

**b)** Facer rendíbeis as prestacións coas que xa conta a Rede de Centros

**c)** Crear e favorecer todas as situacións posibles para o fomento do traballo e a participación das persoas o os colectivos polos seus barrios e pola súa propia calidade de vida coa finalidade de conseguir un desenvolvemento mais sostible da cidade, unha cidadanía mais igualitaria, aumentar a participación e o asociacionismo, potenciar a educación e a cultura, xerar novos hábitos de consumo e de utilización do tempo de lecer, fomentar a colaboración cidadá, aumentar a utilización das novas tecnoloxías, mellorar a calidade de vida das persoas

Obxectivos

1. Consolidar e manter activos os múltiples programas e actividades da Rede de Centros, tanto os programados de xeito individual como os colectivos.

2. Seguir fomentando a convivencia, os espazos socioculturais son idóneos para fomentar a convivencia veciñal e para promover o desenvolvemento integral das persoas coa súa comunidade

3. Incrementar a participación dos veciños/as na vida do seu barrio, cubrir as necesidades nos ámbitos da comunicación, da información da aprendizaxe, do lecer ou da creación, como así se reflexa no regulamento de funcionamento dos centros..

4. Rematar a construción dos centros de Santa Marta, Cancelas e Romaño-Vista Alegre e abrir un centro no Casco Histórico.

5. Facer rendible a Rede de Centros, o que implica optimizar todos os recursos xa existentes e achegar información a cidadanía dos programas que se desenvolven nos mesmos.

6. Analizar a posibilidade de aumentar a outros centros como o Aurelio Aguirre de Conxo ou o José Saramago de Vite o servizo de rexistro municipal, logo de ter posto en marcha o do Ensanche e o de Fontiñas

7. Seguir a traballar coas familias e as persoas que o necesiten a través dos P.A.S.S., puntos de atención de servizos sociais, nos centros socioculturais de Conxo, Ensanche e Fontiñas ou naqueles outros que así o requira a demanda (VITE)

8. Apostar por un traballo interdisciplinar seguindo o modelo das Fontiñas. Recollido na “Guía de entidades de servizo a cidadanía” xa que entendemos

que os barrios son espazos comunitarios nos que existen múltiples recursos que organizados en todas as súas dimensións poden converterse en un ámbito de relacións humanas mais produtivas.

9. Sumar esforzos en pro da autonomía das persoas e da convivencia para levar adiante iniciativas cidadás que fagan de Santiago de Compostela un exemplo de esforzo comunitario

10. Regulamentar a utilización do uso dos centros socioculturais por parte das asociacións para que se faga de un xeito mais igualitario e racional dos mesmos debe ser outro dos obxectivos para sacar a máxima rendibilidade os espazos socioculturais da cidade,

11. Elaborar unha nova guía dos Centros e locais Socioculturais que actualice datos e incorpore os novos equipamentos, esta guía servirá como ferramenta de consulta e axudará o coñecemento de todos os recursos, servizos e equipamentos que conforman a Rede, ademais de facilitar a situación tanto xeográfica, como as actividades que se desenvolven en cada deles

## **UN COMPROMISO COA LINGUA E A CULTURA DE GALICIA**

A lingua galega é patrimonio de todos os cidadáns e non só daqueles que a vinculan a unha identidade cultural. O galego identifícanos colectivamente como país. É un activo a preservar e a vivificar a través do seu uso como instrumento de comunicación e de creación cultural.

O coñecemento das dúas linguas oficiais, compartidas por todos os cidadáns, garante a igualdade de oportunidades no mercado laboral, permite o intercambio social, xoga a favor da cohesión social e da igualdade de oportunidades. A convivencia do galego e o castelán sen conflitos ha ser a tónica habitual e normal no noso país.

Por iso desde o concello debemos considerar ao galego como lingua preferente, empregando os traballadores dos servizos públicos como primeira opción o galego, ao tempo que garantimos os dereitos lingüísticos individuais, de tal xeito que se debe atender na lingua utilizada polo usuario, sen que ninguén se vexa obrigado a cambiar de lingua.

E debemos intensificar os programas en

1. Materia de inmigración, con programas de acollida de lingua galega, tanto para a xente nova como para os adultos.
2. Na empresas de restauración, incorporando o galego de xeito voluntario aos servizos e produtos dos bares e restaurantes. Cómpre promover a súa xunto con outras linguas: castelán, portugués, inglés, etc., nas cartas dos restaurantes, ofrecendo incentivos e asesoramento lingüístico..

3. Promover nas grandes superficies e tamén nos supermercados a presenza do galego na denominación dos produtos.
4. En convenio coa universidade poderíase acordar a etiquetaxe de todas as especies arbóreas dos distintos parques da cidade.
5. Toda a documentación do concello, así como as actuacións que o Concello deba facer diante doutra administración, por exemplo, os xulgados, debe facerse en galego.
6. Debe incentivarse o uso do galego nos concesionarios municipais.
7. Apoiar a produción, edición e difusión da cultura galega.

## 5. EFICIENCIA, CALIDADE, AUSTERIDADE, TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN

Nos vindeiros anos a administración municipal terá que enfrontarse a unha situación financeira delicada, con escasos crecementos dos ingresos e fortísimas limitacións para o endébedamento. Neste contexto, as palabras clave teñen que ser austeridade e eficiencia. Utilizar os recursos administrativos de que dispón o concello para mellorar a prestación dos servizos, reducindo as cargas para os cidadáns e facilitando o cumprimento das súas obrigas; intensificar o uso das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías; efectuar un exercicio de máxima transparencia que permita a todos comprobar que os recursos están volcados a satisfacer as demandas dos cidadáns.

## UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS PARA MELLORAR OS SERVIZOS

Para chegar a un maior número de veciños da nosa cidade, reforzaremos o aproveitamento das novas tecnoloxías da información nas relacións de participación, información, diálogo directo e acceso aos servizos públicos entre os cidadáns e o Concello de Santiago.

Comprometémonos ás seguintes accións:

1. Reforzaremos a web municipal para posibilitar unha información útil de todas as actuacións municipais e así facilitar a comunicación cos cidadáns e organizacións da sociedade civil. Así, desenvolveremos a *Carpeta Cidadá* o que hainos permitir dirixir á cidadanía notificacións electrónicas referentes ós seus procedementos.
2. Os veciños de Santiago poderán realizar progresivamente todos os trámites administrativos municipais a través da web municipal. En concreto, nos dous primeiros anos de mandato, e nas seguintes áreas, estaría dispoñible: Solicitud de voantes de empadramento, solicitude de prazas para os programas de deporte promovidos polo concello, solicitude de prazas nos programas de formación desenvolvidos polo concello.
3. Facilitaremos a tramitación nas oficinas municipais da firma electrónica mediante os oportunos convenios coa Fábrica Nacional de Moneda e Timbre como paso previo á tarxeta de identificación cidadana que permita realizar calquera trámite municipal (consultas, pago de impostos, tramitación de licencias, certificados, etc.) dende o domicilio a través da páxina web do concello.
4. Crearemos novos puntos públicos de acceso á rede municipal, apoiándonos na rede de centros socioculturais, para posibilitar a realización de xestións on-line. Nos primeiros dous anos implantaranse os puntos de acceso nos centros culturais de referencia do concello (Fontiñas, Conxo, Vite, Pontepedriña).
5. Elaboraremos programas de formación e de alfabetización co fin de facilitar o acceso a toda a cidadanía local á sociedade da información, desenvolvendo actuacións concretas para discapacitados e maiores así como outras accións encamiñadas a reducir a brecha de xénero.
6. Elaboraremos, igualmente, plans de formación e de dinamización no uso da administración electrónica tanto para os empregados da Administración coma para os cidadáns e cidadás promovendo o uso de Internet e de aplicacións das tecnoloxías da información.
7. Crearanse ámbitos virtuais de comercio electrónico en colaboración coas asociacións empresariais ou profesionais locais para fomentalo entre

empresas e particulares, implantando o uso da factura electrónica. En concreto promoveranse acordos de colaboración neste ámbito ca Cámara de Comercio e cos Colexios Profesionais de Xestores Administrativos, de Arquitectos Técnicos e de Avogados.

8. Impulsaremos a aplicación da nova lei de administración electrónica, garantindo o dereito dos cidadáns a relacionarse, de xeito telemático, co Concello de Santiago.



## MELLORAS NA XESTIÓN

Ademais, impulsaremos as seguintes medidas de mellora da Xestión das Contas Públicas do Concello de Santiago:

1. Crearemos a figura da "Conta Corrente Tributaria Local", para incentivar e facilitar o pagamento dos tributos locais, permitindo o pagamento fraccionado de todos os tributos periódicos en doce mensualidades.
2. Impulsaremos no municipio de Santiago un órgano de resolución de reclamacións económico-administrativas, así como de mediación extraxudicial, baseado nos principios de celeridade e gratuidade, como órgano especializado e instancia para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de Xestión, Liquidación, Recadación e Inspección de Tributos, Sancións e Ingresos de Dereito Público de competencia municipal. O devandito órgano estará integrado por profesionais independentes de recoñecida solvencia técnica elixidos polo pleno do Concello, por maioría absoluta.
3. As Empresas Locais incluírán prácticas Responsabilidade Social Empresarial elaborando unha Memoria con descrición de indicadores e obxectivos tales como:
  - Aplicación de políticas de Igualdade de xénero e non discriminación.
  - Porcentaxes e número de mulleres contratadas, persoas maiores de 40 anos ou discapacitados.
  - Accións sociais que realiza a empresa en relación aos seus beneficios.
  - Prácticas de Eficiencia Enerxética.
4. Comprometémonos a que no primeiro ano de mandato as licencias de obra menor e as licencias de apertura para actividades sen problemas sexan obtidas no acto.

## TRANSPARENCIA

Os recursos públicos e a xestión dos servizos municipais, deben servir exclusivamente para mellorar as condicións de vida da nosa cidadanía. Por iso comprometemos as seguintes accións:

1. Seguiremos a priorizar o interese xeral sen interferencias de grupos de presión privados o corporativos.
2. Daremos publicidade da información sobre os postos de traballo do persoal eventual adscrito ó gabinete do Goberno municipal.
3. Crearemos bases de datos de acceso público onde podan consultarse todas as subvencións outorgadas o recibidas polos organismos, institucións, empresas, sindicatos o particulares, así como as contratacións das administracións, permitindo a busca tanto por emisores como por perceptores. Ditas bases de datos deberán reflectir claramente tanto o fin da subvención como os mecanismos que se disporán para comprobar o seu correcto uso.
4. Habilitaremos, baixo os requisitos da Axencia Española de Protección de Datos, de canles éticas a toda a administración do concello que permitan a comunicación confidencial, de malas prácticas, violacións das normas éticas, posibles conflitos de interese e transgresións da normativa legal.
5. Crearemos un Rexistro de estudos financiados con fondos públicos, encargados a terceiros externos á administración, de acceso público, cos datos do expediente de contratación que no estean suxeitos a secreto comercial. En todo caso, os estudos financiados con fondos públicos deberán ser accesibles ós órganos administrativos de control.

## PROCURAR A CALIDADE

Os socialistas expresamos o noso compromiso de potenciar a calidade dos servizos municipais buscando a excelencia na nosa xestión municipal e nos servizos ofrecidos.

1. Con este fin, estableceremos un Sistema de Xestión da Avaliación e a Calidade nos distintos Servizos Municipais conforme cos requisitos da norma internacional UNEEN ISO 9001:2000, como forma de incorporar na súa xestión novas metodoloxías e ferramentas de calidade para mellorar a prestación dos diferentes servizos públicos proporcionados aos cidadáns. Comezaremos a súa implantación de forma progresiva pola unidade da Tesourería e a Policía Local do Concello.
2. Para a consecución deste proxecto constituiremos o Comité Municipal Impulsor da Avaliación e a Calidade como órgano garante do Sistema de Calidade.
3. Propoñémonos como obxectivo extender progresivamente ese nivel de esixencia a novos servizos e actividades municipais compromisos de calidade dos servizos cos cidadáns, mediante a elaboración de Cartas de Servizos nos Servizos Municipais con Certificado de Calidade.
4. Poñeremos en marcha Planes de para a Formación dos empregados públicos nas Técnicas para a Calidade na xestión municipal.
5. Simplificaremos e racionalizaremos os procesos de xestión na actividade administrativa. Ao mesmo tempo que melloraremos as Oficinas de Información e Atención ao Cidadán, mediante a elaboración e publicación da Carta de Servizos de Queixas e Suxestións.
6. Elaboraremos o Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions do Concello de Santiago e promoveremos a eficiencia nas comunicacións e xestións intraorganizativas, a través da posta en marcha do Intranet.
7. Así mesmo, poñeremos en marcha a Área de Avaliación dos Servizos Municipais, coa misión de impulsar, dirixir, dar seguimento e avaliar o desenvolvemento e implantación dos distintos Sistemas de Xestión da Calidade Municipais.
8. Ampliaranse os servizos de resposta inmediata, identificando e preparando os servizos susceptibles de ver reducido o seu tempo de execución, e establecendo unha carta de compromisos (Cartas de Servizos) na que se determinen aqueles servizos que poden ser facilitados con resolución inmediata e no mesmo acto, servizos que poden ser resoltos en menos de 48 horas, e por último servizos que serán resoltos en menos de 10 días. En concreto: Comprometémonos a que no primeiro ano de mandato presentárase a Carta de

Servizos da unidade de Tesorería do Concello, ampliándoo a novas áreas como servizos sociais e urbanismo.

9. Implantaranse máis medidas de proactividade, o que significa o desenvolvemento de iniciativas baseadas na prestación de servizos sen necesidade de que exista unha solicitude ou consulta específica por parte das persoas interesadas. Así, aqueles cidadáns que o soliciten poderán recibir información por SMS sobre a apertura dos prazos de matrícula para os nenos que atopan a idade de escolarización, as datas de matrícula para as actividades deportivas desenvolvidas polo concello e a apertura do prazo para a ITV do seu vehículo.

## FUNCIÓN PÚBLICA

1. Desenvolveremos a carreira profesional dos empregados municipais, de acordo coas previsións do Acordo Regulador, vixente até 2013.
2. Proporemos o desenvolvemento de procesos de valoración segundo factores obxectivos que primen a implicación no traballo, a responsabilidade, e as condicións de traballo (turnicidade, flexibilidade, penosidade, etc.). Así:
3. Impulsaremos procesos de promoción interna que permitan o desenvolvemento da carreira profesional, primando ós máis capaces e os máis implicados, mediante o desenvolvemento de procesos transparentes.
4. Desenvolveremos valoracións de postos de traballo que teñan en conta a responsabilidade, a penosidade, a dimensión do mando e os períodos de atención ao cidadán (turnicidade).
5. Seguiremos a delimitar con claridade os ámbitos políticos e administrativos o de xestión. Potenciaremos unha administración profesionalizada e eficiente diferenciada dos postos políticos.
6. Defenderemos a dignidade destes traballadores, que constitúen o esqueleto do Estado social e que sistematicamente teñen sido denigrados por os distintos grupos de presión có obxectivo de desvalorizalos ante a opinión pública, xustificar as privatizacións e empregar os seus salarios como fondo de reserva para os sucesivos axustes.
7. Promoveremos a implicación plena de todos os servidores públicos na racionalización de procedementos administrativos. O modo de tramitación dos procedementos administrativos e a súa simplificación, a axilidade dos procedementos, a claridade na distribución de competencias, a accesibilidade ó estado de tramitación por parte dos interesados e a coordinación entre as diferentes unidades administrativas que interveñen nun mesmo procedemento, teñen que ser unha preocupación constante dos órganos responsables da organización administrativa, ó igual que a racionalización de procedementos e a calidade dos servizos.

## PROGRAMA DE EQUILIBRIO DAS CONTAS PÚBLICAS: AUSTERIDADE E EFICIENCIA

Os concellos terán nesta lexislatura grandes dificultades económicas, derivadas da caída da actividade inmobiliaria e da construción, da ralentización económica e das dificultades das administracións superiores. Non son tempos para aumentar a presión tributaria con carácter universal nin de incorrer en gastos excesivos. Os responsábeis municipais terán que establecer prioridades de gasto tanto como aplicar as normas tributarias con xeneralidade e equidade.

A estes efectos, propomos establecer para o conxunto do mandato un Programa de Racionalización do Gasto Municipal, a presentar nos primeiros catro meses de goberno, e que deberá conter, cando menos, as seguintes accións:

1. Un Plan de Eficiencia Enerxética Integral, a aplicar ao conxunto dos edificios e servizos municipais e ao alumeadado público.
2. Introducir o criterio de eficiencia enerxética en todo proxecto de urbanización, con independencia do operador que o execute, e no deseño de novos edificios e servizos municipais (transporte público, policía local e outros.) .
3. Unha análise das posibilidades de aforro nas principais partidas do gasto corrente ordinario que permita un uso máis eficiente do mesmo.
4. A emisión das facturas informativas nos servizos municipais subsidiados, para concienciar aos usuarios dos mesmos dos custes nos que incorre o conxunto da sociedade.
5. Unha avaliación dos principais servizos, para proceder a detectar a adaptación á nova situación que permita tirar máis partido ou proceder a aforros.
6. Introducir o compromiso de que todo novo programa de actuación ou servizo a crear deberá ser acompañado por unha memoria que avalíe o seu impacto económico financeiro, a elaborar pola Oficina Orzamentaria, e incorpore un elevado grado de autofinanciamento.
7. Unha revisión das taxas e prezos públicos a aboar polos principais servizos municipais, para garantir unha utilización racional dos servizos polos usuarios.
8. O Concello debe exercer como catalizador da actividade das diferentes administracións, para evitar a descoordinación que ten lugar en moitas ocasións ante a falta de comunicación entre as mesmas. O Concello, como a administración máis próxima á cidadanía debe ser o que recolla as necesidades e carencias e o transmita á administracións competentes para

conseguir unha acción coordinada e efectiva. Dita labor é esencial para optimizar os recursos.

9. Un Plan de Mellora Organizativa, que avance na conformación de áreas funcionais integradas, para eliminar duplicidades no funcionamento da administración e nos programas de gasto.
10. A creación, a custe cero, da Oficina Orzamentaria, cun ámbito que cubra todas as fases do ciclo orzamentario, así como para avaliar economicamente os procesos de contratación e as concesións administrativas introducindo, no posible, a difusión da información a través de Internet.
11. Unha revisión do tamaño do goberno municipal e unha redución de gastos no persoal eventual.
12. Un Plan de racionalización de espazos, que permita concentrar funcionalmente aos servizos municipais, reducindo gastos como alugueres ou conserxería. Este Plan incorpora necesariamente unha negociación coa USC para a disposición do espazo que permita centralizar os servizos municipais nun único edificio no entorno de Galeras.

## **6. COMPOSTELA, CAPITAL**

Hai catro anos propoñíamos consolidar a relevancia de Santiago de Compostela para Galicia converténdoa en porta da Galicia dinámica e innovadora, centro dun hinterland amplo e dunha comarca viva e en crecemento, ademáis do despregue das consecuencias fácticas do seu estatus xurídico como Capital de Galicia. Estas ideas seguen vixentes.

O balance destes catro anos é compensado: moi satisfactorio en termos de infraestruturas, cos avances en materia de vías de comunicación terrestre, ferroviaria e aérea; e de menores avances en termos institucionais. Compre ter en conta os avances e as frustracións á hora de formular as nosas propostas para os vindeiros anos, que organizamos nos dous eixos citados:



## **INSTITUCIONAL**

1. Desenvolver plenamente o Estatuto da Capitalidade, con especial atención a un réxime de financiamento que contemple a integridade dos custes da capitalidade.
2. Incluír no Estatuto de Autonomía de Galicia a condición de capital de Compostela, como é habitual nas restantes comunidades autónomas.
3. Radicar en Compostela delegacións de todas as consellerías da Xunta de Galicia, que permita evitar o desprazamento á hora de efectuar xestións, aos habitantes de Compostela e da súa área de influencia.
4. Preservar o papel do Consorcio da Cidade, como instrumento de colaboración entre institucións para a salvagarda e recuperación dos valores patrimoniais da cidade histórica que ten a condición de Patrimonio da Humanidade.
5. Colaborar coa USC para convertela nunha institución recoñecida internacionalmente en docencia e investigación, como concretamos ao longo de moitos dos apartados do programa. Singularmente, plena cooperación no proxecto de CampusVida, recoñecido polo Ministerio de Educación.
6. Compostela está insuficientemente dotada en materia xudicial. Tradicionalmente, a administración de xustiza construíu a súa planta xudicial da mao das provincias e aínda hoxe, resúltalle moi difícil aceptar que unha nova realidade, autonómica está presente, e que o propio peso demográfico e económico fai inviable ese centralismo provincial. Compre conseguir a colaboración da administración central e autonómica na redefinición dunha nova planta xudicial que atenda as demandas mínimas de Compostela. En consecuencia, propomos o reforzamento da planta xudicial de Santiago, atendendo ao desenvolvemento da cidade e do sur da provincia de A Coruña. En concreto
  - \* Crear dous novos xulgados da xurisdicción contencioso-administrativa
  - \* Por en marcha unha Sección da Audiencia en Compostela
  - \* Por en marcha un xulgado do mercantil que dea servizo a toda o sur da provincia de A Coruña.
  - \* Por en marcha o novo edificio dos xulgados, dotado de aparcamento.
  - \* Está en marcha un proceso legal de creación de Tribunais de instancia, que incluírían nunha localidade o conxunto dos xulgados existentes, de xeito integral, coa constitución de seccións funcionais especializadas. Neste contexto, demandaremos a rápida implantación en Compostela do Tribunal de Instancia, que permitiría solventar de xeito máis doado as reclamacións anteriores.

6. Impulsar a participación municipal na xestión da terminal aeroportuaria de Lavacolla, nun momento en que está en discusión o seu modelo de xestión, para contribuír a colocalo ao servizo do proxecto cidadán de Compostela, reforzando o seu papel central en Galicia.

7. Impulsar a articulación política da comarca, utilizando os instrumentos previstos na lexislación local. En concreto, é imprescindible, dada a configuración do hábitat, privilexiar a constitución do Consorcio Metropolitano de Transporte, para unha política de transportes ambiciosa e innovadora. Así como establecer estratexias combinadas noutras áreas (benestar social, equipamentos deportivos e socioculturais, etc.) ou por medio de proxectos concretos que atendan á realidade física: revalorización do Sar ou do Tambre, por exemplo.

8. Contribuír á conformación da Cidade da Cultura como un gran proxecto para o futuro de Galicia, axudando a integralo fisicamente na cidade, a incorporalo á imaxe de marca de Compostela e Galicia e a artellar o seu proxecto cultural, tal e como detallamos noutros apartados do programa por medio de propostas concretas.

9. Establecemento dunha estratexia de relación turística privilexiada con Vilagarcía de Arousa, como capital do Salnés, que a conforme como Porto de Compostela.

## DE INFRAESTRUTURAS

1. Hai grandes proxectos de infraestruturas nun estado avanzado. O seu remate está garantido nos vindeiros meses. Trátase de velar para que non haxa retrasos inxustificables así como establecer accións complementarias que permitan sacarlle rendemento a estes novos activos.
  - Referímonos ao remate da remodelación case integral do aeroporto de Lavacolla, cunha nova terminal que poderá prestar servizo a catro millóns de viaxeiros, reutilizando a vella terminal e promovendo o parque empresarial previsto en Lavacolla.
  - Pero tamén ao Eixo Atlántico de Alta velocidade (que debería proulongarse até Lisboa) e ao remate do AVE a Ourense neste ano 2011, que convertirá a Compostela no nó ferroviario central da alta velocidade galega e situará a cinco cas oito cidades máis populosas de Santiago na isócrona de media hora. E que debe ser seguida pola continuidade da conexión coa Meseta, a rematar na contorna de 2015.
  - Debemos impulsar decididamente a construción da estación intermodal prevista (estación termo da Rede Europea de Alta Velocidade e de conexión coa Rede de Velocidade Alta do Eixo Atlántico, coa Terminal de Autobuses Interurbanos) e anticipar a realización da liña do metro lixeiro que a conectaría directamente co aeroporto.
  - Así como a construción da Estación de Mercadorías de Santiago no Parque Empresarial de A Sionlla
  - Pero tamén, desde finais deste ano, debemos aproveitar o remate da conexión de alta velocidade con Ourense para celebrar o avance na articulación interior de Galicia.
  - E impulsar o remate da autovía Santiago.- Lugo, que completa a conexión con autovía ou autopista de xeito directo co resto das cidades de Galicia nos prazos previstos; e o remate da Transcantábrica A-8
2. Pero debemos facer avanzar os proxectos de infraestrutura comprometidos e que son de enorme interese para Compostela. En relación coa administración xeral do estado, destacamos dúas:
  - A duplicación da AP 9 a oito carrís no seu tránsito polo concello de Compostela, que debe garantir ademais, en colaboración coa Xunta de Galicia, a adecuada conexión coa Cidade da Cultura así como unha nova saída Santiago Norte-Norte que conecte co Orbital de Compostela.
  - A nova depuradora, que debe ser licitada de inmediato.

3. Para completar a articulación da comarca de Compostela demandaremos nos vindeiros anos:
  - A duplicación da N 550 ao oeste do Monte Pedroso, de Sigüeiro á Picaraña
  - A realización da previsión do Plan MOVE para conectar adecuadamente As Galanas e Cacheiras.
  - A realización do chamado Orbital entre A Sionlla e San Marcos, que conectaría os polígonos industriais do norte de Compostela entre sí, coa autoestrada AP 9 e coa autovía a Lugo e Lavacolla.
  - A inmediata realización da variante de Aradas, que ligará o Polígono do Tambre coa estrada de Santa Comba.
  - Tras a ampliación de carris no treito Ponte San Lázaro – Avda. de Asturias e a inmediata inauguración do Túnel do Hórreo – Avda. de Lugo, compre abordar a duplicación do enlace de acceso ao Polígono do Tambre.
  - Remodelación da glorieta alta de Fontiñas e execución do acceso desde ela á Cidade da Cultura.
  - Impulsar a construción do paso inferior da rotonda de Conxo.
  - A consolidación de catro carrís no vial Sar- Pontepedriña, coa incorporación dunha nova rotonda que dea acceso á Estación Intermodal
  
4. Para articular máis eficazmente o hinterland máis amplo de Compostela é preciso impulsar as seguintes iniciativas:
  - A conexión entre Compostela e a Costa da Morte, prevista no Plan MOVE, que debería iniciarse neste mandato.
  - A recepción pola Xunta de Galicia da estrada Compostela- Carballo, que permitiría o seu reacondicionamento.
  - Completar a autovía a Noia e Á Estrada, ao longo deste mandato.
  - Efectuar un tratamento homoxéneo dos viaxeiros por autoestrada/ autovía ao longo do eixo Santiago- Ourense, evitando a discriminación que hoxe experimentan os que viaxan entre Lalín e Compostela.